

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 30 de novembro DE 2018**

Orde do día da sesión plenaria ordinaria que terá lugar o venres, 30 de novembro de 2018, ás DOCE horas.

ASUNTOS

* Declaración institucional con motivo do 25 de novembro, Día internacional da eliminación da violencia contra as mulleres

* Declaración institucional con motivo da celebración do 70 aniversario da Declaración universal dos dereitos humanos (1948-2018)

Actas

1.-Aprobación das actas das sesións anteriores seguintes: ordinaria número 13/18, do 26 de outubro e extraordinaria número 14/18, do 21 de novembro.

2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia desde o 23 de outubro de 2018 ata o 26 de novembro de 2018.

3.-Toma de coñecemento da concesión do Premio Otero Pedraio 2018.

4.-Proposición da presidencia sobre cambio de data do Pleno ordinario correspondente ao duodécimo mes do ano 2018.

5.-Proposición da presidencia sobre nomeamento de representante da Deputación na Comisión provincial de violencia xénero da Coruña.

Comisión de Cultura e Normalización Lingüística

6.-Concesión da subvención nominativa á Universidade da Coruña para financiar a Programación cultural e de divulgación do coñecemento científico do ano 2018 e aprobación do correspondente convenio.

7.-Concesión de subvención nominativa á Asociación Amigos da Ópera da Coruña para financiar a Programación lírica da Coruña 2018 e aprobación do correspondente convenio.

8.-Concesión de subvención nominativa á Universidade de Santiago de Compostela para financiar a *Programación para fomento da educación, a investigación, a transferencia do coñecemento e as actividades culturais, artísticas e científicas no ano 2018* e aprobación do correspondente convenio.

9.-Concesión de subvención nominativa á Asociación Cultural Correlingua para financiar o *Correlingua 2018. A lingua non para!* e aprobación do correspondente convenio.

10.-Concesión de subvención nominativa á Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG) para financiar a *ampliación e actualización de contidos da historia da literatura galega na web* e aprobación do correspondente convenio.

11.-Concesión de subvención nominativa ao Concello de Santiago de Compostela para financiar a posta en marcha do Espazo Educativo e de Lecer "María Miramontes" e aprobación do correspondente convenio.

12.-Concesión de subvención nominativa ao Auditorio de Galicia para financiar a Programación anual 2018 e aprobación do correspondente convenio.

13.-Concesión de subvención nominativa á Asociación Academia Galega do Audiovisual para financiar os XVI Premios Mestre Mateo, os II Premios María Luz Morales e aprobación do correspondente convenio.

Comisión de Deportes e Mocidade

14.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Obradoiro Club Amigos do Baloncesto SAD correspondente á subvención nominativa concedida para financiar a participación na liga Endesa e na Liga ACB, no ano 2017.

15.-Aprobación do Regulamento de uso e funcionamento do pavillón polideportivo "Calvo Sotelo".

Comisión de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade de Xénero

16.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Profesor Novoa Santos para financiar o programa de exercicio con marcha nórdica para a mellora da fragilidade nos adultos maiores.

17.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a entidade Mulleres colleiteiras sociedade cooperativa galega (F70457981) para financiar o equipamento para o desenvolvemento da actividade de valorización de aceite vexetal usado.

Comisión de Promoción Económica e Emprego

18.-Aprobación do convenio entre a Deputación da Coruña e o Concello da Camariñas para financiar o proxecto "XXVII Mostra do Encaixe de Camariñas 2018".

19.-Aprobación do convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Brión para financiar o proxecto "Espazo colaborativo transformando en Brión" dentro da liña 2.3 PEL-EMPRENDE 2018 do Plan de emprego local 2016-2019 (PEL)

20.-Aprobación do convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Boiro para financiar o proxecto "Programa de Formación Aceleración Emprnde-Lab Barbanza" dentro do marco do Plan de emprego local 2016-2019 (PEL)

21.-Aprobación do convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Carballo para financiar o proxecto "Deseño e creación dun espazo de traballo colaborativo no Concello de Carballo" dentro do marco do Plan de emprego local 2016-2019.

22.-Aprobación do convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club Financeiro Atlántico para a tramitación do proxecto "Mobile Week A Coruña (MWAC)".

Comisión de Infraestruturas viarias, vías e obras provinciais

23.-Aprobación do Plan de sendas peonís 2018, 2ª fase: senda peonil na DP 3404 a Serra de Outes a Dumbría, P.K. 14+820 a 16+100 e P.K. 18+360 a 19+600. (Mazaricos).

24.-Aprobación do Plan de conservación de vías provinciais 2018, 5ª fase: Mellora do CRT na DP 5813 Oleiros a Sada do P.K. 2+000 ao 5+000 (Sada).

25.-Aprobación do Plan de vías provinciais 2018, 7ª fase: Mellora da seguridade viaria na DP 4901 San Ramón á Estrada As Somozas (Moeche) e Mellora da seguridade viaria na DP 3903 Tarreo do Blanco a Vilamateo por Ambroa (Vilarmaior), e inicio dos trámites para a expropiación dos bens e dereitos afectados para a execución das obras: Mellora da seguridade viaria na DP 4901

26.-Aprobación provisional do proxecto de Mellora da seguridade viaria na DP 4603 do P.Q. 7+600 ao P.Q. 10+400 (Santiso).

27.-Aprobación da formalización dun convenio administrativo co Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA), para cofinanciar o "Programa de educación, formación e divulgación ambiental para a defensa e posta en valor do patrimonio natural no ano 2018".

28.-Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración coa Fundación Santiago Rey Fernández Latorre, para o cofinanciamento do Proxecto "Voz Natura 2018".

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento

29.-Aprobación da formalización e o texto do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cambre polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de mellora do parque infantil leste da Barcala.

30.-Aprobación da formalización e o texto do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ponteceso polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de acondicionamento de viarios municipais do Concello de Ponteceso.

31.-Aprobación da formalización e o texto do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Valdoviño polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da "Xestión dos areas do Concello de Valdoviño: servizo de socorrismo, mantemento e adecuación de acceso ás praias".

32.-Aprobación da formalización e o texto do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Mañón polo que se instrumenta

unha subvención nominativa para o cofinanciamento da obra o camiño Ponte Ribeiras do Sor a límite da provincia de Lugo.

33.-Aprobación da formalización e o texto do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Rianxo polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de instalación dun ascensor no edificio municipal Centro Social Liceo.

34.-Aprobación da formalización e o texto do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de San Sadurniño polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de conservación e mellora da accesibilidade do Castelo de Narahío.

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Asistencia a Municipios, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico

35.-Aprobación do proxecto modificado da obra “Rede de sumidoiros e fecais na praza Enrique IV” do Concello de Betanzos incluída no Plan de Acción Social (PAS) 2015 4ª e derradeira fase (código 2015.3110.0219.0)

36.-Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado “Mellora da contorna do local social de Nantón (2ª fase)”, do Concello de Cabana de Bergantiños, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 co código 2018.2200.0414.0, e aprobación definitiva do investimento

37.-Aprobación da modificación do proxecto da obra denominada “Rehabilitación do antigo Cine París para centro cultural, 1ª Fase” do Concello de Muros, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 co código 2018.2100.0032.0, e aprobación definitiva desta obra

38.- Aprobación do proxecto modificado da obra "Construción de beirarrúas na AC-163, Rúa do Golfiño", do Concello de Oleiros incluída no POS+ADICIONAL 1/2018 (2ª FASE) co código 2018.2001.0769.0, e aprobación definitiva desta obra

39.-Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado “Acondicionamento parcial da casa consistorial”, do Concello de Oroso, incluído no Plan de aforro e investimento (PAI) 2016 co código 2016.3290.0052.0

40.-Aprobación do proxecto modificado da obra denominada “Cuberta da piscina municipal de Oroso” do Concello de Oroso, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 co código 18.2200.0454.0, e aprobación definitiva desta obra.

41.-Aprobación do proxecto modificado da obra "Instalación baixa tensión pavillón polideportivo Ortigueira", do Concello de Ortigueira incluída no POS+ADICIONAL 1/2018 (2ª FASE) co código 2018.2001.0771.0, e aprobación definitiva desta obra.

42.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Consorcio de Turismo e Congresos da Coruña para o financiamento do “Sal Festival Sabores Atlánticos A Coruña”

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas e Réxime Interior

43.-Aprobación da información sobre o período medio de pago a provedores a que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de outubro de 2018 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación e polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña entre o 1 e o 31 de outubro de 2018.

44.-Aprobación do informe sobre o estado de execución orzamentaria a 31/10/2018 e proxección a 31/12/2018.

45.-Aprobación da información rendida ao Ministerio de Facenda e Administración Públicas en cumprimento do artigo 16 da Orde HAP/2105/2012 do 1 de outubro. Execución terceiro trimestre exercicio 2018 na Deputación Provincial da Coruña e no Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña, e do estado consolidado.

46.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia número 34.871 do 16/10/2018, de cesamento de persoal eventual.

47.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia número 38.989 do 13/11/2018, de nomeamento de persoal eventual.

48.-Aprobación da modificación das bases e criterios de distribución da produtividade establecidos polo acordo plenario do 28 de outubro de 2016.

49.-Aprobación da formalización e o texto do convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e UNICEF-Comité Autonómico para Galicia, correspondente á subvención nominativa para paliar os efectos do recente sismo e posterior tsunami acaecido en Indonesia o 28.09.2018.

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓNS

-Moción do Grupo Provincial de Alternativa dos Veciños denunciando a carencia de investimento do Estado nas infraestruturas da comarca da Coruña.

-Moción do Grupo Provincial Popular para garantir o mantemento da actividade nas centrais de Meirama e As Pontes.

-Moción do Grupo Provincial Socialista e o Grupo Provincial do BNG-Asembleas Abertas sobre a política do Goberno galego en relación co financiamento das entidades locais.

-Moción do Grupo Socialista da Deputación Provincial da Coruña en relación coas centrais térmicas das Pontes e Cerceda.

ROGOS E PREGUNTAS

D. JOSÉ MANUEL PEQUEÑO CASTRO	PSOE
D. XOSÉ REGUEIRA VARELA	BNG
D. MANUEL RIVAS CARIDAD	PP
D. LUIS RUBIDO RAMONDE	PP
D ^a M ^a GORETTI SANMARTÍN REI	BNG
D. XESÚS MANUEL SOTO VIVERO	BNG
D. CARLOS VÁZQUEZ QUINTIÁN	PP
D ^a . TERESA VILLAVERDE PAIS	PP

Actúa como secretario, don José Luis Almu Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e catorce minutos, o Sr. Secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

Sr. presidente

Comezamos a sesión do Pleno con dúas declaracións institucionais. A primeira con motivo do 25 de novembro, Día internacional da eliminación da violencia contra as mulleres.

Sr. secretario

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL, CON MOTIVO DO 25 DE NOVEMBRO, DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

Vendo as cifras de asasinatos machistas das últimas décadas non queda dúbida de que a violencia machista é un dos máis graves problemas ao que nos enfrontamos hoxe en día na nosa sociedade.

Nos últimos tempos fomos avanzando na visibilización dalgunhas violencias contra as mulleres grazas ao traballo de mobilización e concienciación dos diferentes movementos de mulleres. Porén temos que seguir avanzando, tamén nas institucións, e non podemos caer na falsa imaxe de que porque sexa máis visible do que anos atrás ou haxa un marco legal máis amplo é suficiente. É preciso reparar e enfrontar todo tipo de violencias, desde a máis extrema que pon en perigo a nosa saúde mental e física ata outro tipo de violencias como a presión estética, a violencia obstétrica e tratos inadecuados no marco da sanidade ata a violencia económica que sofren as mulleres neste contexto de emerxencia social, por teren as peores taxas de desemprego e precariedade, padeceren a desigualdade salarial e ocuparen a maioría

dos traballos non asalariados. Para todas estas cuestións, as institucións poden e deben axudar a responder e a paliar as súas consecuencias.

A loita contra este tipo de violencias debe ser unha prioridade institucional e política para as administracións de todos os niveis de goberno polo que é preciso un consenso institucional, político e social así como a coordinación entre as diferentes administracións con competencia na materia. Para acadala é preciso comprometer ás institucións a destinar maiores recursos económicos, humanos e materiais para tal fin. Só no que vai de 2018 foron asasinadas en España, 43 mulleres e 8 menores, só en Galicia tres mulleres, unha situación insostible para calquera sociedade que se considere democrática, pois estamos a falar do máis elemental dos dereitos humanos, o dereito á vida.

Nos últimos anos somos testemuñas dos notables avances producidos neste eido, desde a Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e a Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, ata o Pacto de Estado contra a violencia de xénero, que supuxo un grande avance na unión de partidos políticos, administracións, institucións e organizacións na formulación de medidas para erradicación da violencia de xénero. Neste prevíase o reparto dos 100 millóns destinados á loita contra a violencia machista, correspondentes ás Comunidades e cidades autónomas, a distribución do fondo procedente da Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero de 9,5 millóns de euros e a aprobación dos criterios para o reparto dos 20 millóns de euros contemplados para os concellos.

Por todo isto, a Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

- 1.-Expresar o recoñecemento da Corporación ás históricas mobilizacións desenvolvidas polo feminismo galego durante o 2018 así como o apoio ás mobilizacións que impulsen as organizacións feministas galegas.
- 2.-Instar ao Goberno do Estado a incrementar os fondos destinados ao cumprimento do Pacto de Estado en materia de violencia de xénero.
- 3.-Que o Goberno continúe impulsando as medidas recollidas no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero nos ámbitos: educativo, social, xurídico, económico, de protección, de concienciación e de sensibilización social.
- 4.-Demandar ao órgano competente do Goberno do Estado a creación dunha unidade de Violencia Machista específica na Comunidade Autónoma encargada de facer cumprir a lexislación en materia de violencia machista para impulsar xulgados específicos de violencia de xénero, promover medidas destinadas ao tratamento integral da violencia sexual como forma de violencia machista e garantir formación en violencia de xénero de todo o persoal que intervén no proceso xudicial.

Sr. presidente

Hai outra declaración institucional con motivo da celebración do 70 aniversario da Declaración universal dos dereitos humanos.

Sr. secretario

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO 70 ANIVERSARIO DA DECLARACIÓN UNIVERSAL DOS DEREITOS HUMANOS (1948-2018)

O 10 de decembro de 1948 a Asemblea Xeral das Nacións Unidas aprobou a Declaración Universal dos Dereitos Humanos. Un documento histórico e de plena vixencia que proclamou os dereitos inalienables inherentes a todos os seres humanos, sen importar a súa raza, color, relixión, orientación sexual, idioma, opinións políticas ou de outra índole, lugar de nacemento, propiedades, orixe social ou calquera outra condición.

Estes dereitos fundamentais, como son a liberdade, a xustiza, a seguridade, a educación, a vivenda, a asistencia sanitaria, a igualdade ante a lei, entre outros, deben ser protexidos polos Estados, garantes do cumprimento da lei nos seus territorios.

Nestes principios do S.XXI o mundo unha vez máis está a vivir a guerra, a fame, a violencia, a inseguridade,.. e a resposta non pode ser outra que a aplicación universal dos Dereitos Humanos. As actitudes e lexislacións dalgúns Estados están moi lonxe do respecto a estes dereitos fundamentais, por iso é imprescindible seguir a reivindicar a vixencia desta Declaración 70 anos despois da súa aprobación.

Nos últimos anos estamos a ver como se vulneran a cotío os dereitos das persoas vulnerables, á igualdade, á liberdade, a saír do propio país e poder regresar, á educación, á vivenda, á asistencia sanitaria, á liberdade de pensamento e de conciencia,... As imaxes golpean cada día as nosas consciencias dende as praias do Mar Mediterráneo, pero tamén dende a fronteira de México con Estados Unidos, dende Siria, nos campos de persoas refuxiadas de Grecia, Kenia, Xordania ou Pakistán.

As persoas que foxen da fame, da violencia, da opresión política, da tortura, da guerra, non é que busquen un futuro mellor, é que buscan un futuro. E ante esta situación os Estados constrúen muros para non deixalas pasar, e cando conseguen entrar o trato co que se atopan é contrario ao que a Declaración de Dereitos Humanos defende. Atópanse con políticas agresivas, sen permisos de residencia, sen dereito á vivenda, á educación, ao traballo, aos dereitos básicos para que unha persoa poda desenvolver a súa vida con dignidade.

Por iso queremos facer fincapé no compromiso da corporación coa vixencia da Declaración Universal dos Dereitos Humanos neste 70 aniversario da súa promulgación, e animamos a todos os Concellos da provincia da Coruña á celebración deste día e na promoción máxima deste documento, probablemente o máis influente do S.XX, sobre todo entre a mocidade, para que a fagan súa e esixan ás institucións públicas a que a cumbran.

**1.-APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES SEGUINTE:
ORDINARIA NÚMERO 13/18, DO 26 DE OUTUBRO E EXTRAORDINARIA
NÚMERO 14/18, DO 21 DE NOVEMBRO.**

Apróbanse por unanimidade as actas da sesións anteriores: ordinaria número 13/18, do 26 de outubro e extraordinaria número 14/18, do 21 de novembro.

**2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA
PRESIDENCIA DESDE O 23 DE OUTUBRO DE 2018 ATA O 26 DE NOVEMBRO
DE 2018.**

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, desde o 23 de outubro de 2018 ata o 26 de novembro de 2018.

**3.-TOMA DE COÑECEMENTO DA CONCESIÓN DO PREMIO OTERO PEDRAIO
2018.**

O Pleno toma coñecemento da concesión do Premio Otero Pedrayo 2018.

**4.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE CAMBIO DE DATA DO PLENO
ORDINARIO CORRESPONDENTE AO DUODÉCIMO MES DO ANO 2018.**

Procédese a votar a ratificación da inclusión na orde do día, que é aprobada por unanimidade, e seguidamente vótase e apróbase por unanimidade a seguinte proposición da Presidencia:

"Don Valentín González Formoso, presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que o artigo 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), conforme á redacción introducida pola Lei 11/1999, do 21 de abril, ordena que o Pleno das deputacións provinciais celebre sesión ordinaria como mínimo cada mes e que, por outra banda, o artigo 35 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúe ao Pleno a decisión sobre o réxime de sesións da Corporación provincial.

Tendo en conta que a sesión ordinaria do Pleno de decembro de 2018 correspondería celebrala o día 28 dese mes, durante as festas de Nadal, e que esta circunstancia non permite unha axeitada preparación dos asuntos que se terían que someter ao Pleno na data prefixada.

Polo tanto e como excepción singular do réxime ordinario establecido en sesión do 4 de agosto de 2015.

PROPÓN AO PLENO, previa ratificación da inclusión na orde do día consonte aos artigos 71.2 e 65.3 do Regulamento orgánico, a adopción do seguinte acordo:

A sesión ordinaria do Pleno da Deputación Provincial da Coruña correspondente ao duodécimo mes de 2018 celebrárase o día 21 de decembro, venres, a partir das doce horas”.

5.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DA DEPUTACIÓN NA COMISIÓN PROVINCIAL DE VIOLENCIA XÉNERO DA CORUÑA.

Procédese a votar a ratificación da inclusión na orde do día, que é aprobada por unanimidade.

Seguidamente procédese a votar a proposición da Presidencia.

VOTACIÓN

Votan a favor: 18 deputados (8 do PSOE, 5 do BNG, 3 de Marea Atlántica, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 13 deputados (PP)

ACORDO

O Pleno, por maioría,cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, acorda:

"Don Valentín GONZÁLEZ FORMOSO, presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que o artigo 35 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúe ao Pleno a competencia para o nomeamento de representantes da Corporación en toda clase de órganos colexiados nos que deba estar representada, sen prexuízo da atribución xeral de representar á Deputación, conferida ao Presidente pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL, art. 34.1.b) e das delegacións específicas da Presidencia que circunstancialmente puideran facerse,

Resultando que o presidente da Audiencia Provincial da Coruña informa da constitución da Comisión Provincial de Violencia Xénero da Coruña en desenvolvemento do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e de que esa comisión poderá formar parte un membro designado por esta Deputación Provincial,

En consecuencia,

PROPÓN AO PLENO, previa ratificación da inclusión na orde do día consonte cos artigos 71.2 e 56.4 do Regulamento orgánico, a adopción do seguinte acordo:

Nomear representante da Deputación Provincial da Coruña na Comisión Provincial de Violencia Xénero da Coruña á deputada provincial e vicepresidenta desta Deputación, dona Goretti Sanmartín Rei.

A deputada designada informará sobre o funcionamento da comisión na que participa en representación da Deputación, así como sobre a súa propia actividade no seu seo, sempre que sexa requirida polo Pleno, polo presidente ou pola Xunta de Goberno e periodicamente nos termos que estableza o regulamento orgánico".

6.-CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA FINANCIAR A PROGRAMACIÓN CULTURAL E DE DIVULGACIÓN DO COÑECEMENTO CIENTÍFICO DO ANO 2018 E APROBACIÓN DO CORRESPONDENTE CONVENIO.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa á Universidade da Coruña, por importe de **103.000 €**, concedida para financiar a *Programación cultural e de divulgación do coñecemento científico para o ano 2018* cun orzamento subvencionado de 128.750,00 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 26 de outubro de 2018.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2019, autorice o correspondente Orzamento.

"Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña para financiar a *Programación cultural e de divulgación do coñecemento científico do ano 2018*

Na Coruña,

REUNIDOS

Don/a _____, en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Don/a _____, en representación da Universidade da Coruña (en diante UDC).

EXPOÑEN

Que a UDC é unha entidade de dereito público que ten atribuída por lei a prestación do servizo público de educación superior no ámbito territorial da provincia da Coruña, e de acordo co artigo 1º dos seus Estatutos, son funcións da universidade ao servizo da sociedade:

* A creación, desenvolvemento, transmisión e crítica da ciencia, da técnica e da cultura.

* A difusión, a valorización e a transferencia do coñecemento ao servizo da cultura, da calidade da vida e do desenvolvemento económico.

* A difusión do coñecemento e da cultura a través da extensión universitaria e da formación ao longo de toda a vida.

Que a UDC a través da Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria, ten entre as súas funcións a promoción e a difusión das actividades culturais e da difusión da cultura científica e dos coñecementos entre a sociedade galega, e máis concretamente na contorna da provincia da Coruña, polo que vén traballando dende hai tempo no desenvolvemento de actividades de divulgación científica e cultural

Que a Deputación da Coruña ten entre os seus obxectivos o fomento da educación e a programación e subvención das actividades culturais, artísticas e científicas, en colaboración con outras entidades e organismos, para contribuír de maneira sustentable ao avance do coñecemento e o benestar social.

Que a Deputación da Coruña e a UDC desexan formalizar a súa colaboración no ámbito da educación, a investigación, a transferencia do coñecemento, as actividades culturais, artísticas e científicas, nun novo convenio marco que favoreza o entendemento entre as partes e axilice os procesos.

En virtude do exposto, e dando cumprimento á vontade das entidades ás que respectivamente representan, os comparecentes outorgan neste acto o presente convenio de colaboración, e acordan formalizar o presente convenio que se rexe polas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña (NIF: Q6550005J) para financiar parcialmente os gastos derivados da **Programación cultural e de divulgación do coñecemento científico do ano 2018**.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

A UDC desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

Xornadas sobre divulgación

Material	3.800 €
Conferenciantes	1.200 €
Publicidade e promoción	1.000 €
Músicos	3.000 €

Compartir experiencia e coñecemento

Profesores	1.080 €
Material funxible (carpetas, bolígrafos, ...)	500 €
Publicidade e promoción	200 €
Desprazamentos	1.220 €

Promoción das vocacións científicas entre a sociedade da provincia da Coruña

Material	1.500 €
Monitores	1.000 €
Transporte	500 €
Publicidade e promoción	150 €

III Expociencia

Premios	1.200 €
Imprenta	200 €
Material exposición	800 €

Actividades de intervención cultural

Aulas de Danza	
Material para las obras	1.000 €
Transporte	1.000 €
Monitor	9.600 €
Obradoiros e rotas	
Monitores (pago - taxas recadadas)	12.000 €
Material - Imprenta	300 €
Material funxible	12.000 €
Transporte	3.000 €
Seguros	2.000 €
Músicos	300 €
Coro	10.800 €
Rotas	1.800 €
Conversas coa dirección	2.400 €
I Encontro/residencia de artistas emerxentes	2.500 €
Encontro Eurorrexional de Música e Artes Escénicas	2.200 €
Exposicións (producción, montaxe, seguros, carteis, transporte, ...)	
"Éxodo"	11.100 €
"A Mostra"	1.700 €
"Libertas"	5.000 €
"Mulleres"	1.500 €
"En lembranza de Berta Cáccamo "	12.000 €
Outras propostas	3.200 €

Divulgación dos eventos	6.000 €
Gastos indirectos (correspondente ao persoal da UDC)	10.000 €
Total	128.750 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **103.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **80 %** do orzamento total.

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos, propios ou alleos, acreditando a UDC que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á UDC.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80%, da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/326.9/ 453.90 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á UDC, asumindo, xa que logo, as conseguíntes responsabilidades, as actividades necesarias para a realización da *Programación cultural e de divulgación do coñecemento científico do ano 2018* referido neste convenio.

De conformidade co establecido no artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, autorízase á UDC para que poida concertar a execución parcial

das actividades obxecto da subvención con persoas vinculadas coa entidade, cando os servizos teñan que serlles encomendados pola súa especialización e idoneidade para o correcto desenvolvemento das actividades.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera os 15.000 €, con carácter previo á contratación, a UDC deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- A Deputación da Coruña constitúese en organismo patrocinador das actividades sinaladas na cláusula primeira, polo que na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da UDC.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á UDC unha vez que se presente de xeito **telemático** (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* Memoria da actuación, subscrita polo representante legal da UDC, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2018.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Declaración de se a entidade está ou non exenta do IVE.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2018, como máximo.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a UDC deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2019**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á UDC para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto; aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á UDC da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116 do luns, 22 de xuño do 2.015) lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola UDC na documentación subministrada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a UDC terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A UDC deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social.

Para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A UDC destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a UDC deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a UDC poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a UDC queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial reguladora do

control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116 do luns, 22 de xuño do 2.015).

3.- Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116 do luns, 22 de xuño de 2015).

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da UDC serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, en tanto non se opoña ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se Derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos).

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á UDC será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de marzo de 2019** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2018.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio 2019, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da UDC, realizada polo menos un mes antes da fin da vixencia do convenio, este poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos informes da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e

Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ----

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

7.-CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ASOCIACIÓN AMIGOS DA ÓPERA DA CORUÑA PARA FINANCIAR A PROGRAMACIÓN LÍRICA DA CORUÑA 2018 E APROBACIÓN DO CORRESPONDENTE CONVENIO.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa á Asociación Amigos da Ópera da Coruña por importe de **135.000 €**, concedida para financiar a *Programación lírica da Coruña 2018*, cun orzamento subvencionado de 485.000 €, de acordo co texto que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 14 de novembro de 2018.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2019, autorice o correspondente Orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Amigos da Ópera da Coruña para financiar a Programación lírica da Coruña 2018.

Na Coruña,

REUNIDOS

Don/a ----- en representación da Deputación Provincial da Coruña, e

Don/a ----- en representación da asociación Amigos da Ópera da Coruña.

EXPOÑEN

1.- No ano 1952 constituíuse a asociación Amigos da Ópera da Coruña, entidade de carácter cultural e sen ánimo de lucro, cuxo obxecto é o de cultivar e fomentar a ópera, mediante a organización, tanto de representacións, como de todas aquelas actividades que poidan conducir á expansión e coñecemento dela.

O día 1 de febreiro de 1989, e, ao amparo do disposto na Lei de asociacións 191/64, aprobáronse os seus estatutos vixentes e, por acordo da Xunta Xeral do 18 de febreiro de 2003, adecuáronse ao modelo proposto na Lei orgánica 1/2002 do 22 de marzo.

2.- Este ano, A Coruña conmemora unha efeméride moi especial, os 250 anos da creación do seu primeiro teatro de ópera, e con iso, das primeiras representacións líricas celebradas aquí que darían orixe á singular relación desta urbe e a súa provincia coa música ata hoxe.

Ao celebrarse agora os 250 anos da fundación do primeiro teatro lírico na Coruña, Amigos da Ópera propónse dedicar a Programación Lírica de 2018 a lembrar esta efeméride, rescatando ademais a figura de Nicola Setaro como pioneiro da vida musical coruñesa nunha reivindicación singular do que significaron as bases para converter esta cidade na gran urbe musical que hoxe é e o seu desenvolvemento cultural.

3.- Ao mesmo tamén, e froito sen dúbida dese legado, Amigos da Ópera celebra en 2018 o 65 aniversario da fundación do pioneiro Festival de Ópera da Coruña, que comezou a dar os seus pasos en 1952 no Teatro Colón.

4.- De conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, 22 de xullo, de administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura e, en exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña está interesada en contribuír ao patrocinio das actividades de promoción da ópera no ano 2018.

5.- Polas razóns sinaladas e co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas institucións acordan subscribir o presente convenio, conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a asociación Amigos da Ópera da Coruña. (CIF: G15037930) para financiar a **Programación lírica da Coruña 2018** que terá lugar entre os meses de setembro e novembro deste ano, coa seguinte programación:

Óperas

* **“Il Pirata”**, de Vincenzo Bellini.- 8 de setembro, ás 20 h no Pazo da Ópera da Coruña.

* **“Serse”**, de G. F. Händel.- 30 de outubro, ás 20 h no Teatro Colón da Coruña.

Recitais e concertos

Gala Lírica.- Concerto lírico coa Sinfónica de Galicia, o día 22 de setembro, ás 20 h no Teatro Colón da Coruña.

250 anos de ópera na Coruña.- Espectáculo coa mezzo canadense Vivica Genaux e o barítono galego Borja Quiza, o día 29 de setembro, ás 20 h no Teatro Colón da Coruña.

Ciclo “Os nosos intérpretes”.- Recital de Carmen Subrido, soprano o día 3 de novembro, ás 20 h no Teatro Colón da Coruña.

XII Ciclo As novas voces galegas.- Solista por determinar, recital no mes de outubro no Auditorio de Afundación.

III Ciclo de Lírica Inclusiva.- Desenvolverase no mes de novembro, en datas e espazos aínda por determinar. Constará de dous recitais a cargo de mozos cantantes galegos.

Actividades paralelas

Concertos, conferencias, proxeccións e ciclos de cinema, nos meses de setembro e novembro no Auditorio de Afundación.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a asociación Amigos da Ópera da Coruña

A asociación Amigos da Ópera da Coruña desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

Produción da ópera “O pirata”	
Contratación da produción	50.000.-
Contratación do persoal técnico	100.000.-
Cachés de artistas contratados para a ópera	60.000.-
Viaxes, aloxamentos, publicidade e márketing	10.000.-

<i>Subtotal</i>	220.000.-
Produción da ópera “Serse”	
Contratación da produción e persoal	10.000.-
Cachés de artistas contratados para a ópera	90.000.-
<i>Subtotal</i>	100.000.-
Produción da Gala Lírica	
Produción	5.000.-
Cachés de artistas contratados	25.000.-
Viaxes e aloxamentos	3.000.-
<i>Subtotal</i>	33.000.-
Produción do espectáculo “A Coruña: 250 anos de ópera”	
Contratación da produción	15.000.-
Contratación do persoal técnico	10.000.-
Cachés de artistas contratados para a ópera	30.000.-
Viaxes e aloxamentos	5.000.-
<i>Subtotal</i>	60.000.-
Organización do Ciclo “Os nosos intérpretes”	
Produción, cachés artísticos:	10.000.-
<i>Subtotal</i>	10.000.-
Produción do Ciclo “As novas voces galegas”	
Produción	3.000.-
Cachés de artistas contratados	15.000.-
Viaxes e aloxamentos	2.000.-
<i>Subtotal</i>	20.000.-
Organización Ciclo “Lírica inclusiva”	
Produción, cachés artísticos	15.000.-
<i>Subtotal</i>	15.000.-
Organización de actividades paralelas	
Produción, alugueiros de material e cachés artísticos	15.000.-
<i>Subtotal</i>	15.000.-
Outros gastos	
Deseño de programas	4.000.-
Audiovisuais: vídeo e fotografía	8.000.-
<i>Subtotal</i>	12.000.-
<i>Total</i>	485.000 €

III.- Colaboración da Deputación, financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha **achega en metálico**, por importe máximo de **135.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **27,835 %**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 27,835 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3343/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas e doutros ingresos privados que a asociación Amigos da Ópera da Coruña obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas, subvencións ou outros ingresos privados supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

6.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha **achega en especie** por un importe de **10.787,61 €**, correspondente aos gastos de realización na **Imprenta provincial** dos programas das actuacións da Programación Lírica da Coruña 2018.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á asociación Amigos da Ópera da Coruña.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á asociación Amigos da Ópera da Coruña, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a asociación Amigos da Ópera da Coruña deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a *Programación lírica da Coruña 2018*, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da asociación Amigos da Ópera da Coruña.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á *Asociación Amigos da Ópera da Coruña* unha vez que se presente de xeito **telemático** (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* Memoria das actividades realizadas, subscrita polo representante legal da Asociación Amigos da Ópera da Coruña, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2018.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Declaración de se a entidade está ou non exenta do IVE.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2018**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a asociación Amigos da Ópera da Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2019**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á asociación Amigos da Ópera da Coruña para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á asociación Amigos da Ópera da Coruña da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116 do luns, 22 de xuño do 2.015) lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola asociación Amigos da Ópera da Coruña.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a asociación Amigos da Ópera da Coruña terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A asociación Amigos da Ópera da Coruña deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarao esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A asociación Amigos da Ópera da Coruña destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só

excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a asociación Amigos da Ópera da Coruña deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a asociación Amigos da Ópera da Coruña poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a asociación Amigos da Ópera da Coruña queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116 do 22 de xuño do 2.015).

3.- Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116 do 22 de xuño de 2015).

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da asociación Amigos da Ópera da Coruña serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, en tanto non se opoña ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se Derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos).

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á asociación Amigos da Ópera da Coruña será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de marzo de 2019** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2018.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2019, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da asociación Amigos da Ópera da Coruña, realizada polo menos un mes antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na

Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

8.-CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA FINANCIAR A PROGRAMACIÓN PARA FOMENTO DA EDUCACIÓN, A INVESTIGACIÓN, A TRANSFERENCIA DO COÑECEMENTO E AS ACTIVIDADES CULTURALS, ARTÍSTICAS E CIENTÍFICAS NO ANO 2018 E APROBACIÓN DO CORRESPONDENTE CONVENIO.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa á Universidade de Santiago de Compostela, por importe de **140.000 €**, concedida para financiar a *Programación para fomento da educación, a investigación, a transferencia do coñecemento e as actividades culturais, artísticas e científicas no ano 2018* cun orzamento subvencionado de 214.980,00 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 15 de novembro de 2018.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2019, autorice o correspondente Orzamento.

“ Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela para financiar a *Programación para fomento da educación, a investigación, a transferencia do coñecemento e as actividades culturais, artísticas e científicas no ano 2018.*

Na Coruña a

REÚNENSE

Don/a, en representación da Deputación Provincial da Coruña

Don/a, en representación da Universidade de Santiago de Compostela,

MANIFESTAN

Primeiro.- Que a USC ten como obxecto esencial a impartición de docencia, a promoción da investigación científica e técnica, e a transferencia do coñecemento no seu marco territorial de actuación. Neste senso a USC, para o cumprimento dos seus fins, vén desenvolvendo, con recoñecido prestixio, a súa actividade docente, investigadora e de transferencia do coñecemento, estando chamada por razón de esencia, finalidade e obxectivos, a establecer as canles de comunicación que permitan o intercambio do coñecemento científico e cultural das persoas pertencentes ao mundo universitario, formando profesionais, investigadores, profesores universitarios e técnicos útiles á sociedade, en beneficio todo iso da cultura e o benestar social.

Segundo.- Que a Deputación da Coruña ten entre os seus obxectivos o fomento da educación e a programación e subvención das actividades culturais, artísticas e científicas, en colaboración con outras entidades e organismos, para contribuír de maneira sustentable ao avance do coñecemento e o benestar social.

Terceiro.- Que a Deputación da Coruña vén colaborando coa Universidade de Santiago no financiamento de parte das súas actividades culturais, artísticas e científicas, sendo un exemplo deste tipo de colaboración o apoio ao financiamento parcial do Proxecto ESTALMAT-Galicia, o cal ten como obxectivo principal detectar, orientar e estimular, de maneira continuada, o talento matemático en alumnos entre os 12 e os 15 anos; e, desde o ano 2016 contribúe ao financiamento da programación cultural, artística e científica da USC.

Cuarto.- Que a Deputación da Coruña e a USC desexan formalizar a súa colaboración no ámbito da educación, a investigación, a transferencia do coñecemento, as actividades culturais, artísticas e científicas, nun novo convenio que favoreza o entendemento entre as partes e axilice os procesos.

En virtude do exposto, e dando cumprimento á vontade das entidades ás que respectivamente representan, os comparecentes outorgan neste acto o presente Convenio de Colaboración, e acordan formalizar o presente convenio que se rexe polas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela (NIF:

Q1518001A) para financiar parcialmente os gastos derivados da **Programación para fomento da educación, a investigación, a transferencia do coñecemento e as actividades culturais, artísticas e científicas no ano 2018.**

O presente convenio contempla as seguintes liñas de actuación prioritarias, sen prexuízo de que ambas institucións, de mutuo acordo, contemplan outras que puidesen xurdir máis adiante:

1.- Apoio aos programas de detección e captación de talento.

Neste ámbito inclúense, entre outras, as accións dirixidas á captación e detección de talento de estudantes; estarán recolleitos, polo menos,

1.1.- *Proxecto ESTALMAT*- Galicia que busca detectar aptitudes matemáticas avanzadas entre o alumnado de secundaria e proporcionarlles un programa de actividades adaptadas ao desenvolvemento do seu talento.

1.2.- *A Ponte entre a USC e o Ensino Medio* dentro destas accións cabe destacar unha que a Universidade de Santiago de Compostela considera fundamental: a captación dos mellores expedientes procedentes do bacharelato e ciclos formativos.

2.- Apoio á Programación Cultural.

Neste ámbito inclúense, entre outras actividades, as seguintes:

2.1.- Teatro

- Xira da compañía da Aula de Teatro.
- Estrea do espectáculo 2018 da Aula de Teatro
- XXIV Festival Internacional de Teatro Universitario
- XIX Mostra de Teatro Universitario de Galicia

2.2.- Música

- Encontros orquestrais de primavera, verán e Nadal da orquestra da USC.
- Ciclos *Oculto Polifonía* (sonatas e partitas para violín só e suites para violonchelo só de X.S. Bach) e *As grandes compositoras dos séculos XIX e XX*.
- Programa *Motetes, madrigais e diferencias*, do Coro Universitario.
- Ciclo *Le nuove musiche*: música vocal e instrumental dos séculos XVII e XVIII.

2.3.- Danza

- XVI Encontro Universitario de Danza Contemporánea
- "Xogando coa danza"

2.4.- Exposicións

- Exposición *Miradas de marfil*, fotografías de Calrús
- Exposición "Tecidos e vestidos no laboratorio gráfico"

2.5.- Primeira fase do Plan de Diagnose do Estado de Conservación do Patrimonio Histórico e Artístico da USC

Estas axudas xestionaraas a vicerreitoría con competencias en materia de cultura.

3.- Apoio á Programación deportiva.

Neste ámbito inclúense, entre outras actividades, as vinculadas coa promoción do deporte e a vida saudable na cidadanía, a promoción da educación en valores deportivos na educación universitaria e a renovación de equipos deportivo e mantemento de instalacións deportivas.

Trátase de aproveitar a competición deportiva universitaria para, a través dos valores educativos e formativos que transmite o deporte, adquirir e reforzar aspectos importantes en diferentes habilidades, destrezas e actitudes: liderado, traballo en equipo, comunicación, valor da planificación, do esforzo, capacidade de análise e autocrítica...)

Estas axudas xestionaraas a vicerreitoría con competencia en materia deportiva.

4.- Apoio a congresos, seminarios e cursos.

Como parte das actividades enfocadas ao intercambio do coñecemento científico e cultural das persoas pertencentes ao mundo universitario, a USC realiza diversas actividades ao longo do ano que poderán recibir financiamento parcial a cargo do presente convenio.

Estas axudas xestionaraas a vicerreitoría con competencias en materia cultural.

A USC seleccionará, entre as propostas que reciba do seu persoal, as actividades que se poderán acoller a este convenio. Para cada unha de elas se establecerá tanto o financiamento que, a cargo deste convenio, lle corresponda así como a vicerreitoría ou unidade encargada da súa xestión.

Para as actividades identificadas como cursos, a USC establecerá unha convocatoria aberta de solicitudes de axuda ao financiamento.

5.- Programa Universitario de Maiores (IV Ciclo): Camiños de Coñecemento e Experiencia

Programa universitario para as persoas de mais de 50 anos das comarcas da contorna de Santiago de Compostela e da súa zona de influencia administrativa e sociocomunitaria, que por diferentes motivos (xeográficos ou económicos entre outros moitos) non poden asistir ao devandito programa de formación para maiores nas instalacións universitarias.

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

A USC desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

1. Apoio aos programas de detección e captación de talento

1.1 Proxecto ESTALMAT

- Viaxes e aloxamentos

4.680,00

- Material funxible	6.500,00
- Colaboracións externas, docencia de profesores, persoal de administración e técnicos de apoio, colaboración e dirección de tarefas de organización, empresa de vixilancia e servizo de fotografía	41.148,00
- Outros gastos (invitación actos de clausura, correo, seguros)	7.750,00
<i>Subtotal</i>	<i>60.078,00</i>

1.2 Programa A Ponte entre o Ensino Medio e a USC

- Acto de recoñecemento aos mellores expedientes: material de imprenta, impresión, difusión	4.000,00
- Empresas de organización do evento	2.000,00
- Charlas temáticas: desprazamento e dietas do profesorado	9.500,00
- Visitas centros de ensino medio: desprazamento, dietas profesorado	4.500,00
<i>Subtotal</i>	<i>20.000,00</i>

2.- Apoio á Programación Cultural

2.1.- Teatro

- Xira da compañía da Aula de Teatro. Transporte y asistencia Técnica	2.455,00
- Estrea do espectáculo 2018 da Aula de Teatro. Escenografía, vestuario, atrezzo, difusión e asistencia técnica	7.000,00
- XXIV Festival Internacional de Teatro Universitario. Aloxamento, manutención das compañías, difusión e asistencia técnica	3.500,00
- XIX Mostra de Teatro Universitario de Galicia: Manutención das compañías, difusión e asistencia técnica	4.000,00
<i>Subtotal</i>	<i>17.955,00</i>

2.2.- Música

- Encontros orquestais de primavera, verán e Nadal da orquestra da USC: Produción, transporte, partituras, difusión e pagos a solistas e director	4.000,00
- Ciclos OCULTA POLIFONÍA (sonatas e partitas para violín só e suites para violonchelo só de X.S. Bach) e AS GRANDES COMPOSITORAS DOS SÉCULOS XIX E XX: Pagos a artistas e Difusión	5.300,00
- Programa MOTETES, MADRIGAIS E DIFERENCIAS do Coro Universitario: Pagos a solistas e intérpretes, difusión e transporte	2.500,00
- Ciclo Le nuove musiche: música vocal e instrumental dos séculos XVII e XVIII: Pagos a intérpretes e difusión	4.000,00
<i>Subtotal</i>	<i>15.800,00</i>

2.3.- Danza

- XVI Encontro Universitario de Danza Contemporánea: Aloxamento e manutención das compañías convidadas e difusión	1.000,00
- "Xogando coa danza": Coreógrafa e gastos de produción	3.130,00
<i>Subtotal</i>	<i>4.130,00</i>

2.4.- Exposicións

- Exposición MIRADAS DE MARFIL, fotografías de Calrús: Materiais para exposición e difusión	250,00
---	--------

- Exposición “Tecidos e vestidos no laboratorio gráfico”: Materiais para exposición e difusión	3.000,00
<i>Subtotal</i>	<i>3.250,00</i>

2.5.- *Primeira fase do Plan de Diagnose do Estado de Conservación do Patrimonio Histórico e Artístico da USC* 10.000,00

3.- Apoio á Programación deportiva

- Arbitraxe (ligas internas, campionatos...)	11.670,00
- Servizos médicos / ambulancia	620,00
- Trofeos/medallas	520,00
- Desprazamentos	8.860,00
- Aloxamentos	6.430,00
- Roupas deportivas, material funxible	2.080,00
- Mantenza	1.195,00
<i>Subtotal</i>	<i>31.385,00</i>

4.- Apoio a congresos, seminarios e cursos

- Aluguer, material de difusión, compra de material funxible contratación externa de servizos, gastos persoal, seguros y transporte	23.000,00
<i>Subtotal</i>	<i>23.000,00</i>

5.- Programa Universitario de Maiores (IV Ciclo): Camiños de Coñecemento e Experiencia

- Comarca do Barbanza: docentes, quilometraxe, autobuses, entradas	5.890,30
- Comarca de Noia: docentes, quilometraxe, autobuses, entradas	4.223,72
- Comarca de Muros: docentes, quilometraxe, autobuses, entradas	1.540,60
- Comarca de Santiago: docentes, quilometraxe, autobuses, entradas	4.998,70
- Comarca do Sar: docentes, quilometraxe, autobuses, entradas	1.276,62
- Comarca da Barcala: docentes, quilometraxe, autobuses, entradas	2.766,92
- Comarca de Ordes: docentes, quilometraxe, autobuses, entradas	2.737,42
- Comarca de Arzúa: docentes, quilometraxe, autobuses, entradas	2.812,62
- Comarca de Terras de Melide: docentes, kilom., autob., entradas	1.499,70
- Comarca de Tabeirós: docentes, quilometraxe, autobuses, entradas	1.322,70
- Comarca do Deza: docentes, quilometraxe, autobuses, entradas	1.322,70
<i>Subtotal</i>	<i>30.392,00</i>

Total 214.980,00 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **140.000**, o que representa unha porcentaxe do **65,12 %** do orzamento total.

A cantidade restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos, propios ou alleos, acreditando a USC que ten

consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 65,12 %, da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3269/45390, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da *Programación para fomento da educación, a investigación, a transferencia do coñecemento e as actividades culturais, artísticas e científicas no ano 2018*, referida neste convenio corresponderalle á USC, asumindo, xa que logo, as conseguíntes responsabilidades.

De conformidade co establecido no artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, se autoriza á USC para que poida concertar a execución parcial das actividades obxecto da subvención con persoas vinculadas coa entidade, cando os servizos teñan que serlles encomendados pola súa especialización e idoneidade para o correcto desenvolvemento das actividades.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a USC deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaía sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- A Deputación da Coruña constitúese en organismo patrocinador das actividades sinaladas na cláusula primeira, polo que na publicidade pola que se dea a coñecer a

realización das actividades por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da USC.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á USC unha vez que se presente de xeito telemático (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da USC, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2018.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutros ingresos para a mesma finalidade.

* Declaración de si a entidade está ou non exenta do IVE.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2018, como máximo.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a USC deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2019**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro

prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á USC para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto; aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á USC da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116 de data Luns, 22 de xuño do 2.015) lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola USC na documentación aportada

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a USC terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A USC deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social.

Para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A USC destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a USC deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a USC poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a USC queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116 de data Luns, 22 de xuño do 2.015).

3.- Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116 de data Luns, 22 de xuño de 2015).

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da USC serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro en tanto non

se opoña ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se Derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos).

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á USC será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2019** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2018.

2.- Previa solicitude da USC, realizada polo menos un mes antes da data do fin do prazo, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ----

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

9.-CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ASOCIACIÓN CULTURAL CORRELINGUA PARA FINANCIAR O CORRELINGUA 2018. A LINGUA NON PARA! E APROBACIÓN DO CORRESPONDENTE CONVENIO.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa á Asociación Cultural Correlingua, por importe de **20.000 €**, concedida para financiar o *Correlingua 2018. A lingua non para!*, cun orzamento subvencionado de 25.000,00 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 14 de novembro de 2018.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2019, autorice o correspondente Orzamento.

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A A.C. CORRELINGUA PARA FINANCIAR O CORRELINGUA 2018. A LINGUA NON PARA!

Na Coruña, o de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

REUNIDOS

D^a Goretti Sanmartín Rei, vicepresidenta da Deputación Provincial da Coruña.

D Xosé Anxo Terán Comesaña, presidente de Asociación Cultural Correlingua

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

A Asociación Cultural Correlingua con CIF G70325683 organiza desde 2001 diversas carreiras a prol do idioma por todo o país. Unha proposta de carácter lúdico, educativo e reivindicativo que pretende convidar á mocidade e aos centros de ensino a participar nun acto público de reivindicación do dereito de medrar en galego e tamén

exercer de maneira efectiva como galegos e galegas a través do uso do noso idioma, única forma de garantir o seu futuro.

A Deputación da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de bases de réxime local 7/85 do 2 de abril, art. 36 e coa Lei de administración local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así mesmo, co disposto no Estatuto de autonomía para Galicia, que proclama a lingua galega como oficial de Galicia e a disposición de medios para facilitar o seu coñecemento no seu artigo 5, así como na Lei de normalización lingüística do 15 de xuño de 1983 e especialmente conforme á Lei 5/88 do uso do galego como lingua oficial polas entidades locais.

A deputación proxecta, conforme ás previsións do presente exercicio orzamentario, o desenvolvemento de accións diversas, encamiñadas á normalización lingüística no ámbito territorial da súa competencia.

Dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e a Asociación Cultural Correlingua, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Asociación Cultural Correlingua CIF G70325683 para organizar o Correlingua 2018 "A lingua non para!", un proxecto que pretende incentivar o uso oral do galego e polo tanto a súa normalización como medio de comunicación habitual entre a xente nova.

Na provincia realizaranse tres carreiras pola lingua: A Coruña o 04/05/2018
Santiago de Compostela o 07/07/2018
Ferrol o 15/05/2018

Así que, o prazo de execución das carreiras pola lingua é o mes de maio de 2018.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE VAI REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

A Asociación Cultural Correlingua levará a cabo as actividades programadas consonte co seguinte orzamento:

1. Organización de Actividades	20.220 €
1.1 Premio secundaria Correlingua 2018 en Pontedeume:	2.830 €
* Estadía Alvarella Ecoturismo:	2.790 €
* Visita Museo Etnográfico da Capela:	40 €
1.2 Aluguer equipos de son, xeradores e escenarios:	4.500 €

* Equipo de son, xerador e camión escenario a Sonacustic para o Correlingua da Coruña (04/05/2018): 2.900 €

* Equipo de son, grupo electróxico e produción técnica a Fábrica de Sons para o Correlingua de Santiago de Compostela (07/05/2018): 1.600 €

1.3 Contratación de profesionais: 11.433 €

* Para a presentación do Correlingua por parte de Isabel Risco: 600 €

* Para as actuacións musicais do Cantalingua: 1.200 €

* Para o acompañamento da marcha do alumnado de primaria no Correlingua de Santiago: Os Quinquilláns: 500 €

* Para a actuación musical infantil no Correlingua de Ferrolterra: Pakolas: 500 €

* Para a coordinación do Correlingua: catro nóminas de Lucía Barreiro Capón de 2.158,28 € cada unha (Salario líquido: 1.353,33 + IRPF 190,77 € + S. Social 614,18€): 8.633,00 €

1.4 Desprazamentos: 1.457 €

* Autobuses para o desprazamento do alumnado ao premio de secundaria en Pontedeume: 880 €

* Autobuses para o desprazamento do alumnado ao Correlingua de Ferrol: 577 €

2. Edición material e publicitación 4.780€

2.1 Agasallos para o alumnado: 4.513€

* 4.500 chapas para agasallar ao alumnado asistente ao Correlingua da Coruña, Santiago de Compostela e Ferrol: 1.219 €

* 4.500 mochilas para agasallar ao alumnado asistente ao Correlingua da Coruña, Santiago de Compostela e Ferrol: 3.294 €

2.2 Cartaces para publicitar o Correlingua na provincia da Coruña: 627 €

TOTAL: 25.000 €

Cantidade total orzada: 25.000 €

Axuda solicitada á Deputación da Coruña: 20.000 €

Coeficiente de financiamento: 80%

Asociación Cultural Correlingua declara que segundo as contas presentadas, dispón dos recursos suficientes para asumir a parte do orzamento da actividade non financiada por esta deputación.

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **20.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe de **80%**. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a

recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0111/334.4/481** na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Cultural Correlingua obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle a Asociación Cultural Correlingua. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas a Asociación Cultural Correlingua, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Asociación Cultural Correlingua deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a Asociación Cultural Correlingua tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación Cultural Correlingua.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada a Asociación Cultural Correlingua unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Asociación Cultural Correlingua, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas **o 31 de decembro de 2018**, como máximo.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Asociación Cultural Correlingua deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **1 de marzo de 2019**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento a Asociación Cultural Correlingua para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación

aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Asociación Cultural Correlingua da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116 do luns, 22 de xuño do 2015 das de execución do orzamento da deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Cultural Correlingua na documentación achegada.

Se transcorresen máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Asociación Cultural Correlingua terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A Asociación Cultural Correlingua deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social.

Para este fin poderá autorizar a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A Asociación Cultural Correlingua destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación Cultural Correlingua deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Cultural Correlingua poderá ser escollida pola Intervención provincial para realizarlle un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Igualmente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Cultural Correlingua queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116 do luns, 22 de xuño do 2015).

3. Para os supostos do atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación estarase ao disposto na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116 do luns, 22 de xuño de 2015).

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓN E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Cultural Correlingua serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección

dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Igualmente, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención a Asociación Cultural Correlingua será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de Convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2019** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2018.

2. Por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

10.-CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ASOCIACIÓN SOCIO-PEDAGÓXICA GALEGA (AS-PG) PARA FINANCIAR A AMPLIACIÓN E ACTUALIZACIÓN DE CONTIDOS DA HISTORIA DA LITERATURA GALEGA NA WEB E APROBACIÓN DO CORRESPONDENTE CONVENIO.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa á Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG), por importe de **30.000 €**, concedida para financiar a *Ampliación e actualización de contidos da historia da literatura galega na web*, cun orzamento subvencionado de 37.500,00 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 14 de novembro de 2018.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2019, autorice o correspondente Orzamento.

“ CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN SOCIO-PEDAGÓXICA GALEGA (AS-PG) CIF G15154297, PARA FINANCIAR A AMPLIACIÓN E ACTUALIZACIÓN DE CONTIDOS DA HISTORIA DA LITERATURA GALEGA NA WEB

Na Coruña, o de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

REUNIDOS

D^a Goretti Sanmartín Rei, vicepresidenta da Deputación Provincial da Coruña.

D Xoan Costa Casas, presidente de Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG)

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

A Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG) é unha asociación de carácter pedagóxico e sociocultural fundada en 1976 co obxectivo de fornecer recursos educativos en galego. Solicita da Deputación unha subvención para a ampliación e actualización de contidos da Historia da Literatura Galega.

A Deputación da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de bases de réxime local 7/85 do 2 de abril, art. 36 e coa Lei de administración local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así mesmo, co disposto no Estatuto de autonomía para Galicia, que proclama a lingua galega como oficial de Galicia e a disposición de medios para facilitar o seu coñecemento no seu artigo 5, así como na Lei de normalización lingüística do 15 de xuño de 1983 e especialmente conforme á Lei 5/88 do uso do galego como lingua oficial polas entidades locais.

A deputación proxecta, conforme ás previsións do presente exercicio orzamentario, o desenvolvemento de accións diversas, encamiñadas á normalización lingüística no ámbito territorial da súa competencia.

Dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e a Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG) ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG) CIF G15154297 para a ampliación e actualización de contidos da Historia da Literatura Galega, unha iniciativa ambiciosa que pretende actualizar, difundir e afondar na historia da literatura galega relacionada con outras expresións artísticas. Convertela nun instrumento de uso nos centros educativos e do público en xeral. Un proxecto vvo, co ánimo de continuidade que amose a riqueza e vizosidade da nosa literatura, de valorizar a nosa cultura en xeral.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE VAI REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

A AS-PG levará a cabo a Historia da Literatura Galega Dixital (HLGD) consonte co seguinte orzamento:

Creación dunha nova etapa da HLG, adaptación técnica da ferramenta	8.200 €
Recompilación, elaboración e catalogación dos novos contidos	12.300 €
Selección, edición, adaptación e introdución de contidos multimedia	4,200 €
Catalogación e incorporación de textos musicados e audio	4.6000€
Elaboración dun glosario de termos literarios	1.500 €
Planificación, coordinación e xestión	4.700 €
Outros	2.000 €
TOTAL	37.500 €

Cantidade total orzada: 37.500,00 €

Axuda solicitada á Deputación da Coruña: 30.000,00 €

Coeficiente de financiamento: 80%

A AS-PG declara que segundo as contas presentadas, dispón dos recursos suficientes para asumir a parte do orzamento da actividade non financiada por esta deputación.

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **30.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe de **80%**. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0111/334.4/481 do EMC 4/2018 (BOP 127 do 5 de xullo de 2018)** na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a AS-PG obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle a AS-PG. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas a AS-PG, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2 Se o importe dalgunha das prestacións supera os 15.000 €, con carácter previo á contratación, a AS-PG deberá solicitar polo menos tres orzamento a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a AS-PG tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da AS-PG.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada a AS-PG unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da AS-PG, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas **o 31 de decembro de 2018**, como máximo.

2. Unha vez rematadas as actividades, a AS-PG deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **1 de marzo de 2019**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento a AS-PG para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a AS-PG da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116 do luns, 22 de xuño do 2015 das de execución do orzamento da deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola AS-PG na documentación achegada.

Se transcorresen máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a AS-PG terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A AS-PG deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social.

Para este fin poderá autorizar a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A AS-PG destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a AS-PG deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a AS-PG poderá ser escollida pola Intervención provincial para realizarlle un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Igualmente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a AS-PG queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116 do luns, 22 de xuño do 2015).

3. Para os supostos do atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación estarase ao disposto na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116 do luns, 22 de xuño de 2015).

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a

identificación da AS-PG serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e ás normas relativas á libre circulación de tales datos, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, en tanto non se opoña ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación deste datos, e polo que se Derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos).

2. Igualmente, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención a AS-PG será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de Convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2019** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2018.

2. Por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

11.-CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA AO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA FINANCIAR A POSTA EN MARCHA DO ESPAZO EDUCATIVO E DE LECER "MARÍA MIRAMONTES" E APROBACIÓN DO CORRESPONDENTE CONVENIO.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa, por importe de **83.432,97 €**, ao Concello de Santiago de Compostela para financiar *a posta en marcha do Espazo Educativo e de Lecer "María Miramontes"*, cun orzamento subvencionado de 144.359,06 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 21 de novembro de 2018.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2019, autorice o correspondente Orzamento.

"Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela para financiar *a posta en marcha do Espazo Educativo e de Lecer "María Miramontes"*

Na Coruña,

REUNIDOS

Don/a, en representación da Deputación Provincial da Coruña

Don/a, en representación do Concello de Santiago de Compostela

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade que intervén con capacidade legal necesaria e

EXPOÑEN

1.- O Concello de Santiago de Compostela é titular do Espazo Educativo e de Lecer "María Miramontes", adscrito á Concellería de Educación e Cidadanía.

Este equipamento conta cunha superficie total construída de 1.080,50 m² e unha superficie útil total de 658,10 m² e foi concibido para acoller, entre outras, todas aquelas propostas que favorezan a conciliación da vida laboral e familiar e ten como obxectivos os seguintes:

* Incentivar a participación dos que dispoñen dunha menor capacidade adquisitiva e de acceso á cultura e dos que contan cun entorno menos favorecedor da actividade lúdica, ben sexa no fogar, na escola ou no barrio.

* Fomentar todo tipo de iniciativas e de actividades arredor da promoción do libro e da animación á lectura.

* Ofertar un espazo axeitado para o xogo, favorecedor do desenvolvemento psicomotor, cognitivo, crítico, creativo e afectivo do/a neno/a.

* Traballar na creación dunha nova concepción do xoguete, do obxecto e da actividade lúdica nos rapaces e rapazas, nos pais e nais e nos educadores/as, ampliando a exclusividade do xoguete comercializado.

* Favorecer unha relación distinta co obxecto lúdico, a través da manipulación, recreando o seu uso, a través dun proceso globalizador de invención, construción reparación e transformación.

* En colaboración con outras institucións nomeadamente coa USC e coas asociacións de consumidores e do sector de xogueteiros, desenvolver propostas de investigación que teñan que ver coa promoción do xogo. E no referido á promoción do libro e da animación á lectura, establecer canles de traballo estables coas editoriais de Galicia preferentemente e con todas aquelas institucións e colectivos que teñan por obxecto esta finalidade.

* Cumprir unha función orientadora e informativa en relación coa compra de xoguetes, motivando a reflexión sobre o necesario coñecemento do dereito ao xogo.

* Colaborar moi especialmente na promoción da lingua galega, do xogo e xoguetes que teñan que ver co noso acervo cultural propio.

2.- Con data do 10 de xaneiro de 2018 a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social, autorizou a creación dunha ludoteca municipal, cun total de 73 prazas divididas en tres unidades para idades comprendidas entre os 2 e os 12 anos.

3.- Co fin de xerar experiencias de xestión para a configuración do Espazo Educativo e de Lecer “María Miramontes” como un servizo público propio no ámbito educativo e de lecer dos nenos e nenas do concello, xúlgase necesario artellar unha experiencia piloto, de carácter temporal e gratuíta, co fin de implementar, primeiramente, un servizo de conciliación para as familias con nenos e nenas de 2 a 12 anos, e así poder prestar un servizo de conciliación na modalidade de servizo de ludoteca, nos termos do previsto na normativa de aplicación e de acordo cos criterios de intervención.

4.- Con data do 26 de marzo de 2018, o Concelleiro delegado de Educación e Cidadanía de Santiago de Compostela dirixíase a esta Deputación solicitando financiamento para a posta en marcha do Espazo Educativo e de Lecer “María Miramontes” e, atendendo á citada petición, o Pleno da Deputación, en sesión celebrada o 8 de xuño de 2018, aprobou o EMC 4/2018, no que foi incluído o crédito correspondente.

5.- Tendo en conta todo anterior e coa finalidade de establecer as condicións de colaboración, a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela acordan subscribir o presente convenio que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela (CIF: P1507900G) para financiar **a posta en marcha do Espazo Educativo e de Lecer “María Miramontes”**.

Trátase da posta en marcha dun Programa Piloto para a implantación dun servizo de atención á infancia proporcionando aos nenos e nenas comprendidos entre os 2 e os 12 anos, espazos acondicionados para o xogo, posibilidades de relacionarse, acceso a xogos e xoguetes e outros materiais lúdicos, animación á lectura, promoción do libro e todas aquelas propostas que favorezan, ademais, a conciliación da vida laboral e familiar.

O servizo de ludoteca ofertará un punto de información ás unidades familiares: atención a nais, pais ou responsables dos/as menores, ofertando orientacións, suxestións e información vencellada á selección e bo uso educativo dos xogos e xoguetes, incluídos os tecnolóxicos.

Igualmente, reservaranse 73 prazas, os venres de 10:30 horas a 13:30 horas para que os nenos e nenas escolarizados en centros escolares de fóra do Concello de Santiago de Compostela poidan asistir á realización de actividades programadas no Centro, no horario escolar.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar polo Concello de Santiago de Compostela.

O Concello de Santiago de Compostela desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Custes salariais	96.651,60.-
Gastos correntes	28.334,60.-
Material	
Material oficina non inventariable	5.648,50.-
Material funxible e específico	9.551,10.-
Reprografía	2.567,50.-

Xoguetes	3.000,00.-
Plataforma Web	1.000,00.-
Xerais	
Seguros	2.567,50.-
Formación continua	1.000,00.-
Outros	
Realización actividades extraordinarias	3.000,00.-
B.I. 5%	6.249,31.-
IVA 10%	13.123,55.-
Total	144.359,06 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **83.432,97 €**, o que representa unha porcentaxe do 57,795 %.

A cantidade restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos, propios ou alleos, acreditando o concello beneficiario que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable ao concello.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **57,795%** da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Santiago de Compostela obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1.- Corresponderalle ao Concello de Santiago de Compostela o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización dos traballos obxecto deste convenio.

2.- No procedemento de contratación, o Concello de Santiago de Compostela axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- O Concello de Santiago de Compostela comprométese a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a publicidade (tanto impresa como informática e audiovisual) correspondente ás actividades do Espazo Educativo e de Lecer "María Miramontes" e na súa páxina web.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Santiago de Compostela.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

1.- A achega da Deputación seralle aboada ao Concello de Santiago de Compostela do seguinte xeito:

Primeiro prazo, por importe máximo do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable a xustificar.

O importe deste prazo calcularase aplicando a porcentaxe de financiamento (57,795%) ao total do importe das contratacións certificadas e aboarase logo da presentación da seguinte documentación:

* **Certificación** dos acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións, ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: empresas adxudicatarias, importes dos contratos e prazos de execución.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

Segundo prazo, por importe de 50 % da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificados, logo da presentación da seguinte documentación:

* **Memoria** xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, debidamente asinada.

* **Certificación** expedida polo Interventor ou polo Secretario do Concello, da relación clasificada dos gastos realizados con identificación dos acredores (nome de empresa e NIF ou, no seu caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión) e, no seu caso, datas de pago.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos xustificadas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o período de vixencia do convenio.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

* **Acreditación** do pago efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable.

2.- No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

3.- Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Santiago de Compostela terá dereito ao aboamento dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas no prazo **dun ano** desde a sinatura do convenio, como máximo.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Santiago de Compostela deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo de **tres meses** desde o seu remate.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro

prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Santiago de Compostela para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Santiago de Compostela da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116, do 22 de xuño de 2015) lle poida corresponder.

VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación.

1.- O Concello de Santiago de Compostela deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.- A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Concello de Santiago de Compostela destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento

de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116, do 22 de xuño de 2015).

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116, do 22 de xuño de 2015).

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Santiago de Compostela serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Santiago de Compostela será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará **un ano despois da súa sinatura** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizadas dende o 1 de setembro de 2018.

2.- Previa solicitude do Concello de Santiago de Compostela, realizada polo menos un mes antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e do Concello de Santiago de Compostela.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ----

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

12.-CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA AO AUDITORIO DE GALICIA PARA FINANCIAR A PROGRAMACIÓN ANUAL 2018 E APROBACIÓN DO CORRESPONDENTE CONVENIO.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa, por importe de **208.000 €**, ao Auditorio de Galicia para financiar o *Programación anual 2018*, cun orzamento subvencionado de 260.012,76 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 22 de novembro de 2018.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2019, autorice o correspondente Orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Auditorio de Galicia para financiar a *Programación anual 2018*.

Na Coruña,

REUNIDOS

Don/a, en representación da Deputación Provincial da Coruña

Don/a, en representación do Auditorio de Galicia

EXPOÑEN

1.- O Concello de Santiago de Compostela, en sesión plenaria celebrada o vinte e sete de setembro de mil novecentos noventa, aprobou a constitución do Organismo Autónomo Auditorio de Galicia e, o vinte e nove de novembro, aprobou definitivamente os seus estatutos.

Con posterioridade, foi publicada no BOP 222, do 24 de setembro de 2004, a modificación dos Estatutos do Auditorio de Galicia, que se rexerá polo previsto no artigo 85 bis da LRBRL (Lei 7/1985), coas modificacións introducidas pola Lei 57/2003, de medidas para a modernización do goberno local.

De conformidade co acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 15 de abril de 2004, o Auditorio de Galicia é o órgano xestor da actividade cultural do Concello de Santiago de Compostela.

2.- Tal e como recolle o art. 2 dos seus Estatutos, o Auditorio de Galicia debe elaborar, deseñar e executar os programas de actividades culturais no ámbito da música, ópera, teatro, congresos e exposicións.

3.- A Deputación da Coruña, do mesmo xeito que o Auditorio de Galicia, exerce competencias en materia de actividades culturais e de promoción da música, existindo

a posibilidade legal de subscribir convenios coas distintas administracións públicas para o cumprimento dos fins previstos na normativa vixente.

4.- O Auditorio de Galicia desenvolve ao longo do ano unha programación de concertos, actividades didácticas e exposicións, cunha difusión moi superior á do termo municipal de Santiago de Compostela.

5.- Coa finalidade de establecer as condicións de colaboración para a realización da *Programación anual 2018*, a Deputación da Coruña e o Auditorio de Galicia acordan subscribir o presente convenio, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Auditorio de Galicia (Q1500340C) para financiar a ***Programación anual 2018***, co seguinte contido:

* Música clásica: Programación deseñado por Paúl Daniel baixo o título “universo en expansión”, incluírá 23 concertos.

* Programa de piano “Ángel Brage”: celébrase a décima edición coa proposta do Dúo Bizjak, recital da pianista Rosa Torres Pardo coa cantaora Rocío Márquez; completa o programa a nova promesa xeorxiana Mariam Batsashvili.

* De lugares e órganos: nesta terceira edición, preséntase como unha cita ao redor do órganos de Compostela en Semana Santa.

* Ciclo de Lied: no mes de setembro, en colaboración coa Asociación de Amigos da Ópera de Santiago.

* Xornadas de música contemporánea-aniversario Enrique Macías: este ano ten un carácter excepcional coa celebración do 60 aniversario do nacemento de Enrique Macías, compositor e impulsor das xornadas.

* Gala aRi(t)mar: a singularidade deste proxecto atópase na vontade pedagóxica e na busca de puntos de encontro das realidades lusófonas, entendendo a nosa comunidade de fala como integrante desta diversa rede de comunidades falantes polo mundo.

* Festival WOS: destaca por ser unha proposta vangardista única no país. Un encontro anual que defende unha visión ampla da cultura alternativa e de vangarda.

* Semana do patrimonio invisible: con motivo da celebración do Ano do Patrimonio Cultural promovido pola Unión Europea, o Auditorio organizará para setembro de 2018 a Semana do patrimonio invisible. Xornadas sobre difusión do patrimonio e recuperación do patrimonio invisibilizado. Contará con visitas a lugares patrimoniais que normalmente están pechados e non se poden visitar.

* Xornadas de ilustración urbana: Estas xornadas desenvólvense como un elemento nuclear para a divulgación da arte do debuxo e da banda deseñada. Nesta edición formarán parte das xornadas Javier Mariscal, Maru Godas, Carlos Silvar, Pedro Salgado, Celia Burgos, Alicia Aradilla, Ana Moreirias, Javier Vallés, Nanda Cabaleiro e Pablo Otero.

* Actividades efeméride da Burla Negra: Colectivo de activismo político-cultural canalizador e catalizador de grande parte da acción social contra o afundimento do Prestige. As liñas de actuación serán dúas: a primeira divulgativa e de debate mediante a elaboración dunha conferencia e do II Foro Negro da Cultura , e a segunda a creación dun aparato expositivo que faga recompilación e ilustre o acontecido naqueles tempos.

* Artes visuais (Zona C): nos meses de xaneiro a decembro; exposición dos proxectos seleccionados na convocatoria de apoio á creación en artes visuais da Zona “C”e nova convocatoria.

* Didácticos audiovisuais: nos meses de marzo a maio; ten o obxectivo de achegar o feito audiovisual ao público escolar de Compostela e comarca, desde o punto de vista didáctico, fóra da oferta mainstream, prestando atención á produción feita en Galicia, aos contidos infantís doutras épocas, á produción internacional e á mestura dos contidos audiovisuais con outras artes.

* Artes escénicas e de movemento: no Teatro Principal; programación conformada por compañías de teatro galegas e do resto do estado.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

O Auditorio de Galicia desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Programa de aboamento

Deseño e maquetación do programa	3.500,00.-
Impresión programas	5.000,00.-
Impresión programas de man	8.000,00.-
Honorarios artistas	5.687,00.-
Subministración de augas para concertos	500,00.-
Dereitos de autor	200,00.-
Envíos de correos	1.000,00.-
Reparto cartelería	200,00.-
Impresión mupis	200,00.-
<i>Subtotal</i>	24.287,00.-

Ciclo piano A. Brage

Honorarios pianistas	20.494,00.-
Afinacións	500,00.-
Dereitos de autor	200,00.-
<i>Subtotal</i>	21.194,00.-

De lugares e órganos

Honorarios artistas	11.201,00.-
Itinerarios	4.800,00.-
Dirección artística	7.139,00.-
Material técnico ^o	3.025,00.-
Afinacións	935,33.-
Subtotal	27.100,33.-

Ciclo de lied

Honorarios artistas	20.000,00.-
Deseño de materias	1.500,00.-
Impresión cartel e programa	1.500,00.-
Dereitos de autor	1.000,00.-
Afinacións	700,00.-
Subtotal	24.700,00.-

Xornadas Música Contemporánea

Honorarios artistas	25.000,00.-
Deseño de material	1.500,00.-
Impresións	1.500,00.-
Dereitos de autor	1.000,00.-
Afinacións	300,00.-
Aluguer marterial técnico	2.400,00.-
Subtotal	31.700,00.-

Gala Arij[t]mar

Contratación artística	5.000,00.-
Aluguer de material	2.000,00.-
Coordinación e produción da Gala	5.000,00.-
Servizos profesionais	1.000,00.-
Subtotal	13.000,00.-

Festival WOS

Contratacións artísticas	30.000,00.-
Subtotal	30.000,00.-

Semana do Patrimonio Invisible

Servizos técnicos	18.000,00.-
Subtotal	18.000,00.-

Xornadas de Ilustración Urbana

Coordinación e deseño do programa	2.990,00.-
Contratación de relatores	10.800,00.-
Impresión de material gráfico	1.210,00.-
Subtotal	15.000,00.-

Actividades Burla Negra

Conferencia inaugural	3.500,00.-
Il foro negro da cultura	2.500,00.-
Materiais expositivos e deseño	2.250,00.-
Subtotal	8.250,00.-

Exposicións Zona C	
Intervencións artísticas	20.000,00.-
Subtotal	20.000,00.-
Didácticos audiovisuais	
Coordinación e implementación de talleres	3.868,43.-
Subtotal	3.868,43.-
Artes escénicas e do movemento	
Honorarios Me llamo Suleimán	4.235,00.-
Honorarios O conto da azuuzaina	1.331,00.-
Honorarios Euría	3.190,00.-
Honorarios El último Bufón	5.445,00.-
Honorarios Emilia	2.541,00.-
Honorarios Píscore	6.171,00.-
Subtotal	22.913,00.-
Total	260.012,76 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **208.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **79,996 %**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 79,996% da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3343/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Auditorio de Galicia obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Auditorio de Galicia.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Auditorio de Galicia, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 euros, con carácter previo á contratación, o Auditorio de Galicia deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Auditorio de Galicia.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada ao Auditorio de Galicia unha vez que se presente de xeito telemático (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do Auditorio de Galicia, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2018.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Declaración de si a entidade está ou non exenta do IVE.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2018**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Auditorio de Galicia deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2019**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Auditorio de Galicia para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Auditorio de Galicia da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116 do luns, 22 de xuño do 2.015) lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Auditorio de Galicia na documentación aportada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Auditorio de Galicia terá dereito ao aboamento dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O Auditorio de Galicia deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarao esta de oficio

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Auditorio de Galicia destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Auditorio de Galicia deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Auditorio de Galicia poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Auditorio de Galicia queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116, do 22 de xuño de 2015).

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116, do 22 de xuño de 2015).

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Auditorio de Galicia serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro en tanto non se opoña ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se Derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos).

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Auditorio de Galicia será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2019** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2018.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2019, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do Auditorio de Galicia, realizada polo menos un mes antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

13.-CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ASOCIACIÓN ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL PARA FINANCIAR OS XVI PREMIOS MESTRE MATEO, OS II PREMIOS MARÍA LUZ MORALES E APROBACIÓN DO CORRESPONDENTE CONVENIO.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión de subvención nominativa á Asociación Academia Galega do Audiovisual por importe de **25.000 €**, para financiar os *XVI Premios Mestre Mateo*

e o *II Premio María Luz Morales de ensaio sobre o audiovisual e a elaboración dun estudo e informe previo para o desenvolvemento da oficina de xestión de permisos de gravacións e rodaxes audiovisuais da provincia da Coruña*, cun orzamento subvencionado de 115.670,00 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 23 de novembro de 2018.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2019, autorice o correspondente Orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Academia Galega do Audiovisual para financiar os *XVI Premios Mestre Mateo, o II Premio María Luz Morales de ensaio sobre o audiovisual e a elaboración dun estudo e informe previo para o desenvolvemento da oficina de xestión de permisos de gravacións e rodaxes audiovisuais da provincia da Coruña*

Na Coruña,

REÚNENSE

Don/a _____ en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Don/a _____ en representación da Asociación Academia Galega do Audiovisual.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que teñen, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

Primeiro.- A Asociación Academia Galega do Audiovisual é unha asociación sen ánimo de lucro, que agrupa a creadores e profesionais do audiovisual galego: cine, multimedia, publicidade, televisión, vídeo.

Segundo.- Esta entidade foi creada no ano 2002 co obxectivo de fomentar o desenvolvemento das artes e das ciencias relacionadas co audiovisual en Galicia.

Terceiro.- Nestas actividades, ten un carácter fundamental a convocatoria dos *Premios Mestre Mateo* cos que se recoñece a profesionalidade e calidade dun sector

en auxe, avalado polos excelentes resultados de crítica, audiencia e público, que fan que actores, guionistas, presentadores, técnicos, directores e produtores sexan referentes tanto dentro como fóra de Galicia.

Estes premios, que no presente ano acadan a súa décimo sexta convocatoria, son unha singular oportunidade para obter anualmente unha panorámica xeral do audiovisual galego e, coa súa consolidación xa son un referente entre outros galardóns das academias de cine españolas.

Convócanse por segunda vez o *Premio María Luz Morales* co obxectivo de fomentar a investigación, a difusión cultural e os traballos sobre o mundo audiovisual e nomeadamente, promover a irrupción de puntos de vista anovadores sobre esta temática.

Ademais, a Asociación Academia Galega do Audiovisual identificou a necesidade de creación dunha oficina de xestión de permisos de gravacións e rodaxes audiovisuais para Provincia da Coruña, polo que realizará o estudo de viabilidade do proxecto, que identificará aos distintos axentes que intervirían na creación da oficina, así como os obxectivos da mesma e o xeito de desenvolvelos.

Cuarto.- De conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, 22 de xullo, de administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura.

Quinta.- En exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña está interesada en contribuír ao financiamento dos ditos premios, polo que na Base 51ª.-5 das de Execución do Orzamento para 2018, foi incluída unha achega de 15.000 €, en concepto de subvención nominativa á Asociación Academia Galega do Audiovisual destinada a financiar os *Premios Mestre Mateo 2018*.

O crédito para o financiamento da subvención consignado nas Bases de execución do Orzamento foi aumentado por importe de 10.000 € imputado a partida 0612/3343/481.do vixente orzamento e incluído no EMC4/2018, por comprender unha nova actividade “ *necesidade da elaboración dun estudo e informe previo para o desenvolvemento da oficina de xestión de permisos de gravacións e rodaxes audiovisuais da provincia da Coruña*” polo que o importe total para o financiamento da subvención é 25.000 €

En virtude do exposto, e dando cumprimento á vontade das entidades ás que respectivamente representan, os comparecentes outorgan neste acto o presente Convenio de Colaboración, e acordan formalizar o presente convenio que se rexe polas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Academia Galega do Audiovisual (NIF: G15844145) para financiar os *XVI Premios Mestre Mateo, o II Premio María*

Luz Morales de ensaio sobre o audiovisual e a elaboración dun estudo e informe previo para o desenvolvemento da oficina de xestión de permisos de gravacións e rodaxes audiovisuais da provincia da Coruña, co seguinte contido:

XVI Premios Mestre Mateo

* *Lectura de finalistas.*- Neste acto danse a coñecer os nomeados nas distintas categorías para dar maior relevancia ao feito de conseguir ser finalista.

* *Xuntanza de finalistas.*

* *Encontros Mestre Mateo.*- Debate profesional e sereno entre os profesionais finalistas nalgúns categorías, os cales achegan ás escolas de produción, imaxe e son de Galicia, a través de coloquios co público e máis directamente cos futuros profesionais.

* *Gala de entrega dos Premios Mestre Mateo.*- Cerimonia de posta en valor do audiovisual galego á tempo que é un espectáculo televisivo capaz de atraer audiencia.

* *Os Mestre Mateo fóra de Galicia.*- A Academia Galega do Audiovisual ten un acordo de colaboración dende o 2010 coa Academia do Cinema Catalán polo que as obras finalistas e gañadoras nos Premios Mestre Mateo proxéctanse en Barcelona e, ao tempo, as obras gañadoras e nomeadas nos Premios Gaudí exhibense en Galicia.

* *Colaboración co CGAI. e co Salón Teatro de Santiago de Compostela -Exhibición na filmoteca dos gañadores nas categorías de Mellor longametraxe, Mellor película para TV, Mellor longa documental e Mellor documental.* Nova liña de colaboración co Salón Teatro de Santiago de Compostela para proxectar tamén nesta cidade os gañadores Mestre Mateo.

II Premio María Luz Morales de ensaio sobre o audiovisual

Convocatoria dos premios en dúas categorías:

* Ensaio sobre calquera aspecto do audiovisual mundial.

* Videoensaios, para ensaios en formato audiovisual.

Os premios contarán coa colaboración das Facultades de Comunicación das universidades galegas.

Elaboración dun estudo e informe previo para o desenvolvemento da oficina de xestión de permisos de gravacións e rodaxes audiovisuais da provincia da Coruña

A elaboración do estudo previo para axudar a avaliar a viabilidade do proxecto e a identificar os obxectivos e as diferentes variables a ter en conta á hora do seu desenvolvemento, incluírá os seguintes puntos

1. Entrevistas coas oficinas que xa operan en Galicia
2. Definición das funcións da oficina
3. Proposta de deseño de fichas de localización

4. Proposta de deseño para protocolos de rodaxe
5. Proposta de deseño para unha base de datos
6. Definición de navegación e contidos para a creación dunha páxina web.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

A Asociación Academia Galega do Audiovisual desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

XVI Premios Mestre Mateo

Actividades paralelas

Lectura de finalistas	200,00
Xuntanza de finalistas	1.000,00
Colaboración con outras academias	350,00
Encontros Mestre Mateo	630,00
Proxeccións Mestre Mateo	70,00

Gala

Guión e música	4.100,00
Persoal artístico	6.000,00
Persoal técnico	36.324,00
Escenografía	11.200,00
Montaxe e sonorización	3.900,00
Aluguer equipamentos técnicos	14.516,00
Varios produción	7.170,00
Viaxes, aloxamentos	2.650,00
Notaría, seguros e asesoría xurídica	2.800,00
Plataforma visionado e votación	1.500,00
Gastos xerais	1.560,00
<i>Importe</i>	93.970,00€

II Premios María Luz Morales de ensaio sobre o audiovisual

Persoal técnico	2.136,59
Comunicación	1.373,35
Asesoramento xurídico e laboral	199,65
Xurado	902,50
Dotación premios	4.800,00
Gastos produción	2.087,91
<i>Importe</i>	11.500,00 €

Estudo do desenvolvemento da oficina de xestión de permisos de gravacións e rodaxes na provincia da Coruña

Persoal técnico	10.000,00
Gastos produción	200,00
<i>Importe 1</i>	0.200 €
Total gastos	115.670,00€

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **25.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **21,61321 %**

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **21,61321 %** da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3343/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Academia Galega do Audiovisual obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponde á Asociación Academia Galega do Audiovisual.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á Asociación Academia Galega do Audiovisual, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 euros, con carácter previo á contratación, a Asociación Academia Galega do Audiovisual deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo

xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación Academia Galega do Audiovisual.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación Academia Galega do Audiovisual unha vez que se presente de xeito telemático (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscriba polo representante legal da Asociación Academia Galega do Audiovisual , xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2018.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Declaración de si a entidade está ou non exenta do IVE.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2018**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Asociación Academia Galega do Audiovisual deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2019**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación Academia Galega do Audiovisual para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación Academia Galega do Audiovisual da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116, do 22 de xuño de 2015) lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Academia Galega do Audiovisual na documentación aportada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Asociación Academia Galega do Audiovisual terá dereito ao aboamento dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Asociación Academia Galega do Audiovisual deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Asociación Academia Galega do Audiovisual destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación Academia Galega do Audiovisual deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Academia Galega do Audiovisual poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Academia Galega do Audiovisual queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116, do 22 de xuño do 2015).

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116, do 22 de xuño de 2015).

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Academia Galega do Audiovisual serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, en tanto non se opoña ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se Derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos).

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación Academia Galega do Audiovisual será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2019** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2018.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de 2019, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da Asociación Academia Galega do Audiovisual, realizada polo menos un mes antes da fin da vixencia do convenio, poderá ser prorrogado o convenio por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por -----

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

14.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O OBRADOIRO CLUB AMIGOS DO BALONCESTO SAD CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN NOMINATIVA CONCEDIDA PARA FINANCIAR A PARTICIPACIÓN NA LIGA ENDESA E NA LIGA ACB, NO ANO 2017.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados (13 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG, 3 de Marea Atlántica e 1 de Compostela Aberta)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 1 deputado (Alternativa dos Veciños)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG, Marea Atlántica e Compostela Aberta e a abstención de Alternativa dos Veciños, acorda:

"1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no

outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 6 de novembro de 2018.

2.- Conceder unha subvención nominativa ao Obradoiro Club Amigos de Baloncesto SAD, por importe de 200.000,00 €, para financiar a participación na liga Endesa e na liga ACB no ano 2017, cun orzamento subvencionado de 365.000,00 €, e aprobar o correspondente convenio de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2019, autorice o correspondente Orzamento.

"Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Obradoiro Club Amigos do Baloncesto SAD correspondente á subvención nominativa concedida para financiar a participación na liga Endesa e na Liga ACB, no ano 2017"

Na Coruña, o

REUNIDOS

D/Dna._____en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña,

D/Dna._____ en nome e representación do Obradoiro Club Amigos do Baloncesto SAD

MANIFESTAN

Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promocionen a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento do deporte

Que o **Obradoiro Club Amigos do Baloncesto SAD** é unha entidade que ten por obxecto a participación en competicións deportivas de carácter profesional de baloncesto, así como calquera outra actividade relacionada ou derivada da dita práctica.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e o **Obradoiro Club Amigos do Baloncesto SAD** coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o **Obradoiro Club Amigos do Baloncesto SAD** (CIF:A70334875) para financiar a **participación na competición LEB Ouro, no ano 2017**

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar pola entidade beneficiaria.

O **Obradoiro Club Amigos do Baloncesto SAD** desenvolveu as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
ALOXAMENTO ARBITROS	10.000,00 €
DESPRAZAMENTOS A PARTIDOS	50.000,00 €
HOTEIS EN DESPRAZAMENTOS	50.000,00 €
SEGURIDADE SOCIAL	220.000,00 €
COTA E GASTOS PARTICIPACION NA ACB	35.000,00 €
TOTAL	365.000,00 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **200.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe do **54,79%**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **54,79 %** da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0612/3411/479** na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- As subvencións outorgadas para este fin por todas as administracións públicas ao beneficiario non poderán exceder de 200.000 € durante os tres últimos exercicios fiscais, de conformidade co previsto no artigo 3 do Regulamento (UE) nº 1407/2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de mínimos*

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle **ao Obradoiro Club Amigos do Baloncesto SAD**.

De conformidade co establecido no artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, se autoriza **ao Obradoiro Club Amigos do Baloncesto SAD** para que poida concertar a execución total ou parcial das actividades obxecto da subvención con persoas socias da entidade, cando os servizos teñan que serlles encomendados pola súa especialización e idoneidade para o correcto desenvolvemento das actividades.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000,00€, con carácter previo á contratación, o **Obradoiro Club Amigos do Baloncesto SAD** deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberá constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do **Obradoiro Club Amigos do Baloncesto SAD**

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada **ao Obradoiro Club Amigos do Baloncesto SAD** unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, suscrita polo representante legal do **Obradoiro Club Amigos do Baloncesto SAD** xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

.- Relación clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

.- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto, que deberán estar comprendidas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2017.

.- No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

.- Declaración das subvencións obtidas para este fin por todas as administracións públicas nos tres últimos exercicios fiscais, para os efectos de comprobar que non exceden de 200.000 €, de conformidade co previsto no artigo 3 do Regulamento (UE) nº 1407/2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis*.

.- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira remataron o 31 de decembro de 2017

2.- Unha vez rematadas as actividades, o **Obradoiro Club Amigos do Baloncesto SAD** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **1 de marzo de 2019**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento **ao Obradoiro Club Amigos do Baloncesto SAD** para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional

non eximirá ao **Obradoiro Club Amigos do Baloncesto SAD** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo **Obradoiro Club Amigos do Baloncesto SAD** na documentación aportada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, ao **Obradoiro Club Amigos do Baloncesto SAD** terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O **Obradoiro Club Amigos do Baloncesto SAD** deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O **Obradoiro Club Amigos do Baloncesto SAD** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o **Obradoiro Club Amigos do Baloncesto SAD** deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto desta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o **Obradoiro Club Amigos do Baloncesto SAD** poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control

financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o **Obradoiro Club Amigos do Baloncesto SAD** queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116 do luns, 22 de xuño do 2015).

3.- Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116 do luns, 22 de xuño do 2015).

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do **Obradoiro Club Amigos do Baloncesto SAD** serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á

Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención **ao Obradoiro Club Amigos do Baloncesto SAD** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de marzo de 2019** e terá efectos retroactivos, xa que as actividades contempladas nel foron realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2017.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de 2019, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

15.- APROBACIÓN DO REGULAMENTO DE USO E FUNCIONAMENTO DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO "CALVO SOTELO".

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1º.- Aprobar inicialmente o Regulamento de uso e funcionamento do Pavillón Polideportivo “Calvo Sotelo”, de acordo co texto que se achega.

2º.- Someter o Regulamento a información pública e audiencia das persoas interesadas, con publicación no Boletín Oficial da Provincia, taboleiro de anuncios e sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña, por prazo de trinta días, para que poidan presentarse reclamacións ou suxestións que serán resoltas pola Corporación. De non presentárense reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, o regulamento considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

3º.- Facultar ao presidente da Deputación Provincial da Coruña para a execución e debido cumprimento do acordado nos apartados anteriores.

"REGULAMENTO DE USO E FUNCIONAMENTO DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO "CALVO SOTELO"

PREÁMBULO

A Deputación Provincial da Coruña, co obxectivo de fomentar a práctica da actividade física e o deporte e para facilitar a todas as persoas o acceso a servizos e infraestruturas deportivas, autoriza o uso do pavillón polideportivo que se atopa no IES Calvo Sotelo aos equipos que o soliciten para realizar adestramentos. En consecuencia, este regulamento ten por obxectivo regular o uso e xestión do mencionado polideportivo, e máis concretamente garantir que se faga un correcto uso do recinto, para colaborar entre o público usuario e a deputacións a manter as instalacións en óptimas condicións de funcionamento.

Cumprindo os principios de necesidade e eficacia, este regulamento está xustificado por razóns de interese xeral, identifica claramente os fins perseguidos e resulta ser o instrumento máis adecuado para garantir a súa consecución. Constitúe unha normativa que responde ao principio de proporcionalidade, pois contén a regulación imprescindible para atender ás necesidades detectadas, sen que existan outras medidas menos restritivas de dereitos ou que impoñan menos obrigas aos destinatarios. Garante, por outra banda, a seguridade xurídica, posto que vai xerar un marco normativo estable, predicible, integrado, claro e de certidume.

En aplicación do principio de transparencia, queda expedito o acceso sinxelo, universal e actualizado ao regulamento e aos documentos propios do seu proceso de elaboración, nos termos establecidos no artigo 7 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Finalmente, en aplicación do principio de eficiencia, o regulamento evita no posible cargas administrativas innecesarias ou accesorias e racionaliza, na súa aplicación, a xestión dos recursos públicos.

CAPITULO I DISPOSICIÓN XERAIS

Art. 1. OBXECTO

O presente regulamento regulará o funcionamento do pavillón polideportivo "Calvo Sotelo" pertencente á Deputación Provincial da Coruña, situado no IES Calvo Sotelo. Nel estableceranse o conxunto de regras que se han seguir para o correcto uso das instalacións deportivas e o desenvolvemento e funcionamento das diferentes actividades autorizadas.

Art. 2. ÁMBITO DE APLICACIÓN

As presentes normas serán de obrigado cumprimento para todas aquelas entidades, colectivos e/ou persoas físicas que fagan uso do pavillón.

Art. 3. COTAS E TARIFAS

O uso do pavillón está suxeito á aplicación da Ordenanza nº 13 da Deputación provincial, reguladora do prezo público pola utilización do pavillón polideportivo "Calvo Sotelo".

Art. 4. ACTIVIDADES

1. As actividades que poderán ser desenvolvidas no pavillón, serán todas aquelas que sexan acordes coa súa natureza deportiva e resulten compatibles cos seus espazos físicos.

2. Tamén poderán ser autorizadas actividades de índole deportiva ou cultural de entidades, colectivos ou persoas físicas externas á Deputación, logo da autorización previa da Deputación provincial.

CAPITULO II DEREITOS E DEBERES DAS PERSOAS USUARIAS

Art. 5. PERSOAS USUARIAS

1. Adquiren a condición de persoas usuarias do pavillón, todas as persoas que, a título individual ou formando parte dunha organización, accedan a esta, logo do cumprimento dos requisitos establecidos no presente regulamento.

2. Cando a persoa usuaria do pavillón sexa menor, serán responsables das consecuencias dos seus actos, os seus titores legais e/ou entidade solicitante do seu uso.

3. Toda persoa usuaria está obrigada a cumprir co vixente regulamento.

Art. 6. DEREITOS DAS PERSOAS USUARIAS

Son dereitos das persoas usuarias:

- Gozar e facer uso, de acordo ás normas de uso establecidas, de todos os servizos e instalacións do pavillón nos días e horas sinalados na autorización, aínda que, a Deputación por necesidades de programación ou forza maior, poderá anular ou variar as condicións establecidas, comunicando sempre esta circunstancia ás persoas usuarias afectadas.

- Facer uso dos servizos e espazos complementarios como vestiarios, aseos, etc., nos termos previstos no presente regulamento e as normas de uso interno, no seu caso.

- Atopar as instalacións, o mobiliario e o material deportivo en adecuadas condicións de uso.
- Recibir atención e trato correcto por parte do persoal que preste servizo nas instalacións.
- A Deputación só será responsable nos supostos establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, non sendo responsable de perdas de obxectos persoais, roubo ou lesións como consecuencia das actividades desenvolvidas no pavillón. A presentación da solicitude do uso do pavillón, implica a aceptación da exención de responsabilidade por parte da Deputación nos casos relacionados.

Art. 7. DEBERES DAS PERSOAS USUARIAS

Son deberes das persoas usuarias:

- Gardar o debido respecto, en todas as zonas do pavillón, aos demais usuarios, espectadores e persoal deste; así como atender en todo momento as indicacións que este realice na súa tarefa de supervisión de toda actividade que se leve a cabo nel.
- Utilizar o pavillón, material e mobiliario adecuadamente, evitando posibles deterioracións ou danos nas instalacións.
- Cumprir cos horarios establecidos na resolución pola que se lle autoriza o uso da pista polideportiva, para o desenvolvemento da actividade de que se trate.
- Cumprir coa normativa de aplicación en materia de tabaquismo, bebidas alcohólicas e substancias estupefacientes.
- ———Satisfacer, de ser o caso, en contía, forma e prazo, o prezo público establecido na Ordenanza nº 13 da Deputación provincial, reguladora do prezo público pola utilización do pavillón polideportivo "Calvo Sotelo", .
- Aboar os gastos que se ocasionen polo uso inadecuado, estragos, roturas ou similares das instalacións e do material ou mobiliario existente.
- Instalar e retirar o material e mobiliario do que fagan uso durante a actividade.
- Acceder á instalación para realizar a actividade, con indumentaria e calzado deportivo adecuado.
- Cumprir con calquera outra obriga que se derive da súa condición de usuario/a e das disposicións establecidas no presente regulamento.

Art. 8. SEGURO DE ACCIDENTES DEPORTIVOS

A Deputación declina toda responsabilidade das lesións que puidesen producirse derivadas da práctica deportiva. Será a propia persoa usuaria a que teña que correr cos gastos médicos no caso de lesión ou accidente deportivo.

CAPITULO III FUNCIONAMENTO DO PAVILLÓN

Art. 9. USO TEMPADA

1. A tempada deportiva comprende o período dende o 1 de setembro ao 30 de xuño de cada ano. Con anterioridade ao comezo desta e mediante convocatoria anual, a Deputación fará pública a apertura do prazo para a presentación de solicitudes para o uso do pavillón, poñendo a disposición das persoas interesadas, os días e horas dispoñibles.

2. Poderán acollerse a este sistema de uso, aquelas entidades/clubs/asociacións etc. que desexen utilizar de forma regular algún dos espazos do pavillón, e para o que deberán cubrir a solicitude respectiva no prazo indicado na convocatoria.
3. A convocatoria anual conterá os criterios obxectivos de selección conforme aos cales se efectuará a distribución dos usos da tempada do pavillón.
4. Para os efectos da tempada, haberá que terse en conta que o pavillón permanecerá pechado, os sábados, domingos e festivos (nacionais, autonómicos da Comunidade Autónoma de Galicia e locais do municipio da Coruña), así como do 24 de decembro ata o 6 de xaneiro, ambos inclusive.
5. Para conceder o uso do pavillón, é necesario que a persoa interesada estea ao corrente de pago das súas débedas coa Deputación Provincial da Coruña.

Art. 10. USO PUNTUAL DO PAVILLÓN

Logo da solicitude previa e autorización da Deputación, as instalacións polideportivas poderán ser obxecto de uso puntual para actividades culturais ou eventos deportivos. A autorización para este tipo de actividades terá carácter discrecional, aínda que os participantes quedarán sometidos á Ordenanza nº 13 da Deputación provincial, reguladora do prezo público pola utilización do pavillón polideportivo "Calvo Sotelo" da Deputación provincial, así como ás normas recollidas no presente regulamento. Para conceder o uso do pavillón, é necesario que a persoa interesada estea ao corrente de pago das súas débedas coa Deputación Provincial da Coruña.

Art. 11. PECHE DAS INSTALACIÓNS

O persoal responsable das instalacións poderá pechalas en calquera momento por razóns de seguridade, climatolóxicas e cando se produzan circunstancias que poidan ocasionar danos físicos a persoas e/ou danos nas instalacións. Nestes casos, no suposto de uso "tempada", non procederá a devolución do prezo público polo uso do pavillón.

Art. 12. ABOAMENTO DO PREZO PÚBLICO

Unha vez concedida a autorización para a tempada anual, as persoas usuarias do pavillón aboarán o prezo público nos termos establecidos na Ordenanza nº 13 da Deputación reguladora do prezo público pola utilización do pavillón polideportivo "Calvo Sotelo".

A non utilización da instalación reservada por causa imputable á persoa/entidade interesada, non exime do pago do prezo establecido.

Os horarios e días reservados para unha entidade/asociación son intransferibles, polo que non poderá cederse a outro equipo nin compartirse con outro club/usuario.

Art. 13. PROHIBICIÓNS

O uso do pavillón está suxeito ás seguintes prohibicións:

- § Causar danos graves de forma voluntaria ao pavillón, material ou equipamento deste.
- § Facilitar a un terceiro a entrada irregular ao pavillón.
- § A introdución, venda ou consumo no pavillón de bebidas alcohólicas ou substancias estupefacientes
- § Non aboar os gastos que se ocasionen polo uso inadecuado, danos, roturas ou similares das instalacións e do material ou mobiliario existente.

§ Non cumprir co deber de instalar e retirar o material e mobiliario do que fagan uso durante a actividade.

§ A subtracción de pertenzas e bens das instalacións deportivas ou dos seus usuarios

Os/as representantes legais das entidades deportivas e os/as organizadores/as de actividades ou eventos deportivos, serán os/as responsables solidarios/as das infraccións cometidas polas súas persoas participantes.

Art. 14. OUTRAS MEDIDAS

O persoal responsable do pavillón poderá apercibir de palabra as persoas que realicen calquera das accións consideradas como incumprimentos no presente regulamento. Só en caso de persistencia na conduta, poñerase en coñecemento da autoridade competente para que, no seu caso, expulse a persoa ou persoas implicadas.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

O presidente da Deputación poderá, mediante resolución, establecer as disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución deste regulamento.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, unha vez transcorridos os prazos establecidos no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. “

16.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN PROFESOR NOVOA SANTOS PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE EXERCICIO CON MARCHA NÓRDICA PARA A MELLORA DA FRAXILIDADE NOS ADULTOS MAIORES.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 23 de outubro de 2018 que consta no expediente.

2.- Aprobar a formalización e o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Profesor Novoa Santos, CIF (G15335219) para financiar o "Programa de exercicio con marcha nórdica para a mellora da fraxilidade nos adultos maiores", por importe de 4.843,63 € que supón unha porcentaxe do 80%

do orzamento subvencionado que é de 6.054,54 €, importe que será aboado conforme ao previsto nas cláusulas VI e VIII do convenio e con cargo a partida 0611/23121/481do orzamento vixente.

3.- Condicionar a vixencia do convenio e a aprobación do expediente á efectiva obtención do crédito adecuado e suficiente no exercicio 2019.

Número__/2018

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN PROFESOR NOVOA SANTOS PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE EXERCICIO CON MARCHA NÓRDICA PARA A MELLORA DA FRAXILIDADE NOS ADULTOS MAIORES.

Na Coruña,

Reunidos

D/Dna. _____, en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña.

D/Dna. _____, en nome e representación da Fundación Profesor Novoa Santos.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

É competente a Deputación para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de Bases de Réxime local, 7/85, art. 36 e coa Lei de Admón. Local de Galicia 5/97 , art. 109 e 119, así como coa Lei de servizos sociais de Galicia 13/2008.

Conforme as leis citadas, é competente a Deputación para o financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración coas entidades que realicen ditas actividades.

Por outra banda, segundo consta nos seus estatutos, a Fundación Profesor Novoa Santos é unha organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro. Dentro dos seus fins, está fomentar a cooperación da sociedade galega coas institucións sanitarias públicas, na consecución dos obxectivos fundacionais e realizando actividades de prestación de servizos de apoio á investigación, formativos e educativos.

Dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Fundación Profesor Novoa Santos, ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Fundación Profesor Novoa Santos, con CIF G15335219 , para financiar o programa de exercicio con marcha nórdica para a mellora da fragilidade nos adultos maiores.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

A Fundación Profesor Novoa Santos, levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO		IMPORTE
GASTOS DE PERSOAL	Monitor/a	4.134,00 €
	Biólogo/a	1.419,84 €
	Xestor/a proxecto	500,70 €
TOTAL GASTOS		6.054,54 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 4.843,63 €, o que representa unha porcentaxe do 80 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 %, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre o que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma

finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Fundación Profesor Novoa Santos. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Fundación Profesor Novoa Santos, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 euros, con carácter previo á contratación, a Fundación Profesor Novoa Santos deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a Fundación Profesor Novoa Santos tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Fundación Profesor Novoa Santos.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á Fundación Profesor Novoa Santos unha vez que se presente de xeito **telemático** (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Fundación Profesor Novoa Santos, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e,

no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

- Con esta relación chegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo previsto na cláusula oitava.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Declaración de si a entidade está ou non exenta do IVE.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, realizaranse desde o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2018.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Fundación Profesor Novoa Santos deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2019**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Fundación Profesor Novoa Santos para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Fundación Profesor Novoa Santos da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116 do luns, 22 de xuño do 2015) poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Fundación Profesor Novoa Santos na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Fundación Profesor Novoa Santos terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1.- A Fundación Profesor Novoa Santos deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A Fundación Profesor Novoa Santos destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Fundación Profesor Novoa Santos deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación Profesor Novoa Santos poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Fundación Profesor Novoa Santos queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIONES E SANCIONES

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116 do luns, 22 de xuño de 2015).

3. Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial reguladora de control financeiro de subvencións derivados (BOP nº 116 do luns, 22 de xuño de 2015).

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONES E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación Profesor Novoa Santos serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección de datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, en tanto non se opoña ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se Derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos).

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación Profesor Novoa Santos será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do 2018, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de marzo de 2019**, todo elo condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupostario correspondente.

2. Para o caso de que a Fundación Profesor Novoa Santos non poida ter presentada a xustificación antes do día 31 de marzo de 2019, deberá solicitar polo menos dous meses antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro de 2019. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a Fundación Profesor Novoa Santos perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por --

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

17.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ENTIDADE MULLERES COLLEITEIRAS SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA (F70457981) PARA FINANCIAR O EQUIPAMENTO PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE DE VALORIZACIÓN DE ACEITE VEXETAL USADO.

INTERVENCÍONS

Sra. Gallego Neira

Moitas grazas, quería explicar o sentido do voto do noso grupo.

Preténdese aprobar mediante convenio o equipamento para desenvolvemento de actividades, por vinte mil euros, case, 19.523, é para pagar subministracións, existen tres informes desfavorables con reparo da Intervención, suspensivo, non un, nin dous, senón tres, e voume centrar no que considero máis salientable que o diferenza doutros convenios.

A entidade, leo literal, non alcanza o número de socios mínimo para poder ser beneficiaria de subvencións, o número mínimo, segundo as bases de execución, ten que ser 25 socios. Xustifícase porque Arquitectos sen fronteiras é socio colaborador e dá soporte profesional para a xestión da cooperativa, outras entidades poden ter soporte doutras asociacións e aquí para nada está xustificado, o número de socios non o cumpre, en fin, sen comentarios, non cumpre as bases de execución. Di ademais o informe de Intervención que non se xustifica a excepcionalidade e se vulneran os principios de igualdade e de eficacia de gasto público, é clarísimo, é unha cooperativa, unha entidade privada, aínda que din que non teñen ánimo de lucro, si o teñen, porque venden o aceite, entón iso é un ánimo de lucro, o orzamento que presentan fala duns ingresos de 140.000, unha previsión de ingresos para o orzamento de 2018 de 140.340,00 euros, dos cales 90.000 son de subvencións e 40 de vendas, de vendas, ou sexa, existe ánimo de lucro, está ben recoller o aceite, sempre e cando cumpra os requisitos necesarios non pasa nada, no Consorcio de turismo isto faise gratis, en Arteixo e en máis concellos, en Arteixo pagan por recollelo, e eu xa non entro noutro tipo de convenios e noutras historias.

O tema claro é que non cumpren as bases de execución, non existe a excepcionalidade, hai moitas máis empresas que se dedican a isto, empresas de economía social, empresas de inclusión social, entidades ou centros especiais de emprego, que poderían facer o mesmo traballo, e isto realmente é un contrato cunha empresa privada, saltándose a Lei de contratos, unha empresa privada para unha subministración, eu sinceramente, nós imos votar en contra.

Sr. García Seoane

Discrepar totalmente da intervención que se acaba de facer. Neste salón déronse millóns de euros durante moitos anos para actividades que non había que dalos, constantemente, incluso hoxe vanse dar diñeiros que non habería que dalos desde o meu punto de vista. A min paréceme grave que se valore a un grupo de persoas de raza xitana, que están intentando integrarse na sociedade, que están buscando traballo, que se lles nega pola sociedade, todos sabemos que a un xitano

se lle poñen problemas para poder traballar en calquera sitio. É un mérito tremendo, un grupo de mulleres que levan traballando arreo e paréceme indignante comparalas con calquera multinacional das que andan pola comarca, como a que está agora no Consorcio das Mariñas, que recollían o aceite no Consorcio das Mariñas e agora vén unha multinacional a recoller o aceite para o negocio, aí si que hai negocio, isto é para subsistir un colectivo de mulleres de raza xitana, apoiados indubidablemente por unha xente que aprecia o seu labor, como é Arquitectos sin fronteras.

Polo tanto, poderá haber todos os informes, con todo o respecto, pero aquí, xa digo, pasan 50.000 cousas que desde logo se votan e non se pon ningún reparo por parte dos políticos, o interventor ten a obriga de facelos cando o estima oportuno, e coa lei na man, pero paréceme que non se pode comparar a estas mulleres e o labor destas mulleres con esas comparacións, coas multinacionais, etc. En Arteixo se pagan é porque queren, porque antes en Arteixo non pagaban, recollíao o Consorcio e eran as mulleres xitanas quen o recollían tamén, agora botáronas fóra. Polo tanto, simplemente aclarar isto.

Sra. Fraga Sáenz

Reforzar un pouco tamén o que dixeron, que a verdade que me parece vergoñento que se poida utilizar un proxecto, como é o de Mulleres Colleiteiras, que levan anos, que é dos poucos proxectos consolidados de inserción sociolaboral de mulleres xitanas de éxito, que teñen ese apoio das entidades sen ánimo de lucro para que se consiga o éxito que ten, e que poida poñer en cuestión o Partido Popular, entendo que terá que ver con cuestións que teñen demostrado ao respecto do tratamento que se fai ás veces das persoas que viven nos asentamentos precarios, en concreto, os da Coruña, falando deles cando se resitúan en concellos limítrofes de que o que traspasamos a outros concellos é... ben, non vou repetir cousas que se escoitaron neste Pleno acerca deses perfís, e utilizar un proxecto coma ese como exemplo de calquera tipo de contratación, cando é dos poucos exemplos pioneiros de mulleres, de mulleres xitanas, de mulleres que levan anos traballando na economía social, a verdade é que me dá bastante vergoña escoitárvolo e demostrades claramente o que sodes, que sodes a verdade que unha vergoña neste sentido.

Sra. Franco Pouso

Bos días a todas e a todos. Primeiro sumarme a algunhas das cousas que acaban de dicir os compañeiros desta Corporación. As notas e aclaracións oportunas fixéronse na Comisión, máis así o volvo reiterar, hai unha discrepancia ao respecto de se suma ou non os vinte e cinco asociados á entidade. Ao noso entender, ao entender da área técnica, das nosas técnicas, de quen saben o que están valorando, entendemos que si teñen máis de vinte e cinco socios. Aínda así, creo que xa fixemos constancia de que esa apostila en canto aos convenios hai que retirala, porque é difícil que moitas veces non existan estas discrepancias con Intervención, que por suposto faltaría que puxéramos en dúbida os seus criterios, máis a min sígueme asombrando a hipocrisía que se dá no que debería de ser un acto de responsabilidade política, e cando falamos hai un momentíño que se leu unha declaración institucional, a violencia non se amaña con saír un día á rúa e cada un sacar o seu logo, hai que evitala, e a primeira ferramenta para evitala é darlle precisamente a moitas das mulleres oportunidade de sobrevivir economicamente, e

iso é o que está facendo esta subvención, darlle a un colectivo moi concreto e moi desamparado socialmente, a oportunidade de que outras saiban que hai un camiño por andar, e que se pode andar, e que os políticos temos dabondo altura para acompañalas e axudalas a camiñar. Pero, ben, tamén se pode saír á rúa todos en peregrinación e logo votar aquí en contra.

De todos xeitos voulle dicir outra cousa, mire, hai un momentíño non acaban de levantar vostedes a man para darlle unha subvención a unha sociedade deportiva, unha sociedade que é anónima, non é unha entidade tamén, non é unha empresa?, ah, claro, será que igual no colectivo xitano vostedes non teñen tantos votos. Pode ser esa se cadra a razón.

E non me vou estender máis, simplemente é moi importante que as verbas vaian acompañadas polos actos, e os actos polas verbas, porque senón o concepto de señor e señora non vale para nada. Moitas grazas.

Sra. Gallego Neira

Isto é unha auténtica vergoña, e por favor cale Sra. Rocío Fraga, para empezar, se queren darlle a subvención e Arquitectos sen fronteiras as apoia, cumpran as bases de execución, déanllo a Arquitectos sen fronteiras para desenvolver o proxecto. En Coruña quedaron excluídas no contrato de limpeza e mantemento, estiveron onte na mesa de contratación, e non mo van contar, porque non cumpren os requisitos para contratar. Entón, aquí non teñen o número mínimo de socios.

Leccións, porque aquí estase falando da raza, non falamos en ningún momento, e a min non me van dar leccións vostedes, cero, vinte anos traballando en vivenda e pódolle dicir, non lle pode dar o número exacto, poderíao buscar, cantas vivendas se adjudicaron e pode falar con colectivos xitanos de como se lles tratou, pola miña parte persoalmente e pola Xunta de Galicia, ou sexa que leccións ningunha, racistas vostedes que están sacando aquí ese tema. O que hai que facer é que se cumpran os requisitos, é unha entidade con ánimo de lucro, porque vende o aceite, eu non digo que non o poida facer, habería que ver se cumpre os requisitos para facelo, se ten o carné de xestor medioambiental e todo iso, pero canta xente hai no paro?, cantas mulleres hai no paro?, cantas?, de raza xitana tamén, cantas hai?, de colectivos discapacitados, canta xente hai no paro?, non veñen con ese rolo, nós non estamos falando de razas, para nada, leccións ningunha. Vergoñento, como di vostede, é dicir o que acabamos de escoitar neste Pleno, non estamos a falar de ningunha raza, estamos falando do que din tres informes de Intervención, non teñen o número mínimo de socios, non teñen a exclusividade porque é unha empresa privada, que vende o aceite e obtén un rendemento.

Cooperativa é o mesmo, señora Fraga, é con ánimo de lucro, que o pida Arquitectos sen fronteiras, que é unha entidade sen ánimo de lucro, moi vinculada a vostedes, pero sen ánimo de lucro, e que o que pidan eles e xa está, e este é un contrato de subministración, non se está dando ningún emprego, é un contrato de subministración. Non, non, contrato para dar emprego hai unha subvención directa no Concello da Coruña de 25.000 euros para contratar a unha persoa para xestionar a cooperativa, iso é un contrato. Iso é emprego, isto non, isto é comprar unhas

máquinas, subministración vulgar e corrente, que se fai a través dun procedemento de contratación, e repito, quedaron excluídas no Concello da Coruña, ou sexa que non dean moitas leccións. Grazas.

Sra. Franco Pouso

Seguimos estando no Concello da Coruña, eu pensei que esta era a Deputación Provincial da Coruña, máis aínda así recorda vostede ou ten en mente o que acaban de aprobar, acabamos de aprobar todos por unanimidade, a cantidade que se lle acaba de dar a esta Sociedade Anónima deportiva?, pois nada, sigan actuando vostedes como entendan.

VOTACIÓN

Votan a favor: 18 deputados (8 do PSOE, 5 do BNG, 3 de Marea Atlántica, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: 13 deputados (PP)

Abstéñense: ningún deputado

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños e o voto en contra do PP, acorda:

"1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de data 16 de novembro de 2018 que consta no expediente.

2.- Aprobar a formalización e o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a entidade Mulleres Colleiteiras Sociedade Cooperativa Galega (F70457981) para financiar o "Equipamento para o desenvolvemento da actividade de valorización de aceite vexetal usado", por importe de 19.523,70 € que supón unha porcentaxe do 80% do orzamento subvencionado que é de 24.404,62 €, importe que será aboado conforme ao previsto nas cláusulas VI e VIII do convenio e con cargo a partida 0611/23121/781 do orzamento vixente.

3.- Condicionar a vixencia do convenio e a aprobación do expediente á efectiva obtención do crédito adecuado e suficiente no exercicio 2019.

Número /2018

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E MULLERES COLLEITEIRAS SOCIEDADE COOP GALEGA PARA FINANCIAR O EQUIPAMENTO PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE DE VALORIZACIÓN DE ACEITE VEXETAL USADO

Na Coruña,

REUNIDOS

D/Dna. _____, en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña.

D/Dna. _____, en nome e representación de Mulleres Colleiteiras Sociedade Coop Galega

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Que Mulleres Colleiteiras Sociedade Coop Galega constitúe unha sociedade cooperativa de traballo asociado sen ánimo de lucro, dotada de plena personalidade xurídica e, de conformidade co artigo 4 dos Estatutos, ten por obxecto a prestación do traballo das persoas socias para producir en común bens e servizos para terceiros e a mellora da calidade e condición da vida da persoa, considerada de forma individual e colectiva.

Que a Deputación da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de Bases de Réxime Local 7/85 do 2 de abril , art. 36 e coa Lei de Admón. Local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así como co disposto na Lei de Servizos Sociais de Galicia 13/2008, art. 61 a 63.

Dado o interese coincidente da Deputación e de Mulleres Colleiteiras Sociedade Coop Galega, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e Mulleres Colleiteiras Sociedade Coop Galega CIF F70457981, para financiar os gastos do equipamento para o desenvolvemento da actividade de valorización de aceite vexetal usado.

II.- ORZAMENTO DA SUBMINISTRACIÓN DO EQUIPAMENTO OU BEN

Segundo o presuposto que achega Mulleres Colleiteiras Sociedade Coop Galega, o orzamento máximo para a adquisición do equipamento ou ben ascende a 24.404,62 euros (sen IVE), consorte ao seguinte orzamento:

Tipo de ben	Nº UNIDADES	Prezo
Isotermo 1.500 l	1	6.365,00 €
Depósito 14.000 l	1	7.900,00 €
Instalación aerotermia	1	4.425,00 €
Instalación eléctrica	1	951,12 €
Instalación entre cubeta-depósito	1	1.163,50 €
Máquina volca-contedores	1	1.800,00 €
Máquina lavado bidóns	1	1.800,00 €
Total sen IVE		24.404,62 €

* IVE non subvencionado

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE .

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento de adquisición, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 19.523,70 €, o que representa unha porcentaxe de 80%. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80%, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao cobro da mesma.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da adquisición do ben ou equipamento e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de transporte, nin os posibles honorarios derivados de informes periciais de valoración ou de carácter notarial ou rexistral.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/781, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma

finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na súa condición de adquirente, corresponderalle a Mulleres Colleiteiras Sociedade Coop Galega o outorgamento do correspondente contrato de compravenda. Non se poderá contratar dita adquisición con persoas o entidades vinculadas á Mulleres Colleiteiras Sociedade Coop Galega, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións

2. Se o importe da adquisición supera os 15.000 euros, con carácter previo á contratación, Mulleres Colleiteiras Sociedade Coop Galega deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Adquirido o ben ou equipamento, Mulleres Colleiteiras Sociedade Coop Galega deberá colocar un cartel en calquera lugar visible no que figure o anagrama provincial e no que se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

A achega da Deputación seralle aboada a Mulleres Colleiteiras Sociedade Coop Galega unha vez que se presente de xeito **telemático** (a través da plataforma subtel) os seguintes documentos:

- Certificación do acordo polo que se aproba a adquisición dos bens ou equipamentos, expedida polo órgano competente.
- Copia do contrato formalizado/s, do albará de entrega e da factura.
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens de Mulleres Colleiteiras Sociedade Coop Galega.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Compromiso conforme os resultados positivos que se produzan nun exercicio económico non poderán ser distribuídos entre as persoas socias, destinándose os excedentes dispoñibles ao Fondo de Reserva Obrigatorio.
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación Provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.

- Mulleres Colleiteiras Sociedade Coop Galega estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o disposto na cláusula V.2 de publicidade.

VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. A adquisición do ben ou equipamento que é obxecto de financiamento provincia realizarase entre o **1 de xullo de 2018 e o 30 de abril de 2019**.

2. Unha vez realizada a adquisición, Mulleres Colleiteiras Sociedade Coop Galega deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de outubro de 2019**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento a Mulleres Colleiteiras Sociedade Coop Galega para que á presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Mulleres Colleiteiras Sociedade Coop Galega da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP n 116 do luns, 22 de xuño do 2015) poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada por Mulleres Colleiteiras Sociedade Coop Galega na documentación achegada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, Mulleres Colleiteiras Sociedade Coop Galega terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. Mulleres Colleiteiras Sociedade Coop Galega deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a

presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. Mulleres Colleiteiras Sociedade Coop Galega destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, Mulleres Colleiteiras Sociedade Coop Galega poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, Mulleres Colleiteiras Sociedade Coop Galega queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial reguladora do

control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116 do luns, 22 de xuño de 2015).

3. Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial reguladora de control financeiro de subvencións derivados (BOP nº 116 do luns, 22 de xuño do 2015).

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONES E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Mulleres Colleiteiras Sociedade Coop Galega serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención a Mulleres Colleiteiras Sociedade Coop Galega será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xullo do 2018, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de outubro de 2019.

2. Previa solicitude de Mulleres Colleiteiras Sociedade Coop Galega, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada , e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por -----

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento."

18.-APROBACIÓN DO CONVENIO ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DA CAMARIÑAS PARA FINANCIAR O PROXECTO "XXVII MOSTRA DO ENCAIXE DE CAMARIÑAS 2018".

INTERVENCÍONS

Sr. García Seoane

Simplemente para clarificar o meu voto. Eu voume abster, eu estou totalmente de acordo coa Feira de Camariñas do Encaixe, o que non estou de acordo, xa o dixen na Comisión, non estou de acordo co gasto, creo que con menos diñeiro faise o mesmo que levan adiante, e esa é a razón pola que me vou abster. Máis nada.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados (13 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG e 3 de Marea Atlántica)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 2 deputados (1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG e Marea Atlántica e a abstención de Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños, acorda:

"1.-Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da

subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva:

- A actividade subvencionada ao Concello da Camariñas “XXVIII Mostra do Encaixe de Camariñas”, está dentro dun proxecto que o Concello de Camariña está levando acabo dende o ano 1991 e que ten unha singularidade única dende o punto de vista da promoción económica, e ante a dificultade por causa das limitación, tanto de distribución e comercialización como da produción e dinamización do colectivo de palilleiras para promover o cooperativismo e da trascendencia para esta industria do encaixe para a economía local. O Concello de Camariñas deseñou un Programa de Desenvolvemento do Encaixe, para que a vila de Camariñas, potencie esta actividade como medio de desenvolvemento económico, social e xerador de emprego e riqueza non só a nivel local, senón tamén provincial.
- Por outra banda, segundo a memoria presentada pola concello a natureza do evento consiste en executar un programa global, que a través de múltiples e singulares accións, xa descritas anteriormente e que se xuntan ao expediente, contribuirán a manter a posición de Camariñas como destino tanto comercial como turístico de primeira orde.
- Por outra banda o proxecto pola envergadura e importes que implica, excede dos parámetros das subvencións que veñen concederse nas convocatorias de réxime de concorrencia competitiva do Servizo.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Camariñas con CIF P1501600I para financiar as actividades “XXVIII Mostra do Encaixe de Camariñas” cunha achega provincial de 120.000,00 € con cargo á aplicación presupostaria 0510/3341/46201, que representa un coeficiente de financiamento do 63,16 % con respecto a un orzamento de 190.000,00 €.

4º No expediente de modificación de crédito 4/2018 no que quedou incorporado crédito para atender o gasto previsto no convenio.

5º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.

6º O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Camariñas

A Coruña

REUNIDOS

Dunha parte,
da Coruña,

en representación da Deputación Provincial

E doutra parte,
CAMARIÑAS

en representación do CONCELLO DE

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas.

1. Que a Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DE CAMARIÑAS consideran de gran interese para a provincia potenciar que o sector do encaixe se converta nunha actividade rendible de futuro, para isto o Concello de Camariñas deseñou un programa de desenvolvemento do encaixe no dito programas contemplouse as seguinte áreas de intervención: formación, investigación, produción, distribución e comercialización, todo este proceso repercute favorablemente como medio de desenvolvemento económico, social e xerador de emprego e riqueza non só a nivel local, senón tamén provincial.
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONCELLO DE CAMARIÑAS, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o **CONCELLO DE CAMARIÑAS**, CIF P1501600I, para o financiamento do "XXVIII Mostra de Encaixe de Camariñas".

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

O CONCELLO DE CAMARIÑAS levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

ACTIVIDADES	IMPORTE
Capítulo I: Gastos de persoal	
Custos de persoal contratado	13.000,00
Capítulo II: Gastos correntes	
Megafonía interior e exterior, iluminación, pantallas, cámaras e operadores	15.200,00
Servizo de modelos e coreografía	14.300,00

Publicidade en diferentes medios	30.000,00
Transportes diversos, bus encaixeras...	1.400,00
Servizo de xenerador, acometidas eléctricas, conmutador...	4.000,00
Servizo de montaxe de instalacións interiores da Mostra do Encaixe	14.000,00
Carpas e xaimas	3.000,00
Servizo de vixilancia	5.000,00
Reportaxe fotográficos e vídeo	4.600,00
Imprenta: rotulación en vinilos, nomes stands...	2.000,00
Servizo de limpeza, montaxe, feira e desmontaxe	5.000,00
Actividades complementarias: stand Xapón, talleres	2.200,00
Varios gastos servizos montaxe: colocación de moqueta feiral, elevador, outros subministración.	6.500,00
Restauración en diferentes facturas: manutención de encaixeiras das delegacións dos países invitados, deseñadores das firmas, persoal voluntario; azafatas/os e protección civil durante 5 días.	16.000,00
Subministracións de Encaixe para as coleccións dos noveis e grandes deseñadores da Pasarela de moda	12.000,00
Subministracións de camisetas persoal voluntario	1.800,00
Servizo de actuacións artísticas	3.000,00
Campamento Náutico Encaixe Azul	2.000,00
Talleres lúdicos e parque infantil	4.000,00
Recreación palilladas	1.000,00
Realización do cartel e vídeo promocional	9.600,00
Servizo de consultaría, análise, deseño e posta en marcha da estratexia de comunicación	8.000,00
Estudo e xestión da pasarela de firmas e encontro de bloggers	6.800,00
Deseño feiral	1.600,00
Deseño e preparación Camariñas de Cine con coloquios	4.000,00
TOTAL	190.000,00

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 120.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 63,16%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 63,16% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/3341/462.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE CAMARIÑAS obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao CONCELLO DE CAMARIÑAS o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación o CONCELLO DE CAMARIÑAS axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que o CONCELLO DE CAMARIÑAS tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE CAMARIÑAS.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade establecida no disposto na Base 58ª das de execución do Orzamento para o ano 2018, ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do CONCELLO DE CAMARIÑAS, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- 1.- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- 2.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- 3.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- 4.- O CONCELLO DE CAMARIÑAS estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditarla mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2. Rematada completamente a realización da actividade, procederáse ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- 1.-Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE CAMARIÑAS, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- 2.-Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- 3.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- 4.-Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE CAMARIÑAS na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE CAMARIÑAS terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

O CONCELLO DE CAMARIÑAS deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, se realizaran entre o día 1 de xaneiro ata o 30 de outubro do ano 2018.

2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE CAMARIÑAS deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo de DUN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE CAMARIÑAS para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE CAMARIÑAS da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE CAMARIÑAS na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE CAMARIÑAS terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONCELLO DE CAMARIÑAS deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE CAMARIÑAS destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CONCELLO DE CAMARIÑAS deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO DE CAMARIÑAS poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE CAMARIÑAS queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial reguladora do

control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP núm. 116 do luns, 22 de xuño do 2015)

3. Para os supostos de atrasos na realización das obras ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP núm. 116 do luns, 22 de xuño do 2015)

4. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE CAMARIÑAS serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE CAMARIÑAS será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados **dende o día 1 de xaneiro ata o 31 de outubro do ano 2018**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o **día 31 de marzo do ano 2019**, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que o CONCELLO DE CAMARIÑAS non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 28 de febreiro de 2019**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con

esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE CAMARIÑAS perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do CONCELLO DE CAMARIÑAS, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ___ de ___ de ____ E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

19.- APROBACIÓN DO CONVENIO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE BRIÓN PARA FINANCIAR O PROXECTO "ESPAGO COLABORATIVO TRANSFORMANDO EN BRIÓN" DENTRO DA LIÑA 2.3 PEL-EMPRENDE 2018 DO PLAN DE EMPREGO LOCAL 2016-2019 (PEL)

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva:

- O espazo colaborativo “Transformando en Brión” ten como obxecto a posta en marcha, no Concello de Brión”, dun espazo coworking de traballo colaborativo para a transformación de alimentos do sector primario (hortalizas, conservas vexetais, zumes, cogomelos, cereais, marmeladas, embutidos, doces, panificación etc.) con rexistro sanitario, o que permitirá a súa posterior comercialización por parte das persoas produtoras.
- A súa execución pon de manifesto o seu carácter innovador no sector agrogandeiro, ao non existir na actualidade en Galicia ningún centro público destas características, iniciativa que si está a funcionar noutras comunidades autónoma e noutros países da Unión Europea.
- O obxectivo que se expón con este proxecto é promover a sustentabilidade das pequenas explotacións agrogandeiras, facilitando a produción asociativa de alimentos frescos e transformados tanto animais coma vexetais, cumprindo coa normativa sanitaria, valorizando a calidade e a diversidade dos producións locais que demanda unha sociedade que consume máis san e responsablemente.
- Co fin de acadar este obxectivo, fórmulase a creación dun espazo coworking que dispoña de rexistro sanitario orientado á transformación de materias primas do primeiro sector en produtos elaborados, para a súa posterior comercialización por parte das persoas produtoras, dirixida tanto a consumidores/as directos (particulares, restaurantes ou comedores escolares) como indirectos (tendas de produtos ecolóxicos, comercio local de proximidade, supermercados, etc).
- Trátase dun espazo concibido para a transferencia, un espazo xerador de oportunidades no rural que dea resposta a unha demanda de consumo e da produción local e que pretende impulsar o sector das pequenas explotacións agrogandeiras, baseado nunha metodoloxía asociativa e participativa e que valoriza os circuitos curtos de produción-comercialización.
- Coa posta en marcha deste espazo, o Concello de Brión e a Deputación da Coruña, queren poñer a disposición das persoas emprendedoras do sector agrogandeiro, uns determinados servizos, unhas infraestruturas físicas de apoio para o desenvolvemento dos seu proxectos empresariais, co fin de que mediante unha xestión correcta, se facilite o desenvolvemento de iniciativas na localidade, comarca e entorno.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Brión con CIF P1501300F para financiar as actividades “Espazo colaborativo transformando en Brión” dentro da liña 2.3 PEL-EMPRENDE 2018 do Plan de Emprego Local 2016-2019 (PEL) cunha achega provincial de 158.632,80 € con cargo á aplicación presupostaria 0510/24100/76201, que representa un coeficiente de financiamento do 74,38 % con respecto a un orzamento de 213.266,86 €.

4º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.

5º O texto íntegro do convenio é o seguinte:

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE BRIÓN PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS E SUBMINISTRACIÓNS DO PROXECTO “ESPAZO COLABORATIVO TRANSFORMANDO EN BRIÓN”, DENTRO DA LIÑA 2.3 PEL EMPRENDE 2018, DO PLAN DE EMPREGO LOCAL 2016- 2019 (PEL)

Na Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte D. Valentín González Formoso, presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte D. José Luis García García, con DNI núm. 76501114D, en representación do CONCELLO DE BRIÓN.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial da Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local. O municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o CONCELLO DE BRIÓN e Deputación da Coruña:

1. Que a Deputación provincial da Coruña e o CONCELLO DE BRIÓN consideran de grande interese para a provincia da Coruña o obxectivo de vitalizar e impulsar todos os aspectos relacionados coa promoción e dinamización económica da provincia.

2. Que a Deputación provincial da Coruña está a xestionar no presente mandato o Programa de Emprego Local (PEL) 2016-2019 como o instrumento fundamental da estratexia provincial polo emprego.
3. Que o CONCELLO DE BRIÓN conta con medios materiais e instalacións precisas para implementar, xunto coa Deputación, unha política activa de apoio ao emprendemento e o fomento do emprego no sector agrogandeiro, na comarca de Santiago e limítrofes.
4. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONCELLO DE BRIÓN en promover o sector do emprendemento e o emprego no sector primario e de establecer medidas efectivas de loita contra o desemprego, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

Dado o interese coincidente da Deputación e do CONCELLO DE BRIÓN ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1. O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do CONCELLO DE BRIÓN, con CIF P1501300F, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das obras e subministracións “PROXECTO PARA ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA COWORKING”, tal e como aparecen definidas estas no proxecto técnico de execución redactado por Salgado e Liñares Arquitectos S.L.P, COAG 30.009. Así o convenio establece as bases para:

2. O CONCELLO DE BRIÓN, na súa condición de promotor da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3. A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de

vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista, polo menos **durante un prazo de dez anos**.

4. O CONCELLO DE BRIÓN, achega ao expediente na memoria do proxecto “Espazo Colaborativo Transformando en Brión”, o detalle dos bens ou equipamento necesario para o espazo de coworking.

II.- ORZAMENTO

O orzamento total da execución de contrata da obra “Proxecto para acondicionamento de local para coworking”, segundo o proxecto técnico desagregase co seguinte detalle:

Presuposto de execución material	65.837,73
Gastos xerais (6%)	3.950,26€
Beneficio industrial (13%)	8.558,90€
Presuposto de contrata	78.346,89€
Imposto sobre o valor engadido (21%)	16.452,85€
Presuposto total	94.799,74€

Segundo a memoria achegada polo CONCELLO DE BRIÓN, o orzamento máximo para a adquisición ascende a 118.467,12 euros, co seguinte detalle:

Adecuación do local: EQUIPAMENTO	
Equipamento zona obradoiro	102.591,61€
Equipamento zona almacén	1.027,60€
Equipamento zonas comúns	5.899,96€
Equipamento sala polivalente: exposición	3.436,40€
Equipamento sala polivalente: formación	5.511,55€
	118.467,12€

Polo tanto, o orzamento total para a actuación obxecto do convenio ascende a 213.266,86€.

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras e da adquisición dos bens mobles, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 158.632,80€ o que representa unha porcentaxe do 74,38%. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da actuación, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 74,38% da

cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra, adquirir as subministracións e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licencias, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.** Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da subministración e instalación do ben moble.

5. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/24100/76201 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito de abondo polo importe indicado, tal e como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención Provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

6. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

7. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao CONCELLO DE BRIÓN o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. Nos procedementos de contratación, o CONCELLO DE BRIÓN axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, ben mediante o **procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado**.

3. Deberá utilizar os **pregos- tipo de contratación da Deputación** e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4. No caso de que o CONCELLO DE BRIÓN tramite e APROBE ALGUNHA **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

5. Na súa condición de adquirente, corresponderalle ao CONCELLO DE BRIÓN o outorgamento do correspondente contrato de subministracións.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

No tocante á publicidade do financiamento provincial das obras:

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o CONCELLO DE BRIÓN, estará obrigado a colocar un **cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

No tocante á publicidade das subministracións:

3. No contrato e nos anuncios de licitación para a adquisición dos bens mobles, farase constar o importe do financiamento provincial.

4. Adquiridos os bens, o CONCELLO DE BRIÓN deberá **rotular os bens en lugar visible** de xeito que se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 57ª e 58ª das de execución do Orzamento para o ano 2018, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do CONCELLO DE BRIÓN pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra e das subministracións, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medio electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

Ao respecto das obras:

- **Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- **Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.
- Acreditación da **colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V.-1, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

Ao respecto das subministracións:

- **Certificación do acordo de adxudicación definitiva do/s contrato/s de subministracións**, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: persoa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acreditación do cumprimento do disposto na cláusula V.-3 de publicidade.

O CONCELLO DE BRIÓN, deberá achegar ademais:

- Acreditación do **cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación** expedida polo órgano responsable da contabilidade das **axudas e outros ingresos** afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.

2. Rematada completamente a obra e recibidas as subministracións, procederase ao aboamento do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

Ao respecto das obras:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula V.-2**, mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens** do CONCELLO DE BRIÓN, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos **durante un prazo de dez anos**.

Ao respecto das subministracións:

- **Certificación acreditativa do pago do ben**.
- **Certificación do acordo da incorporación do/s ben/s ao inventario de bens** do CONCELLO DE BRIÓN, facendo constar nos correspondentes asentos que o/s ben/s queda/n afecto/s á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos **durante un prazo de dez anos**.

O CONCELLO DE BRIÓN deberá achegar ademais:

- Acreditación do **cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**.

3. O aboamento da contía materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE BRIÓN na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE BRIÓN terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS, ADQUISICIÓN DOS BENS MOBLES E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As obras e as subministracións que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar rematadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula VI no prazo indicado na cláusula XIII.

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade Xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE BRIÓN para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE BRIÓN da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulta aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONCELLO DE BRIÓN deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. O CONCELLO DE BRIÓN autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

No tocante ao destino e manexo dos fondos recibidos:

1. O CONCELLO DE BRIÓN destinará os fondos recibidos á creación dun espazo colaborativo para a transformación de alimentos do sector primario con rexistro sanitario, que permitirá a súa posterior comercialización por parte das persoas produtoras.
2. O CONCELLO DE BRIÓN destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
3. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.
4. O CONCELLO DE BRIÓN deberá adscribir os bens obxecto da subvención durante un prazo mínimo de dez anos á finalidade para a que foi concedida.
5. O CONCELLO DE BRIÓN deberá integrar o espazo de traballo colaborativo "Transformando en Brión" á Rede Provincial de Espazos de Traballo da Deputación a través da forma dun documento de adhesión que o compromete a levar a cabo as súas actuacións e actividades:
 - Respectando uns parámetros comúns de traballo que a entidade provincial establecerá nun Marco Común de Actuación para todos os espazos de traballo que conformarán a rede.
 - De conformidade coas directrices establecidas pola Deputación da Coruña na Estratexia de Coordinación e Xestión dos distintos espazos.

- Aplicando as instrucións de publicidade e difusión da rede e dos espazos que a integran definidas na Estratexia Conxunta de Promoción e Difusión da Rede da Deputación da Coruña.

X.- CONTROL FINACEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO DE BRIÓN poderá ser escollido pola Intervención Provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE BRIÓN, queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de atraso na realización das obras ou nas subministracións ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓN E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE BRIÓN serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE BRIÓN será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO de 2019**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.
2. Para o caso de que o CONCELLO DE BRIÓN non poida ter rematadas as obras e as subministracións e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2019**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitud un novo programa de traballo asinado pola dirección da obra, co fin de a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente par ao pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2020**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirirá ao CONCELLO DE BRIÓN para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De

non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

3. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e polo CONCELLO DE BRIÓN respectivamente.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan en cuadriplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

20.-APROBACIÓN DO CONVENIO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE BOIRO PARA FINANCIAR O PROXECTO "PROGRAMA DE FORMACIÓN ACELERACIÓN EMPRENDE-LAB BARBANZA" DENTRO DO MARCO DO PLAN DE EMPREGO LOCAL 2016-2019 (PEL)

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.-Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios se encontran recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2º.- Apréciense no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva:

- O programa de Formación-Aceleración EMPRENDE-LAB BARBANZA, é un exemplo de colaboración público-privada entre o Concello de Boiro (propietario das instalacións nas que se sitúa o Viveiro de Empresas e o futuro espazo de coworking) e a Asociación Boirense de Empresarios (entidade representativa do empresariado da Comarca do Barbanza), que se encargará da xestión do propio viveiro e do espazo de coworking en colaboración co resto de asociacións empresariais da comarca, coas que xa ten asinadas cartas de apoio ao programa (Asociación de Empresarios, Comerciantes e Traballadores Autónomos da Pobra do Caramiñal; Asociación de Comerciantes e Profesionais Noia Histórica; Asociación Rianxeira de Empresarios; Asociación de Empresarios de Padrón, Rois e Dodro).
- Ó ámbito de actuación do programa é a Comarca do Barbanza, unha das máis importantes no ámbito socioeconómico da provincia da Coruña, soamente superada polas tres grandes áreas metropolitanas da Coruña, Santiago e Ferrol. Está formada por catro concellos (Rianxo, Boiro, A Pobra do Caramiñal e Ribeira) sumando unha poboación total de 67.331 habitantes.
- O programa ten o obxectivo de favorecer o desenvolvemento e benestar da Comarca do Barbanza a través da creación dun espazo motivante e inspirador que sirva de punto de encontro e colaboración entre profesionais e demais axentes da zona, coma unha rede con outros centros e organizacións. Querendo ser un catalizador dun cambio que require novas formas de actuar e do desprezo dos talentos individuais e colectivos da comarca. Busca ser un referente dunha colaboración público-privada-cidadá, innovadora e eficaz, baseada na colaboración e a constante procura de obxectivos comúns entre os diferentes axentes participantes.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Boiro con CIF P1501100J para financiar o proxecto “Programa de Formación Aceleración Emprende-LAB Barbanza” dentro do marco do Plan de Emprego Local 2016-2019 (PEL) cunha achega provincial de 75.000,00 € con cargo á aplicación presupostaria 0510/24100/46201, que representa un coeficiente de financiamento do 75,99747 % con respecto a un orzamento de 98.687,50 €.

4º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.

5º O texto íntegro do convenio é o seguinte:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE BOIRO PARA FINANCIAR O PROXECTO “PROGRAMA DE FORMACIÓN- ACELERACIÓN EMPRENDE- LAB BARBANZA” NA ANUALIDADE 2018, NO MARCO DO PLAN DE EMPREGO LOCAL 2016- 2019

Na Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte D. Valentín González Formoso presidente da. Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte D. Juan José Dieste Ortigueira, con DNI núm. 54450681D, en representación do Concello de Boiro

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Que a Deputación provincial da Coruña e o Concello de Boiro consideran de grande interese para a provincia potenciar a cultura emprendedora e o desenvolvemento de novos proxectos empresariais, a través de formación e titorización das persoas que os promovan. Ambas as dúas partes estiman necesario avanzar no desenvolvemento de medidas de apoio e impulso que contribúan a promover o traballo por conta propia, o espírito emprendedor e a creación de empresas.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do Concello de Boiro, no marco dos seus fins e competencias, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Boiro, CIF P1501100J para o financiamento do proxecto "Programa de Formación- Aceleración EMPRENDE- LAB BARBANZA" na anualidade 2018.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

O Concello de Boiro levará a cabo as actividades do proxecto, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento desagregado en función da natureza do gasto e a súa adecuación aos prezos do mercado:

ACTIVIDADES		IMPORTE
Asistencia técnica para a dinamización do empresariado		16.000,00€
Dinamización EmprendePoint (1 experto/a durante 12 meses. 1.333,33€ custe/mes)	16.000,00€	
Gastos correntes		18.937,50€
Gastos correntes e mantemento de instalacións	9.750,00€	
Publicidade, comunicación e difusión	9.187,50€	
Actividades formativas		63.750,00€
Emprenday! (inc.Selección de proxectos) (8 horas. 187,50€ custe/hora)	1.500,00€	
Workshops (18 horas. 125€ custe/hora)	2.250,00€	

Programa Formación- Aceleración (inc. ExpMan+titorización) (166 horas. 301,20€ custe/hora)	50.000,00€	
Programas de mellora da xestión empresarial (40 horas. 250€ custe/hora)	10.000,00€	
Total custo proxecto		98.687,50€

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 75.000,00€, o que representa unha porcentaxe do 75,99747% do custo do proxecto.

ACTIVIDADES	APORTACIÓN CONCELLO BOIRO	APORTACIÓN DEPUTACIÓN DA CORUÑA	TOTAL
Asistencia técnica para a dinamización do empresariado			16.000,00 €
Dinamización EmprendePoint (1 experto/a durante 12 meses. 1333,33€ custe/mes)		16.000,00 €	16.000,00 €
Gastos correntes			18.937,50 €
Gastos correntes e mantemento de instalacións	9.750,00 €		9.750,00 €
Publicidade, comunicación e difusión	9.187,50 €		9.187,50 €
Actividades formativas			63.750,00 €
Emprenday! (inc. Selección de proxectos) (8 horas. 187,50€ custe/hora)		1.500,00 €	1.500,00 €
Workshops (18 horas. 125€ custe/hora)		2.250,00 €	2.250,00 €
Programa Formación- Aceleración (inc. ExpMan+titorización) (166 horas. 301,20 custe/hora)	4.750,00 €	45.250,00 €	50.000,00 €
Programas de mellora da xestión empresarial (40 horas. 250€ custe/hora)		10.000,00 €	10.000,00 €
	23.687,50 €	75.000,00 €	98.687,50€

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 75,99747% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que

a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/24100/462.01 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

A subvención da Deputación non é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Boiro obteña para a mesma finalidade.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

Corresponderalle ao Concello de Boiro o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

As actividades subvencionadas que subcontracte o Concello de Boiro con terceiros non excederán do 81% da actividade subvencionada. En ningún caso poderán subcontractarse actividades que, aumentando o custo da actividade subvencionada, non acheguen valor engadido ao contido desta.

De conformidade co disposto na Base 51 das de execución do orzamento da Deputación da Coruña para o ano 2018, no procedemento de contratación o Concello de Boiro axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, utilizando para tal fin os pregos de condicións xerais da Deputación provincial para o procedemento aberto, garantindo en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación.

Atendendo ao disposto no artigo 29 da Lei xeral de subvencións, cando a actividade concertada con terceiros exceda do 20% do importe da subvención e o dito importe sexa superior a 60.000 euros, a contratación estará sometida ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- Que o contrato se celebre por escrito.
- Que a celebración do mesmo se autorice previamente polo Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego.

No caso de que o Concello de Boiro tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre

o financiamento da Deputación Provincial da Coruña e se utilizará o logo oficial do Plan de emprego local, dispoñible na web: www.emplo.dacoruna.gal

Coa memoria e conta xustificativa, o Concello de Boiro achegará os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

De acordo co disposto na Base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2018, ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de Boiro, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionábel unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

1. Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adjudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adjudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
2. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
3. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
4. O Concello de Boiro estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditarla mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

1. Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do Concello de Boiro, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
2. Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
No caso de gastos de persoal contratado directamente polo concello, indicárase para cada traballador e mes: a data, o importe bruto da nómina e o importe da seguridade social con cargo á entidade local.
3. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
4. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
5. O concello deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.
6. O Concello de Boiro estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditarla mediante a presentación dos documentos correspondentes
7. Declaración de non ter solicitadas ou concedidas outras axudas ou subvencións para a mesma finalidade.

O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Boiro na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Concello de Boiro terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, realizaranse entre o 1 de xaneiro de 2019 e o 31 de agosto de 2019.

2. Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Boiro deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo de UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Boiro para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Boiro da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56 das de Execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Boiro na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Boiro terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello de Boiro deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a

presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Concello de Boiro destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Boiro poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Boiro queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 56 das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 56 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00€ se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00€.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Boiro serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Boiro será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados **dende o día 1 de novembro de 2018 ata o 31 de agosto de 2019**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **30 de novembro de 2019**, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que o Concello de Boiro non poida, por motivos excepcionais, ter executadas as actividades obxecto do convenio, e presentada a xustificación **antes do 31 de outubro de 2019**, deberá solicitar polo menos un mes antes desta data a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio

orxamentario correspondente. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do **31 de outubro de 2020**. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello de Boiro perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello da Coruña, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ___ de ___ de ___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O representante da Deputación

O representante do Concello de Boiro"

21.-APROBACIÓN DO CONVENIO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CARBALLO PARA FINANCIAR O PROXECTO "DESEÑO E CREACIÓN DUN ESPAZO DE TRABALLO COLABORATIVO NO CONCELLO DE CARBALLO" DENTRO DO MARCO DO PLAN DE EMPREGO LOCAL 2016-2019.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

" 1.-Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de

causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios se encontran recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva:

- O Concello de Carballo, dentro da súa estratexia global de promoción económica, considera que unha das prioridades e principal área de traballo é o asesoramento ás persoas emprendedoras e o apoio a novas iniciativas económicas como base para o desenvolvemento económico e social do concello, así como para a creación de emprego local sostible, innovador e de calidade. Neste sentido, o Concello de Carballo contempla unha nova liña de traballo baseada en complementar os servizos presentes no Fórum Carballo e na Oficina de Promoción Económica e por iso pretende unir un novo proxecto que complemente a oferta de recursos e ferramentas para impulso do espírito emprendedor e a asistencia técnica a promotores/as de proxectos empresariais. Así, quere poñer en marcha un Espazo de Traballo colaborativo que sexa referencia para as persoas emprendedoras e as empresa e que constitúa como un centro de recursos que responda con eficacia e metodoloxías innovadoras ás demandas das persoas emprendedoras e das iniciativas empresariais en fase de maduración.
- Co obxecto de maximizar o aproveitamento das infraestruturas públicas, o Concello de Carballo considera idóneo localizar este espazo de traballo no Fórum. O Fórum é un conxunto de instalacións enfocado á prestación de servizos relacionados coa formación e coa dinamización do emprego na Costa da Morte, composto por un total de 5 edificios deseñados especificamente para conter diferentes accións formativas (dende hostalaría, ata cantaría, pasando por a madeira, fabricación mecánica ou carpintaría metálica) e servizos, entre os que salientan a Bolsa de Traballo do Concello de Carballo ou o Servizo Galego de Colocación.
- O Espazo de Traballo Colaborativo, tal e como se especifica na memoria técnica presentada polo concello, localizárase no edificio 1, no que conxunto co Auditorio de 120 cadeiras, conviven diferentes salas de exposicións e usos múltiples. Concretamente, o espazo situárase no segundo andar, que conta cunha superficie de 156 metros cadrados.
- En definitiva, o Concello de Carballo presenta o deseño do Espazo de Traballo colaborativo coa intención de convertelo, ao igual que os diferentes programas e servizos ofertados no Fórum Carballo, nunha referencia en materia de apoio á economía colaborativa para as comarcas de Bergantiños e da Costa da Morte. Deste xeito, e sempre en colaboración coa Rede Técnicos/as Locais de Emprego de Galicia e cons Axentes de Emprego e Desenvolvemento Local que prestan o seu servizo nos diferentes concellos. Así o ámbito de actuación do Espazo, terá un alcance supramunicipal ao dirixirse á totalidade do colectivo de persoal emprendedoras dos concellos da Comarca de Bergantiños e da Costa da Morte. Tamén irá dirixido a aquelas iniciativas económicas en fase de maduración que precisan apoio técnico especializado e outro tipo de recursos de carácter relacional que o Espazo de Traballo Colaborativo poñerá á súa disposición.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Carballo con CIF P1501900C para financiar as actividades “Deseño e creación dun espazo de traballo colaborativo no Concello de Carballo” dentro do marco do Plan de Emprego Local 2016-2019 (PEL)” cunha achega provincial de 75.000,00 € con cargo á aplicación presupostaria 0510/24100/46201, que representa un coeficiente de financiamento do 80% con respecto a un orzamento de 93.750,00 €.

4º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.

5º O texto íntegro do convenio é o seguinte:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CARBALLO PARA FINANCIAR O PROXECTO “DESEÑO E CREACIÓN DUN ESPAZO DE TRABALLO COLABORATIVO NO CONCELLO DE CARBALLO” DENTRO DA LIÑA 2.2 PEL EMPRENDE 2018, DO PLAN DE EMPREGO LOCAL 2016- 2019 (PEL)

Na Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Señor Valentín González Formoso presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte D. EVENCIO FERRERO RODRÍGUEZ, con DNI núm. 76321421S, en representación do Concello de Carballo.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Que a Deputación provincial da Coruña e o Concello de Carballo consideran de gran interese para a provincia potenciar a cultura emprendedora e o desenvolvemento de novos proxectos empresariais. Ambas partes estiman necesario avanzar no desenvolvemento de medidas de apoio e impulso que contribúan a promover o traballo por conta propia, o espírito emprendedor e a creación de empresas.

Neste sentido o PEL pretende dar un reforzo especial á creación de empresas e apoio a emprendedores no ámbito local, na contribución á dinamización e consolidación da actividade empresarial e no fortalecemento do tecido produtivo a nivel local. Con este ponse en marcha a Rede de espazos de traballo colaborativo co obxecto de establecer uns mecanismos de coordinación e colaboración na prestación de servizos a empresas e emprendedores entre os distintos espazos que formen parte dela. A rede estará formada por concellos que queiran dispoñer instalacións para a creación de espazos de traballo, ben sexan viveiros de empresas, centros de negocios ou espazos de coworking, ou ben aqueles que xa conten con algún destes espazos creados e precisen apoio para o seu funcionamento e dinamización.

A rede prestará un servizo eficaz e coordinado non só no concello no que se emprace, senón tamén en concellos circundantes, ben atendendo aos límites administrativos da comarca, ben atendendo a outros criterios de eficiencia.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do Concello de Carballo, no marco dos seus fins e competencias, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Carballo, CIF P1501900C para o financiamento do proxecto *"DESEÑO E CREACIÓN DUN ESPAZO DE TRABALLO COLABORATIVO NO CONCELLO DE CARBALLO"*

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

O Concello de Carballo levará a cabo as actividades do proxecto, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

ACTIVIDADES		IMPORTE
Difusión e captación de usuarios/as		17.000,00
Deseño da imaxe corporativa	3.000,00	
Deseño de accións de promoción e difusión nos medios	8.000,00	
Elaboración de material de difusión	6.000,00	
Deseño e impartición de accións formativas		23.466,68
Deseño e impartición do programa formativo xera	15.666,88	
Deseño e impartición de obradoiros e charlas- boas prácticas	7.800,00	
Asistencia técnica para a dinamización e coordinación do Espazo das actividades		53.283,12
1 técnico/a superior de dinamización		
1 auxiliar administrativo/a	53.283,12	
Total custo proxecto		93.750,00

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 75.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 80% do custo do proxecto.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/24100/46201 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

A subvención da Deputación non é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Carballo obteña para a mesma finalidade.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

Corresponderalle ao Concello de Carballo o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

No procedemento de contratación o Concello de Carballo axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

No caso de que o Concello de Carballo tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña e se utilizará o logo oficial do Plan de Emprego Local, dispoñible na web: www.emplo.dacoruna.gal

Coa memoria e conta xustificativa, o Concello de Carballo achegará os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

De acordo co disposto na Base 58ª das de execución do Orzamento para o ano 2018, ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de Carballo, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionábel unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

1. Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
2. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
3. O Concello de Carballo estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

1. Memoria de actuación, subscripta polo representante legal do Concello Carballo, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
2. Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
No caso de gastos de persoal contratado directamente polo concello, indicarse para cada traballador e mes: a data, o importe bruto da nómina e o importe da seguridade social con cargo á entidade local.
3. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
4. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
5. O concello deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.
6. O Concello de Carballo estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos correspondentes.
7. Declaración de non ter solicitadas ou concedidas outras axudas ou subvencións para a mesma finalidade.

O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Carballo na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Concello de Carballo terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 30 de setembro de 2019**.

2. Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Carballo deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo de UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Carballo para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Carballo da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 57 das de Execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Carballo na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Carballo terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello de Carballo deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das devanditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Concello de Carballo destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Carballo poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Carballo queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como na base 57ª das de execución do orzamento da Deputación.

3.De conformidade co disposto na base 57.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello da Carballo serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello da Carballo será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados **dende o día 1 de novembro de 2018 de ata o 30 de setembro de 2019**, sen que en ningún caso sexan subvencionábeis os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **30 de novembro de 2019**, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que o Concello de Carballo non poida, por motivos excepcionais, ter executadas as actividades obxecto do convenio, e presentada a xustificación **antes do 30 de setembro de 2019**, deberá solicitar polo menos un mes antes desta data a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupostario correspondente. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do **31 de outubro de 2020**. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello de Carballo perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de Carballo, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ___ de ___ de ___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O presidente da Deputación

O representante do Concello de Carballo"

22.-APROBACIÓN DO CONVENIO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CLUB FINANCEIRO ATLÁNTICO PARA A TRAMITACIÓN DO PROXECTO "MOBILE WEEK A CORUÑA (MWAC)".

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Excepcionar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios se encontran recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva, como o incorporado no presente expediente:

- O CLUB FINANCIERO ATLANTICO a través do evento "Mobile Week Coruña" ten por finalidade principal crear un espazo aberto de encontro e reflexión arredor do impacto da transformación dixital, que debe conectar a

toda a cidade da Coruña e a súa área metropolitana a través da arte, a ciencia, o deporte e a tecnoloxía

- Por outra banda o servizo desenvolvido polo CLUB FINANCIERO ATLANTICO pretende provocar unha reflexión sobre o impacto da tecnolóxico dixital na sociedade e así mesmo informar sobre os beneficios e riscos da transformación dixital e achegar a tecnoloxía dixital á cidadanía, contribuíndo á diminución da fenda dixital.

3º Aprobado o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e co CLUB FINANCIERO ATLANTICO CIF G15215288 para financiar o proxecto “Mobile Week Coruña”

4º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 30.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 11,45 %.

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4911/481, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2018.

6º Facultar ao sr. presidente da Corporación para a sinatura do convenio.”

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o CLUB FINANCIERO ATLANTICO.

A Coruña

REUNIDOS

Dunha parte
Coruña,

, en representación da Deputación Provincial da

Doutra parte
ATLANTICO.

, en representación do CLUB FINANCIERO

A Coruña

Que a Deputación provincial da Coruña e o CLUB FINANCIERO ATLANTICO.

1. Consideran de grande interese para a provincia a realización do evento “Mobile Week A Coruña (MWAC) dado que é un espazo aberto de encontro e reflexión en torno ao impacto da transformación dixital, que debe conectar a toda o área metropolitana a través da arte, a ciencia, o deporte e a tecnoloxía.
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e o CLUB FINANCIERO ATLANTICO) as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o CLUB FINANCIERO ATLANTICO CIF G15215288, para o financiamento do evento "I MOBILE WEEK A CORUÑA".

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR

O CLUB FINANCIERO ATLANTICO levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

GASTOS		IMPORTE
ORGANIZACIÓN E XESTIÓN:		
- Análise viabilidade, negociación, xestión e apoios e adaptación MWben.	14.900,00	
- Dirección executiva.	14.900,00	
- Administración do evento.	14.900,00	
- Xestión talleres e actividades	4.000,00	
- Informe conclusións.	3.000,00	
- Axencia coordinación de contidos MWB.	10.000,00	
- Producción técnica e xestión espazos	8.000,00	
		69.700,00
TECNOLOXÍA:		
- Sistema videoconferencia e gravación.	3.500,00	
- Plataforma dixital Plaam e tarxetas dixitais	5.300,00	
- Web, inscrición e integración plataforma.	4.000,00	
- Equipos técnicos actividades e soporte usuarios.	7.900,00	
- Dominios e outros rexistros.	500,00	
- Tarxetas dixitais control accesos.	6.000,00	
- Streaming externo	6.000,00	
		33.200,00
RELADORES, TALLERES E ACTIVIDADES:		
- Relatores	23.050,00	
- Moderadores e dinamizadores	12.000,00	
- Materiais para talleres e actividades	5.765,00	
- Pantallas e mapping externo	12.295,00	
- Atrezzo lugares das actividades	5.000,00	
- Azafatas xestión accesos e actividades	4.200,00	
- Alugueiro de espazos actividades	13.060,00	
		78.370,00
AXUDAS DE CUSTE E DESPRAZAMENTOS:		
- Axudas de custe e desprazamentos	17.760,00	
- Gastos de viaxe, traslados e desprazamentos	4.000,00	
- Gastos de manutención e comidas desprazados	9.900,00	
- Desprazamento equipos e relatores coches		

oficiais evento.	3.500,00	
- Comida institucional equipo, poñente, institucións e patrocinadores	3.500,00	35.160,00
COMUNICACIÓN:		
- Gabinete de comunicación	7.000,00	
- Xestión RR.SS e contidos en liña	1.500,00	
- Folletos, carteis, roll ups, bandeirolas e programas.	15.025,0	
- Vídeos do evento	5.000,00	
- Fotografía	2.500,00	31.025,00
OUTROS:		
- Seguros	3.000,00	
- Servizos legais	10.000,00	
- Gasto financeiros	1.500,00	14.500,00
TOTAL		261.955,00

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **30.000,00 €** o que representa unha porcentaxe do **11,45%**. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente do **11,45 %** da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0510/4911/481**, na que a Intervención provincial certificará que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CLUB FINANCIERO ATLANTICO obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao CLUB FINANCIERO ATLANTICO. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao CLUB FINANCIERO ATLANTICO nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, o CLUB FINANCIERO ATLANTICO deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que o CLUB FINANCIERO ATLANTICO trámite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CLUB FINANCIERO ATLANTICO

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á CLUB FINANCIERO ATLANTICO unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da CLUB FINANCIERO ATLANTICO xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

CLUB FINANCIERO ATLANTICO deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, se realizaran entre os días **21 de novembro ao 23 de novembro de 2018**; non obstante os gastos necesarios para a realización do evento serán devengados entre o **1 xaneiro e o 31 de decembro de 2018** polo tanto as facturas dos referidos gastos deberán ser referenciados entre as dúas datas citadas.

2. Unha vez rematadas as actividades, o CLUB FINANCIERO ATLANTICO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo de UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CLUB FINANCIERO ATLANTICO para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá o CLUB FINANCIERO ATLANTICO da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CLUB FINANCIERO ATLANTICO na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CLUB FINANCIERO ATLANTICO terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

O CLUB FINANCIERO ATLANTICO deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

1. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CLUB FINANCIERO ATLANTICO destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmete mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CLUB FINANCIERO ATLANTICO deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CLUB FINANCIERO ATLANTICO poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CLUB FINANCIERO ATLANTICO queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

- 1 O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP núm. 116 do luns, 22 de xuño de 2015)

3. Para os supostos de atrasos na realización das obras ou atraso na presentación da xustificación estarase ao disposto na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP núm. 116 do luns, 22 de xuño de 2015)

4. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da CLUB FINANCIERO ATLANTICO serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CLUB FINANCIERO ATLANTICO será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día **1 de xaneiro ata o 31 de decembro do ano 2018**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de maio do ano 2019 sempre e cando exista crédito para tal fin**

2. Para o caso de que o CLUB FINANCIERO ATLÁNTICO non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 30 de abril de 2019**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a CLUB FINANCIERO ATLANTICO perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do CLUB FINANCIERO ATLANTICO, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O representante da Deputación

O representante da entidade

CLUB FINANCIERO ATLANTICO"

23.-APROBACIÓN DO PLAN DE SENDAS PEONÍS 2018, 2ª FASE: SENDA PEONIL NA DP 3404 A SERRA DE OUTES A DUMBRÍA, P.K. 14+820 A 16+100 E P.K. 18+360 A 19+600. (MAZARICOS).

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar o Plan de SENDAS PEONÍS 2018 SEGUNDA FASE con orzamento total de 450.007,78 .- euros, con cargo á aplicación 0410/4535/60900 que se detalla:

CODIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	PRESUPOSTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS), 0410/4535/60900
18.1170.0003.0	SENDA PEONIL NA DP 3404 A SERRA DE OUTES A DUMBRIA, P.K. 14+820 A 16+100 E P.K. 18+360 A 19+600	MAZARICOS	450.007,78

2.- Expoñer ao público os proxectos mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

(Sae do salón de Plenos o Sr. Muíño Espasandín)

24.-APROBACIÓN DO PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2018, 5ª FASE: MELLORA DO CRT NA DP 5813 OLEIROS A SADA DO P.K. 2+000 AO 5+000 (SADA).

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar o PLAN DE CONSERVACIÓN VIAS PROVINCIAIS 2018 5ª FASE con orzamento total de con un orzamento total de 109.108,24.- euros, con cargo á aplicación 0410/4531/61900 que se detalla:

CODIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	PRESUPOSTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS), 0410/4531/61900
18.1100.0039.0	MELLORA DO CRT NA DP 5813 OLEIROS A SADA DO P.K. 2+000 AO 5+000 (Expediente: 2018000036182)	SADA	109.108,24 €

2.- Expoñer ao público os proxectos mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

25.- APROBACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2018, 7ª FASE: MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA DP 4901 SAN RAMÓN Á ESTRADA AS SOMOZAS (MOECHE) E MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA DP 3903 TARREO DO BLANCO A VILAMATEO POR AMBROA (VILARMAIOR), E INICIO DOS TRÁMITES PARA A EXPROPIACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS: MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA DP 4901

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar o Plan de INVESTIMENTO EN VIAS PROVINCIAIS 2018 SÉTIMA FASE cun orzamento total de 520.903,11.- euros, con cargo á aplicación 0410/4531/60900 que se detalla:

CODIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	PRESUPOSTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS), 0410/4531/60900
18.1110.0016.0	MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA DP 4901 SAN RAMÓN A ESTRADA AS SOMOZAS (P.K. 1+000 AO PK 1+780) (Expediente: 2018000036107)	MOECHE	265.558,77
18.1110.0017.0	MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA DP 3903 TARREO DO BLANCO A VILAMATEO POR AMBROA, P.K. 6+420 A 7+010 (Expediente: 2018000036102)	VILARMAIOR	255.344,34
		TOTAL	520.903,11

2.- Iniciar os trámites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución das obras:

DENOMINACIÓN	VALOR DE EXPROPIACIÓN SEGUNDO PROXECTO (0112/4531/600)
MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA DP 4901 SAN RAMÓN A ESTRADA AS SOMOZAS (P.K. 1+000 AO PK 1+780) (Expediente: 2018000036107)MOECHE	12.415,20

3.- Expoñer ao público os proxectos mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.

4.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

26.-APROBACIÓN PROVISIONAL DO PROXECTO DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA DP 4603 DO P.Q. 7+600 AO P.Q. 10+400 (SANTISO).

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar provisionalmente o proxecto MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA DP 4603 DO P.Q. 7+600 AO P.Q. 10+400 (SANTISO), do Plan de travesías 2017, primeira fase, cuxos datos son os seguintes:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	PRESUPOSTO
17.1130.0002.0	MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA DP 4603 DO P.Q. 7+600 AO P.Q. 10+400 (SANTISO)	536.396,44 €

2.- Expoñer ao público os proxectos mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de

administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

27.-APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO ADMINISTRATIVO CO CENTRO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA (CEIDA), PARA COFINANCIAR O "PROGRAMA DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN E DIVULGACIÓN AMBIENTAL PARA A DEFENSA E POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO NATURAL NO ANO 2018".

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención, principios recollidos nos arts. 22.2 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2. Non ter en conta, con carácter excepcional, o principio de imputación temporal de gasto, de conformidade co establecido no art. 176 do Texto refundido da lei de facendas locais.

3. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co "Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA)", CIF V-15653298, para regular a achega de **50.000 €** que figura na Base 50ª.5 das de execución do orzamento xeral para 2018 para cofinanciar o "**Programa de educación, formación e divulgación ambiental para a defensa e posta en valor do patrimonio natural no ano 2018**", cun orzamento subvencionado de 67.249,47 €, o que supón un coeficiente de financiamento do 74,35 %.

4 Imputar o gasto ao documento RC núm. de operación 220180000146, da partida 0520/17221/46701, do vixente Orzamento Xeral.

5. Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2019 tendo en conta que a vixencia do convenio se estende até o 31 de agosto de 2019.

6. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución:

"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CENTRO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA (CEIDA) PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN E DIVULGACIÓN AMBIENTAL PARA A DEFENSA E POSTA EN VALOR O PATRIMONIO NATURAL NO ANO 2018

Na Coruña ... de de 2018

REUNIDOS

D. Valentín González Formoso, Presidente da Deputación da Provincial da Coruña
D. Carlos Vales Vázquez, Director Xerente do CEIDA

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que teñen, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

Que o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) foi creado mediante convenio de colaboración suscrito o 5 de decembro de 1997 pola Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, a Universidade da Coruña e o Concello de Oleiros.

Con data do 22 de setembro de 2000 as administracións citadas asinaron un novo convenio coa finalidade de establecer o réxime de funcionamento, a provisión de prazas e o regulamento interno e, en xeral, mellorar a xestión do Centro.

Que os fins do CEIDA son a información, formación e educación ambiental e a extensión universitaria, para o que desenvolve as seguintes actividades:

* Establecer un sistema de recollida de información ambiental co fin de crear un fondo documental e un banco de datos medioambientais que permita difundir todo tipo de información.

* Fomentar a formación ambiental a todos os niveis, tanto a especialistas, técnicos e profesionais de diversos colectivos, como público en xeral.

* Complementar as actividades desenvoltas pola Consellería de Medio Ambiente, polo Concello de Oleiros e pola Universidade da Coruña nas materias sinaladas.

Que a Deputación da Coruña, que ten entre as súas competencias o fomento da actividade cultural, a posta en valor dos espazos naturais, recoñece a importancia do labor que o CEIDA desenvolve.

Que o CEIDA ten entre os seus proxectos o **“Programa de educación, formación, documentación e divulgación ambiental para a defensa e posta en valor do patrimonio natural no ano 2018”** que, a través da Deputación de Coruña pode chegar a un maior número de colectivos da provincia.

Que, en virtude das consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o CEIDA (NIF: V15653298) para financiar o **“Programa de educación, formación, documentación e divulgación ambiental para a defensa e posta en valor do patrimonio natural no ano 2018”**, no que se integran as seguintes actividades:

1. Programa de actividades de Educación Ambiental
 - O mar e a costa, recursos valiosos para todos
 - A Illa de Santa Cruz, un rico patrimonio natural e histórico
2. Actividades formativas sobre xestión ambiental municipal
3. Programa de divulgación ambiental - Exposicións itinerantes:
 - Coidando o noso mar
 - O noso futuro, o noso mundo, a nosa opción
 - Áreas Mariñas Protexidas
 - O Patrimonio Marítimo de Galicia
 - Operación Monarca

- Reservas da Biosfera
 - Berros no roncar das ondas
4. Programa de asesoramento e documentación:
- Préstamo de fondos bibliográficos e asesoramento do Centro de Documentación Ambiental Domingo Quiroga.

II. ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

O CEIDA desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO		IMPORTE
PERSONAL	Director Programa	13.709,83 €
	Educadora ambiental	12.504,29 €
	Documentalista	15.929,48 €
	Administrativa	7.712,29 €
Seguro accidentes e R.C.		700,00 €
Material/servizos (mat.funxible, desprazamentos, asistencia, etc.)		12.642,60 €
Gastos diversos (teléfono, dietas, limpeza, informática, etc.)		4.050,98 €
TOTAL		67.249,47 €

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **50.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **74,35 %**. A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

2. No caso de que a gasto xustificando non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **74,35 %** da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/17221/46701, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CEIDA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificando.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificando, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución do obxecto do convenio corresponderalle á entidade beneficiaria.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle abonada á entidade beneficiaria unha vez que se presente a seguinte documentación:

a. Memoria de actuación, subscrita polo representante da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

b. Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, se fora o caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o presente ano.

c. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

d. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

e. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

f. Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2018.

2. Unha vez rematadas as actividades, o CEIDA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo dun MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CEIDA para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CEIDA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56^a.6^o das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CEIDA na documentación presentada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CEIDA terá dereito ao aboamento dos xuros de demora, ao tipo de interese legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

1. O CEIDA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CEIDA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CEIDA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CEIDA poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CEIDA queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIONS E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
- 2.- Sen prexuízo do anterior, o incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116, do 22 de xuño de 2015).
- 3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou na presentación da xustificación estarase ao disposto na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116, do 22 de xuño de 2015).

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CEIDA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de agosto de 2019 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2018.
2. Para o caso de que o CEIDA non poda presentar a xustificación antes do día 31 de xullo do 2019, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial de xustificación, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2019. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención Provincial da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de

dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo de data _____ de _____

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL
DA CORUÑA,

O REPRESENTANTE DO CEIDA,

D. VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO

D. CARLOS VALES VÁZQUEZ"

28.-APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO ADMINISTRATIVO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ LATORRE, PARA O COFINANCIAMENTO DO PROXECTO "VOZ NATURA 2018".

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención, principios recollidos nos arts. 22.2 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2. Non ter en conta, con carácter excepcional, o principio de imputación temporal de gasto, de conformidade co establecido no art. 176 do texto refundido da Lei de Facendas Locais.

3. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración coa **Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre**, CIF G15620651, para regular a achega de **72.000 €** que figura na Base 50ª.5 das de execución do orzamento xeral para 2018 para cofinanciar o Proxecto "**Voz Natura 2018**", cun orzamento subvencionado de 146.444,00 €, o que supón un coeficiente de financiamento do 49,1656 %.

4 Imputar o gasto ao documento RC núm. de operación 220180000145, da Partida 0520/17221/481, do vixente Orzamento Xeral.

5. Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no el exercicio 2019 tendo en conta que a vixencia do convenio esténdese ate o 30 de xuño de 2019.

6. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ENTIDADE FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ-LATORRE, PARA O COFINANCIAMENTO DO PROXECTO “VOZ NATURA 2018”

Na Coruña, de de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, Don Valentín González Formoso, en representación da Excm. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA,

Doutra parte, Don Santiago Pérez Otero, con DNI 32.431.250-P, como representante da FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ-LATORRE.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas, e

MANIFESTAN

A Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre foi constituída o 7 de novembro de 1997, e refundada en 2001, para dar continuidade á propiedade e á liña editorial de La Voz de Galicia e do seu grupo de empresas de comunicación.

Segundo recollen os seus estatutos, ten entre os seus obxectivos "fomentar o coñecemento e difusión da cultura, especialmente a través dos medios de comunicación en calquera dos seus soportes, e contribuír ao estudo, investigación, defensa e creación de medios de comunicación en Galicia e promoción e desenvolvemento de actividades a favor da conservación e coidado do medio ambiente e o fomento da investigación científica e técnica".

As actividades da Fundación se encamiñan á posta en marcha de programas educativos e formativos relacionados coa comunicación. Ese labor se realiza nos diversos niveis do ensino, incluída a formación de calidade para profesionais dos medios e da educación, e se concreta en iniciativas diversas que van desde a organización de foros e conferencias á edición de publicacións especializadas.

Unha das actividades que destaca entre os seus cometidos é a execución do proxecto “VOZ NATURA”, que é un programa de educación medioambiental posto en marcha pola Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre no curso 1997/1998, co obxectivo de implicar á comunidade escolar de Galicia na recuperación e defensa da natureza da nosa Comunidade.

A Deputación da Coruña ven colaborando no cofinanciamento do proxecto “VOZ NATURA” dende hai anos. Na Base 50ª.5 do orzamento xeral figura unha achega nominativa coa citada finalidade.

CLÁUSULAS

I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a “Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre”, para o cofinanciamento do proxecto “Voz Natura 2018”.

Aínda que o proxecto “Voz Natura” se desenvolve en toda a Comunidade Autónoma de Galicia coincidindo coa duración de cada curso escolar, a achega provincial está referida ás actividades que se desenvolven na Provincia da Coruña durante o presente ano 2018, dende o 1 de xaneiro ate o 31 de decembro, polo que abrangue parte das actividades xa realizadas durante o curso escolar 2017-2018 e parte das que se realicen no curso escolar 2018-2019.

II. ORZAMENTO DE GASTOS

O orzamento subvencionado de gastos das actividades do proxecto correspondentes á Provincia da Coruña ascende a 146.444,00 €, e ten o seguinte detalle:

CONCEPTO	IMPORTE
Financiamento de actividades dos proxectos dos colexios	57.855,00 €
Material de promoción para os alumnos	1.299,00 €
Material de oficina, envíos e similares relacionados co proxecto	3.045,00 €
Premios VOZ NATURA e festa de fin de curso	21.112,00 €
Asistencia técnico-ambiental e informativa aos proxectos	17.864,00 €
Gastos de desprazamento a proxectos dos colexios	3.045,00 €
Coordinación e seguimento do proxecto	37.352,00 €
Plan de comunicación proxecto Voz Natura	4.872,00 €
TOTAL	146.444,00 €

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento dos gastos de funcionamento, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 72.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 49,1656 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 49,1656 %, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento das actividades, está financiada con cargo a recursos da Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, sexan propios ou alleos, para o que a entidade beneficiaria

acredita ter consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao cobro da mesma.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/17221/481, na que a Intervención Provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustifico.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustifico, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución do obxecto do convenio corresponderalle á entidade beneficiaria.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se de a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI. A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega provincial seralle aboada á entidade beneficiaria despois da presentación da seguinte documentación:

- Memoria de actuación, suscrita polo representante legal da Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula II.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente da entidade beneficiaria.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e sociais, segundo o previsto na cláusula VIII.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula V, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula I, deberán estar realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2018.
2. Unha vez rematadas as actividades, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula VI antes da finalización do prazo de vixencia indicado na cláusula XIII.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen

desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade beneficiaria deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escolleita pola Intervención Provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se fora o caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIONES E SANCIONES

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116, do 22 de xuño de 2015).

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou na presentación da xustificación estarase ao disposto na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116, do 22 de xuño de 2015).

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONES E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos, e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do 2018, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data, e conservará a súa vixencia ata o día 30 de xuño do 2019.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida presentar a xustificación antes do día 30 de xuño do 2019, poderá solicitar a prórroga do prazo inicial de xustificación cunha antelación dun mes a esta data, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado.

Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2019. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención Provincial da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, Xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o da entidade beneficiaria, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo de data _____ de _____

E en proba de conformidade, asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O REPRESENTANTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA,

O REPRESENTANTE DA FUNDACIÓN SANTIAGO
REY FERNÁNDEZ-LATORRE

D.

D. SANTIAGO PÉREZ OTERO"

29.-APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN E O TEXTO DO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CAMBRE POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE MELLORA DO PARQUE INFANTIL LESTE DA BARCALA.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

2º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cambre para cofinanciar as obras do de Mellora do parque infantil este da Barcala cunha achega provincial de 17.904,42 euros con cargo a la aplicación orzamentaria 0112/171.1/762.01 o que representa un coeficiente de financiamento do 80,00002 % respecto dun orzamento de 22.380,52 euros.

3º.- Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio de 2019.

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CAMBRE PARA A COFINANCIACIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DO PARQUE INFANTIL ESTE DA BARCALA.

Na Coruña, ___ de _____ de 201__

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____, Deputado de _____ da Excm. Deputación da Coruña, en virtude das resolucións da presidencia número _____ e _____ polas que se lle delega a competencia para asinar convenios da súa área,

E doutra parte D. _____, Alcalde Presidente do **Concello de Cambre.**

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e

servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local. O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de Cambre considera de primeira necesidade as actuacións de mellora do parque infantil Este da Barcala, posto que o mesmo dispón de xogos infantís sendo o seu pavimento de cortiza de pino, existindo incidencias rexistradas, relativas á existencia de lixo, excrementos de animais, cristais e outros elementos que poderían causar danos aos usuarios. Retirando a capa de cortiza de pino para formar un pavimento de caucho, melloraríase a seguridade e comodidade do parque, así como a reparación dos diferentes xogos infantís que compoñen o parque.

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Cambre** ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de **Cambre** con CIF **P1501700G** fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das Obras “de Mellora do Parque Infantil este da Barcala”, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo enxeñeiro de Camiños Municipal **Oscar Souto Muíño**.

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material:	15.543,11 euros
Gastos xerais 13,00% :	2.020,60 euros
Beneficio Industrial 6,00 %:	932,59 euros
IVE (21%):	3.884,22 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN:	22.380,52 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **17.904,42** euros o que representa unha porcentaxe de **80,00002%**. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80,00002%**, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/171.1/762.01** na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á a entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**

3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1.**Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 57ª y 58ª das de execución do Orzamento para o ano 2018, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da a entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- **Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do **cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

- **Certificación** expedida polo órgano responsable da contabilidade das **axudas e outros ingresos** afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
- Acreditación da **colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación** expedida polo órgano responsable da contabilidade das **axudas e outros ingresos** afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal y como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula primeira, deberán estar **rematadas e**

presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas

demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCiónS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCión CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2019**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2019**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2020**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das

institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE, P.D.
O DEPUTADO DE _____

O ALCALDE/SA-PRESIDENTE/TA DO
CONCELLO DE CAMBRE

Asdo.: _____

Asdo.: _____ "

30.- APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN E O TEXTO DO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PONTECESO POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DE VIARIOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE PONTECESO.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

2º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excmá. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ponteceso para cofinanciar as obras de acondicionamento de viarios municipais do Concello de Ponteceso cunha achega provincial de 100.000,00 euros con cargo a la aplicación orzamentaria 0112/153.2/762.01, o que representa un coeficiente de financiamento do 64,00000 % respecto dun orzamento de 156.250,00 euros.

3º.- Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio de 2019.

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PONTECESO POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DE VIARIOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE PONTECESO

Na Coruña, a ___ de _____ de 201_

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____, Deputado de _____ da Deputación da Coruña, en virtude das resolucións da presidencia número _____ e _____ polas que se lle delega a competencia para asinar convenios da súa área,

E doutra parte D. _____, Alcalde Presidente do **Concello de Ponteceso**,

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

O Concello de Ponteceso considera de primeira necesidade as actuacións sobre, a rede viaria local, dado que o firme dos viarios no que se pretende actuar atópase nun estado moi deficitario e non é posible o acceso ao tráfico rodado dos vehículos aos núcleos de poboación en condicións óptimas. Así mesmo non se atopan sinalizados, motivo polo cal, é posible que se de deriven incidentes na normal circulación dos vehículos.

Neste sentido e dada a necesidade imperiosa das actuacións proxéctase unha reposición do firme mediante aglomerado asfáltico, unha mellora da drenaxe do mesmo e introdución de sinalización vertical e horizontal.

A actuación persegue como obxectivo principal o mellorar a circulación de vehículos nos emprazamentos nos que se actúa, evitando desta forma incidentes no tráfico rodado e conseguindo unha mellor comunicación das poboacións coas principais vías do concello e comarca. Un dos viarios nos que se pretende actuar atópase en terrizo, con capas de subbase e zahorras, que é necesario manter e arrombar cada certo tempo debido á deterioración deste tipo de viarios co tempo e coas augas de choiva.

No emprazamento de Brantuas, aproveitando a actuación, preténdese dotar a zona de rede de saneamento, conectando á mesma varias vivendas unifamiliares.

A dotación deste servizo evitará contaminacións de chans, augas superficiais e subterráneas ao ser tratadas antes da súa vertedura definitiva.

En definitiva, a axuda solicitada empregárase para proceder á mellora do firme de varios viarios do concello (Con aglomerado asfáltico), melloras na sinalización horizontal viaria e en canalizacións de saneamento e pluviais. Executaranse nos seguintes emprazamentos:

- 1) Brantuas de Arriba
- 2) Cospindo (Casa cuartel – Cedeira)
- 3) Nemeño
- 4) Niñóns (Viaria entre Crta. Praia de Niñóns e C. P.-6801)
- 5) Talo (Viario Bugalleira – Casas Novas)
- 6) Tella (Subida cara depósito)
- 7) Xornes

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Ponteceso** ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de Ponteceso, con CIF **P1506900H**, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das “Acondicionamento de viarios no termo municipal de Ponteceso”, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo enxeñeiro técnico industrial Martín Lema Pose, colexiado nº 2.343 COETICOR.

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material:	108.514,48 euros
Gastos xerais 13,00%	14.106,88 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	6.510,87 euros
IVE (21%)	27.117,77 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	156.250,00 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **100.000,00** euros o que representa unha porcentaxe de **64,00000%**. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 64,00000% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/153.2/762.01**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á a entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**

3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de "melloras".

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. **Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 57^a y 58^a das de execución do Orzamento para o ano 2018, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da a entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adjudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adjudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adjudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados á mesma finalidade ou obxecto desta subvención.

- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal y como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula primeira, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación

dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2019**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2019**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2020**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE, P.D.
O DEPUTADO DE _____

O ALCALDE/SA-PRESIDENTE/TA DO
CONCELLO DE PONTECESO

Asdo.: _____

Asdo.: _____

O SECRETARIO XERAL
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Asdo.: _____ "

31.-APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN E O TEXTO DO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE VALDOVIÑO POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DA "XESTIÓN DOS AREAIS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO: SERVIZO DE SOCORRISMO, MANTEMENTO E ADECUACIÓN DE ACCESO ÁS PRAIAS".

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

2º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Valdoviño para cofinanciar a Xestión dos areas do Concello de Valdoviño: Servizos de Socorrismo, mantemento e adecuación de acceso ás praias, cunha achega provincial de 134.000,00 euros con cargo a la aplicación orzamentaria 0112/172.21/462.01, o que representa un coeficiente de financiamento do 80,00000 % respecto dun orzamento de 167.500,00 euros.

3º.- Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio de 2019.

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA E O CONCELLO DE VALDOVIÑO POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS ACTIVIDADES "XESTIÓN DOS AREAIS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO: SERVIZO DE SOCORRISMO, MANTEMENTO E ADECUACIÓN DE ACCESO ÁS PRAIAS"

En A Coruña ___ de _____ de 2.018

REUNIDOS

Dunha parte D./Dna. _____, en representación da Deputación Provincial da Coruña, en virtude da RP _____

Doutra parte D./Dna. _____, Alcalde Presidente do Concello de Valdoviño

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias:

- ...a) Urbanismo: plan, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do Patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sustentabilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación.
- ...d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.
- ...g) Tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade. Transporte colectivo urbano.
- ...h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.
- ...l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre...

Neste sentido, o **Concello de Valdoviño considera de primeira necesidade as actuacións sobre os areais que conforman a súa contorna**, xa que o municipio, conta con un magnífico litoral duns 25 km, posúe un gran número de praias, algunhas con unha lonxitude de case 3.000 m, e todas elas incluídas na figura de protección medioambiental da Rede Natura 2000, e de outras figuras de protección específica de aves en determinados areais. Este escenario natural é, ademais, un polo importante de atracción turística no territorio, polo que a afluencia de xente ás praias é moi relevante durante a época estival e polo tanto a actividade económica xerada é fundamental para o Concello. Así mesmo, ao longo de todo o ano celébranse nestas praias multitude de eventos relacionados có surf e deportes análogos, que atraen a un gran número de persoas (Pantín Classic, campionato mundial de kaiak Xtrem, etc..)

De feito praias como a Frouxeira ou Pantín acollen diariamente a miles de visitantes, aos que hai que engadir os que se suman na celebración dos eventos que se celebran na praia de Pantín vinculados có surf e deportes análogos.

Así todos os veráns vense celebrando na praia de Pantín o campionato do mundo de surf, constando dende o ano 2016 declaración de festa de interese turístico de Galicia. No ano 2017 a súa celebración acolleu a uns 45.000 visitantes, que

posiblemente foi superada no exercicio 2018 coa consolidación de premios de igual nivel coa proba masculina e feminina.

Igualmente a finais de setembro, Pantín convertese na situación do campionato do mundo de kayak Xtreme, modalidade do kayacksurf que por segundo ano escolle a costa coruñesa para a súa celebración.

Tamén é habitual a celebración de campionatos galegos que a Federación Galega de Surf organiza en Pantín e Frouxeira, e que este ano se volven a acoller no Concello.

Esta contorna costeira implica que sexa de aplicación a Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas, modificada pola Lei 2/2013, do 29 de maio de protección e uso sustentable do litoral, e moi especialmente o seu artigo 115.d), no que indícase que son competencia dos municipios o mantemento das praias e lugares públicos de baño nas debidas condicións de limpeza, hixiene e salubridade, así como a vixilancia do cumprimento das normas e instrucións ditadas pola Administración do Estado sobre salvamento e seguridade das vidas humanas. Isto implica que os municipios costeiros teñan un plus competencial do que deriva un importante gasto, sen que o dito factor se teña en conta no reparto da participación dos tributos estatais e autonómicos, o que resulta un agravio comparativo.

En relación co anterior, a ordenanza reguladora do uso das praias no concello de Valdoviño, expón no seu artigo nº 11, que: “O Concello instalará nas praias, onde non o houbese con carácter permanente, polo menos un aseo público accesible durante a tempada de baño...”, mentres que no artigo 21.a), indica que : “O Concello instalará as torres que considere necesarias a fin de vixiar adecuadamente o contorno das zonas de baño”.

Asemade como consecuencia do carácter natural das praias, en catro delas **non se conta con edificación para albergar os servizos-aseos ou o material e persoal que require o servizo de socorrismo**, polo que ano tras ano **o Concello está obrigado a** facer un importante gasto no **aluguer de ditas instalación de tempada portátiles**, que se teñen que sumar aos **gastos derivados dos servizos de electricidade, mantemento e reparación das edificacións fixas existentes noutras praias, así como os que se suman aos sistemas de comunicación, telefonía ou megafonía para garantía da seguridade en todos os areais**. Igualmente tamén se necesita **alugar instalacións portátiles** para reforzar o servizo en aqueles areais nos que se celebran **eventos puntuais** que incrementan a afluencia de xente.

Por outra banda o **mantemento dos accesos aos areais, dos espazos de aparcadoiros e das sendas de madeira e camiños e acceso ás praias, mediante pequenas reparacións son esenciais para permitir que se acceda aos areais sen danar o espazo natural**.

Así mesmo, tamén é importante ter en conta a restrición dos usos e obras que se poden realizar no litoral do Concello pola aplicación das diferentes figuras de protección medioambiental como o Plan de Ordenación do Litoral, o Plan Director da Rede Natura 2000 e a propia Lei de Costas.

Poren, o **Concello de Valdoviño non só ten a obriga por lei de prestar os servizos de hixiene e vixilancia en todos os areais do seu termino municipal**, senón que este servizos se integren da mellor maneira posíbel no seu contorno mais próximo.

Nestes momentos dispónse de aseos de obra (fixos) nos areas de O Río, Mourillá, Frouxeira e Pantín, **tendo que alugar unhas instalacións desmontables para as praias de Campelo, Baleo e Vilarrube.** Pola súa banda, **non se conta con instalacións para o servizo de socorrismo nas praias de Campelo, Outeiro; Baleo e Vilarrube.**

En definitiva, por este factor diferenza, que deriva da súa condición de concello costeiro, con numerosas praias que contan con unha enorme **afluencia de xente** sobre todo **no período estival**, é polo que o Concello de Valdoviño considera de primeira necesidade as **actuacións** referidas **sobre os seus areas** , sendo o incremento dos custes asumidos proporcional ao do número de usuarios das praias, e polo tanto tornándose en **actividades imprescindibles, para manter en perfectas condicións as mesmas**, vista a cada día maior afluencia de visitantes.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do Concello de Valdoviño, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I. - OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Concello de Valdoviño**, con CIF **P1508800H**, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das actividades “Xestión dos areas do Concello de Valdoviño: Servizo de Socorrismo, mantemento e adecuación de acceso ás praias”, tal e como aparecen definidas na memoria de actividades “Memoria xustificativa da necesidade do mantemento das praias”.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

O Concello levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

ACTIVIDADES	IMPORTE
Salvamento e Socorrismo	Importe (en euros)
Contratación externa da prestación do servizo de salvamento e socorrismo nos areas municipais durante os meses de xullo e agosto (contrato de prestación de servizo)	119.427,00
Outro gasto corrente asociado ás infraestruturas de acceso ás praias, mantemento de instalacións fixas, aluguer de instalacións portátiles nos areas e servizo de megafonía para garantía da seguridade	Importe (en euros)
Aluguer, transporte, montaxe e desmonte de instalacións portátiles (aseos e casetas de socorrismo durante a tempada estival)	12.000,00
Contratacións externas para a realización de reparacións e mantemento das instalacións sitas nas praias (casetas, aseos, duchas, algún parque, carpas para eventos); traballos de fontanería, traballos eléctricos e pequenas reparacións de mantemento tales como baleirado de fosas dos baños, arranxos de duchas,	12.000,00

pequeno material de reposto non inventariable	
Contratación externa para a realización de labores de mantemento e pequena reparación e limpeza de accesos a praias; camiños, sendas de madeira e aparcadoiros	10.000,00
Contratación externa do servizo de megafonía nos areais municipais	10.540,00
Mantemento e adquisición de pequeno material inventariable para o servizo de socorrismo e para hixiene nos aseos (material para botiquín, medicamentos, produtos de hixiene persoal)	1.200,00
Traballos específicos de adecuación/reparación das sinalizacións de ordenación de accesos aos areais (estacionamento e accesos)	1.333,00
Gastos de mantemento de embarcacións deportivas de salvamento e socorrismo; subministro de combustible para as mesmas, seguro de responsabilidade e pequenas reparacións	1.000,00
Total Gasto corrente en ambos conceptos de gastos	167.500,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 134.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00000 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00000 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0112/172.21/462.01 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao Concello o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación o Concello axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que o Concello tramite e aprobe algunha modificación da memoria de actividades inicialmente aprobada, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar da memoria modificada, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade establecida no disposto na Base 58ª das de execución do Orzamento para o ano 2018, ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do orzamento subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

1.- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.

2.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

3.- Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.

4.- O Concello estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2. Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

1.-Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do Concello, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2.-Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

3.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

4.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

5.- Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.

6.-Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Concello terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

O Concello deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, , deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3.A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

O Concello deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

1. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Concello destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Concello deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o Concello poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

1. O Concello destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Concello deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2019**. Dado que a

existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as actividades e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2019**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2020**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o Concello, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ___ de _____ de 2018

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

**O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL
DA CORUÑA,**

**O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE
VALDOVIÑO**

Asdo.: _____

Asdo.: _____

O SECRETARIO XERAL

DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Asdo. _____ "

32.-APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN E O TEXTO DO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MAÑÓN POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DA OBRA O CAMIÑO PONTE RIBEIRAS DO SOR A LÍMITE DA PROVINCIA DE LUGO.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

2º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Mañón para cofinanciar as obras do Camiño Ponte Ribeiras do Sor a límite provincia de Lugo cunha achega provincial de 48.262,19 euros con cargo a la aplicación orzamentaria 0112/453.2/762.01 o que representa un coeficiente de financiamento do 80,00000% respecto dun orzamento de 60.327,74 euros.

3º.- Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio de 2019.

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MAÑÓN PARA A COFINANCIACIÓN DAS OBRAS DO CAMIÑO PONTE RIBEIRAS DO SOR A LÍMITE PROVINCIA DE LUGO.

Na Coruña, a ___ de _____ de 2018.

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____, Deputado de _____ da Deputación da Coruña, en virtude das resolucións da presidencia número _____ e _____ polas que se lle delega a competencia para asinar convenios da súa área,

E doutra parte D. _____, Alcalde Presidente do **Concello de Mañón**.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de Mañón levará a cabo o arranxo do Camiño mencionado por tratarse dun importante vial de comunicación, dentro do propio Concello, así como coa Provincia de Lugo por conectar cunha estrada do Concello do Vicedo. Por medio do presente, mellorarase a capa de rodaxe, previa reparación de fochas e perfilado de mordente. Contémplase así mesmo a limpeza de gabias e salva gabias e canalización coas correspondentes embocaduras para o correcto drenaxe lonxitudinal e transversal e a sinalización horizontal con pintado de liñas en bordes.

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Mañón** ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de **Mañón** con CIF **P1504500H** fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das Obras do “Camión Ponte Ribeiras do Sor a Límite Provincia de Lugo”, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo enxeñeiro **de Camiños Julio C. Rojo Martínez Nº Colexiado 3871**.

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material:	41.897,18 euros
Gastos xerais 13,00%	5.446,63 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	2.513,83 euros
IVE (21%)	10.470,10 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	60.327,74 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **48.262,19** euros o que representa unha porcentaxe de **80,00000%**. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificando non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80,00000%**, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/453.2/762.01** na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á a entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**

3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de "melloras".

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 57ª y 58ª das de execución do Orzamento para o ano 2018, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da a entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adjudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- **Certificación do acordo de adjudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adjudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do **cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación** expedida polo órgano responsable da contabilidade das **axudas e outros ingresos** afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
- Acreditación da **colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación** expedida polo órgano responsable da contabilidade das **axudas e outros ingresos** afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.

- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal y como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula primeira, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación

dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2019**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2019**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2020**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente

extinguído, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE, P.D.
O DEPUTADO DE _____

O ALCALDE/SA-PRESIDENTE/TA DO
CONCELLO DE _____

Asdo.: _____

Asdo.: _____

O SECRETARIO XERAL
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Asdo.: _____ "

33.-APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN E O TEXTO DO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE RIANXO POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE INSTALACIÓN DUN ASCENSOR NO EDIFICIO MUNICIPAL CENTRO SOCIAL LICEO.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada la existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

2º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Rianxo para cofinanciar as obras da a instalación dun ascensor no edificio municipal Centro Social Liceo cunha achega provincial de 64.500,00 euros con cargo a la aplicación orzamentaria 0112/93391/76201, o que representa un coeficiente de financiamento do 79,78437 % respecto dun orzamento de 80.842,90 euros.

3º.- Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio de 2019.

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE RIANXOPARA A COFINANCIACIÓN DAS OBRAS DA INSTALACIÓN DUN ASCENSOR NO EDIFICIO MUNICIPAL CENTRO SOCIAL LICEO

Na Coruña, a __ de _____ de 201__

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____, Deputado de _____ da Deputación da Coruña, en virtude das resolucións da presidencia número _____ e _____ polas que se lle delega a competencia para asinar convenios da súa área,

E doutra parte D. _____, Alcalde Presidente do **Concello de Rianxo**,

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a

asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de Rianxo considera de primeira necesidade as actuacións sobre o Edificio Municipal Centro Social Liceo (Clube de Pensionistas e Xubilados) para dar accesibilidade ao mesmo mediante a colocación dun ascensor.

A importancia e interese de tais actuacións, radica en que as mesmas garantirán o acceso de persoas con discapacidade e familias a todas as plantas do edificio. Nestes intres funcionan nas súas dependencias talleres da UNED Senior (Sección Rianxo), do Programa APEGO de Normalización Lingüística, así como doutros colectivos e entidades de Rianxo.

Unha resolución xudicial obriga tamén á asociación de xubilados e pensionistas de Rianxo a abandonar o seu local na lonxa de Rianxo, cedido no seu día por Portos de Galicia á asociación, co que este colectivo queda tamén sen o seu lugar, o que directamente interpela ao concello a axilizar o proceso de apertura deste equipamento.

En definitiva, a actuación que se pretende realizar é prioritaria e do máximo interese para este concello, xa que as obras consisten en resolver os problemas de accesibilidade para o local municipal que ten como destino albergar o centro social Liceo, mediante a construción dun ascensor exterior e en consecuencia, dotando definitivamente dun centro social ao concello do que hoxe se carece para dar cobertura o lecer e benestar dos maiores.

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Rianxo** ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- 1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de **Rianxo**, con CIF P P1507300J, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das

obras da “Instalación dun ascensor no Edificio Municipal Centro Social Liceo”, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo arquitecto Carlos Henrique Fernández Coto

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material:	56.144,80 euros
Gastos xerais 13,00%	7.298,82 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	3.368,69 euros
IVE (21%)	14.030,59 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	80.842,90 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **64.500,00** euros o que representa unha porcentaxe de 79,78437 %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificando non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 79,78437%, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente

xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0112/933.91/762.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á a entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**

3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. **Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 57ª y 58ª das de execución do Orzamento para o ano 2018, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da a entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- **Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do **cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación** expedida polo órgano responsable da contabilidade das **axudas e outros ingresos** afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
- Acreditación da **colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.

- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación** expedida polo órgano responsable da contabilidade das **axudas e outros ingresos** afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal y como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula primeira, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓN E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2019**. Dado

que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2019**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2020**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE, P.D.
O DEPUTADO DE _____

O ALCALDE/SA-PRESIDENTE/TA DO
CONCELLO DE RIANXO

Asdo.: _____

Asdo.: _____

O SECRETARIO XERAL
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Asdo.: _____ "

(Entra no salón de Plenos o Sr. Muíño Espasandín)

34.- APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN E O TEXTO DO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE SAN SADURNIÑO POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE CONSERVACIÓN E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DO CASTELO DE NARAHÍO.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

2º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de San Sadurniño para cofinanciar as obras de consolidación e acondicionamento do Castelo de Naraío: Obras de Conservación e Mellora da Accesibilidade no Castelo de Naraío, cunha achega provincial de 151.000,00 euros con cargo a la aplicación orzamentaria

0112/933.91/762.01, o que representa un coeficiente de financiamento do 80,00000 % respecto dun orzamento de 188.750,00 euros.

3º.- Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio de 2019.

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE SAN SADURNIÑO PARA A COFINANCIACIÓN DAS OBRAS DE CONSOLIDACIÓN E ACONDICIONAMENTO DO CASTELO DE NARAÍO: OBRAS DE CONSERVACIÓN E MELLORA DA ACCESIBILIDADE NO CASTELO DE NARAÍO

Na Coruña, a __ de _____ de 201_

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____, Deputado de _____ da Deputación da Coruña, en virtude das resolucións da presidencia número _____ e _____ polas que se lle delega a competencia para asinar convenios da súa área,

E doutra parte D. _____, alcalde presidente do **Concello de San Sadurniño**,

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: a) Urbanismo: plan, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do Patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sustentabilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación... h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local...

Neste sentido, o Concello de **San Sadurniño**, considera de primeira necesidade levar a cabo actuacións sobre o Castelo de Naraío, de cara a continuar a mellorar a calidade de vida dos seus veciños e veciñas.

Neste contexto, a protección do Patrimonio histórico é un deber propio de todas as Administracións públicas, e tal e como se recolle no artigo 3 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia “As entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de: a) Protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural; b) Adoptar, en casos de emerxencia, as medidas cautelares necesarias para salvaguardar os bens que viren a súa integridade ou valor ameazados. ...”.

En consecuencia o Concello de San Sadurniño, en tanto que usufrutuario do Castelo de Naraío, ten a obriga de protexelo e de tomar as medidas para que a súa integridade non estea ameazada, así como de difundir e de fomentar o seu valor, estimulando a participación activa de toda a sociedade, en prol do interese público.

Dado que, despois de dúas fases de actuacións de prospección, limpeza e consolidación parcial, o Castelo de Naraío non ten todos os seus elementos protexidos, nin pode ser visitado polo público en xeral, xa que carece de accesos axeitados, faise preciso actuar de maneira urxente, para consolidar e protexer o ben, e facelo visitable para o conxunto da cidadanía.

En todo caso, as actuacións previstas centraranse na consolidación daqueles elementos do edificio que poidan ter risco de caída ou estrago, así como no acondicionamento dos accesos e a creación de itinerarios para que as persoas visitantes poidan acceder ao recinto e gozar, con total seguridade, do ben e do seu contorno paisaxístico

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de San Sadurniño** ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- 1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello

de **San Sadurniño**, con CIF P1507700A, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das Obras de Consolidación e acondicionamento do Castelo de Naraío: Obras de Conservación e Mellora da Accesibilidade no Castelo de Naraío”, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo Arquitecto José Antonio Alonso Rodríguez.

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material:	131.085,49 euros
Gastos xerais 13,00%	17.041,11 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	7.865,13 euros
IVE (21%)	32.758,26 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	188.750,00 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 151.000,00 euros o que representa unha porcentaxe de 80,00000%. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00000%, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0112/933.91/762.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á a entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**

3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de "melloras".

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. **Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 57ª y 58ª das de execución do Orzamento para o ano 2018, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da a entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- **Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do **cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación** expedida polo órgano responsable da contabilidade das **axudas e outros ingresos** afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
- Acreditación da **colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

- **Certificación** expedida polo órgano responsable da contabilidade das **axudas e outros ingresos** afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal y como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula primeira, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no

que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto. 2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2019**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2019**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que

a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2020**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan por cuaduplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

**O PRESIDENTE, P.D.
O DEPUTADO DE _____**

Asdo.: _____

**O ALCALDE/SA-PRESIDENTE/TA DO
CONCELLO
DE SAN SADURNIÑO**

Asdo.: _____

**O SECRETARIO XERAL
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

Asdo.: _____ "

35.-APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA “REDE DE SUMIDOIROS E FECAIS NA PRAZA ENRIQUE IV” DO CONCELLO DE BETANZOS INCLUÍDA NO PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015 4ª E DERRADEIRA FASE (CÓDIGO 2015.3110.0219.0)

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver as Bases reguladoras do Plan de Acción Social (PAS) 2015, aprobadas polo Pleno desta Deputación o día 8 de outubro de 2015 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 196, do 14 de outubro de 2015

Logo de ver o acordo do Pleno desta deputación, na sesión realizada o día 26 de xuño de 2016, polo que se aprobou a 4ª e derradeira fase do Plan de Acción Social (PAS) 2015

Logo de ver que no anexo II a este acordo figura a listaxe dos investimentos que se inclúen nesta 4ª e derradeira fase, no que figura, entre outras, a obra do Concello de Betanzos denominada “Rede de sumidoiros e fecais na praza Enrique IV”, co código 2015.3110.0219.0

Logo de ver que o Concello de Betanzos adxudicara esta obra con baixa de licitación e posteriormente resolvera de mutuo acordo o contrato.

Logo de presentar o Concello de Betanzos un proxecto modificado desta obra, con incremento no seu orzamento que será asumido polo Concello.

Logo de ver os informes favorables xustificativos da modificación do proxecto e a certificación acreditativa da súa aprobación polo concello, así como á vista das autorizacións con vixencia actualizada da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural; da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (Costas de Galicia), así

como da Xefatura de Demarcación de Carreteras do Estado en Galicia do Ministerio de Fomento

1.- Aprobar o proxecto modificado da obra do Concello de Betanzos denominada "Rede sumidoiros e fecais na praza Enrique IV", incluída na 4ª e derradeira fase do Plan de Acción Social (PAS) 2015, co código 2015.3110.0219.0, que foi aprobada polo Pleno desta Deputación na sesión realizada o día 29 de xuño de 2016, que non varía o seu obxecto nin a súa finalidade, pero que experimentou un incremento no seu orzamento que é financiado polo concello de Betanzos, segundo se detalla a continuación.

Rede de sumidoiros e fecais na praza Enrique IV. Concello de Betanzos Código: 2015.3110.0219.0	INICIAL		MODIFICADO	DIFERENZA
	Contrata	Adxudicación		
Deputación	95.524,49	64.527,21	64.527,21	0,00
Concello	1.000,88	0,00	75.699,23	75.699,23
Total	96.525,37	64.527,21	140.226,44	75.699,23

O aboamento da achega da deputación a esta obra farase efectivo con cargo á partida 0430/1603/76201 do vixente orzamento provincial.

2.- Comunicarlle ao Concello de Betanzos a aprobación deste proxecto modificado da obra para o seu coñecemento e para os efectos oportunos."

36.- APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DO INVESTIMENTO DENOMINADO "MELLORA DA CONTORNA DO LOCAL SOCIAL DE NANTÓN (2ª FASE)", DO CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS, INCLUÍDO NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2018 CO CÓDIGO 2018.2200.0414.0, E APROBACIÓN DEFINITIVA DO INVESTIMENTO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello de Cabana de Bergantiños do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora da contorna do local social de Nantón (2ª fase)", incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018, co código 2018.2200.0414.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo do Pleno desta Deputación do 16 de maio de 2018, en relación coa Resolución da Presidencia número 2018/21270, do 14 de xuño de 2018, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 no que se inclúe este investimento.

Tendo en conta que, de acordo co disposto no apartado 2 do citado acordo do 16 de maio de 2018, a aprobación definitiva dos investimentos dalgúns concellos quedaba condicionada á realización das condicións suspensivas que se detallan para cada un deles, entre os que figura este investimento do Concello de Cabana de Bergantiños cos seguintes datos:

Código	Concello	Denominación	FINANCIAMENTO			Condición a realizar
			Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento Total	
2018.2200.0414.0	Cabana de Bergantiños	"Mellora da contorna do local social de Nantón (2ª fase)"	81.286,46	0,00	81.286,46	-Autorización D. X. Patrimonio Cultural

Logo de recibir o Concello de Cabana de Bergantiños a Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 4 de abril de 2018, que non autoriza a intervención solicitada no proxecto inicial a causa dunha serie de deficiencias advertidas polos servizos técnicos da dita Dirección Xeral.

Logo de modificar o concello o proxecto inicial para emendar as ditas deficiencias e obter a autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural mediante a Resolución do 10 de outubro de 2018.

Logo de aprobar o concello o 29 de outubro de 2018 este proxecto modificado que mantén o mesmo orzamento total que o proxecto inicial aprobado, pero supón con respecto deste variacións internas por un importe superior ao 30% das súas partidas

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras do POS+ 2018, aprobadas polo Pleno desta deputación o 29 de setembro de 2017 e publicadas no BOP número 188, do 3 de outubro de 2017.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado "Mellora da contorna do local social de Nantón (2ª fase)", do Concello do Cabana de Bergantiños, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018, que foi aprobado mediante o acordo plenario desta deputación do 16 de maio de 2018 en relación coa Resolución da Presidencia número 2018/21270, do 14 de xuño de 2018, co código 2018.2200.0414.0 e cos datos que se indican a continuación, que aínda non está adxudicado, que se aprobou polo concello o 29 de outubro de 2018 previos os correspondentes informes favorables para dar cumprimento aos condicionantes impostos pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, e que aínda que mantén o mesmo orzamento total que o proxecto inicial

aprobado, supón con respecto deste variacións internas por un importe superior ao 30% das súas partidas:

Código	Concello	Denominación	FINANCIAMENTO		
			Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento Total
18.2200.0414.0	Cabana de Bergantiños	Mellora da contorna do local social de Nantón (2ª fase)	81.286,46	0,00	81.286,46

O pago do préstamo provincial a este investimento farase efectivo con cargo á partida orzamentaria 0430/9435/82120 do vixente orzamento provincial.

2.- Coa aprobación deste proxecto modificado e coa obtención da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, considerar cumprida a condición á que foi sometido este investimento e, en consecuencia, aprobar definitivamente este investimento no POS+ 2018.

3.- Notificarlle esta Resolución ao Concello de Cabana de Bergantiños para os efectos de que poida iniciar a contratación e execución deste investimento incluído no POS+ 2018."

37.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA DENOMINADA "REHABILITACIÓN DO ANTIGO CINE PARÍS PARA CENTRO CULTURAL,1ª FASE" DO CONCELLO DE MUROS, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2018 CO CÓDIGO 2018.2100.0032.0, E APROBACIÓN DEFINITIVA DESTA OBRA

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+2018, aprobadas polo Pleno desta deputación o día 29 de setembro de 2017 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 188 do 3 de outubro de 2017

Logo de ver o acordo do Pleno da Deputación do 16 de maio de 2018, en relación coa Resolución da Presidencia número 21270 do 14 de xuño de 2018, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018

Logo de ver que no Anexo V a este acordo figura a listaxe completa dos investimentos que se inclúen no POS+2018 con cargo á achega 2018, no que figura, entre outras, a obra do concello de Muros denominada "Rehabilitación do antigo Cine París para centro cultural, 1ª Fase", co código 2018.2100.0032.0 coa condición da presentación do informe de supervisión técnica favorable do proxecto técnico da obra

Logo de presentar o Concello de Muros un proxecto modificado desta obra, coa finalidade de adaptar o proxecto da obra ás esixencias sinaladas nos informes emitidos polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios da Deputación respecto ao proxecto primitivo, sen variación no seu orzamento, así como coa certificación acreditativa da súa aprobación polo órgano municipal competente do concello

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA

1.- Aprobar o proxecto modificado da obra do Concello de Muros denominada "Rehabilitación do antigo Cine París para centro cultural, 1ª Fase", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único dos concellos) POS+2018, co código 2018.2000.0032.0, que foi aprobado polo Pleno desta Deputación na sesión realizada o día 16 de maio de 2018, en relación coa Resolución da Presidencia número 21270 do 14 de xuño de 2018, figurando aprobado o proxecto de forma condicionada á obtención do informe de supervisión técnica favorable de Servizo de Asistencia Técnica a Municipios da Deputación, cun orzamento de contrata de 296.070,74 €, que non representa variación no seu orzamento respecto do proxecto técnico inicial, nin varía o seu obxecto nin a súa finalidade, aínda que supón a introducción das modificacións necesarias para a subsanación dos erros técnicos e para a adecuación aos requisitos esixidos na normativa vixente de contratación administrativa e demais concordante sinalados nos informes do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios da Deputación.

2.- En consecuencia, coa aprobación deste proxecto modificado aprobado polo Concello de Muros, e coa presentación do informe de supervisión técnica favorable do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios da Deputación, á cuxa obtención quedou condicionada a aprobación desta obra dentro do Plan, considerar definitivamente aprobada esta obra dentro do POS+2018:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓN CUMPRIDA
Muros	2018.2100.0032.0	Rehabilitación do antigo Cine París para centro cultural, 1ª Fase	225.404,88	70.665,86	296.070,74	Informe supervisión técnica favorable

3.- A achega provincial a esta obra financiarase con cargo ao crédito consignado na partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

4.- Notificar esta resolución ao Concello de Muros para os efectos oportunos."

38.- APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA "CONSTRUCCIÓN DE BEIRRÚAS NA AC-163, RÚA DO GOLFIÑO", DO CONCELLO DE OLEIROS INCLUÍDA NO POS+ADICIONAL 1/2018 (2ª FASE) CO CÓDIGO 2018.2001.0769.0, E APROBACIÓN DEFINITIVA DESTA OBRA

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver que o Pleno desta Deputación na sesión realizada o 28 de setembro de 2018, en relación coa Resolución da Presidencia nº 36517 do 29 de outubro de 2018, aprobou a segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único dos concellos) POS+ADICIONAL 1/2018, no marco das súas Bases reguladoras aprobadas mediante acordo plenario do 29 de setembro de 2017 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia nº 188 do 3 de outubro de 2017

Logo de ver que no apartado 1 do dito acordo plenario de 28 de setembro de 2018 condicionábase a aprobación definitiva dalgunhas obras ou subministracións sinaladas no Anexo III (Relación de investimentos finnacemente sostibles) ao cumprimento das condicións suspensivas singulares que para algunhas delas se indicaban, e que entre estas obras ou subministracións condicionadas figura a obra do Concello de Oleiros denominada "Construcción de beirarrúas na AC-163, Rúa do Golfiño ", co código 2018.2001.0769.0., e que concretamente esta obra quedou sometida a dous condicións singulares, a de acreditar a supervisión favorable do proxecto da obra corrixido e aprobado e máis a de acreditar a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a súa execución

Logo de presentar o Concello de Oleiros un proxecto modificado desta obra coa finalidade de corrixir os erros técnicos detectados no proxecto inicial, sen variación no seu orzamento, que conta coa supervisión favorable dos servizos técnicos provinciais, así como os informes favorables xustificativos da modificación do proxecto e a certificación acreditativa da súa aprobación polo órgano municipal competente do concello, e o informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA

1.- Aprobar o proxecto modificado da obra do Concello de Oleiros denominada "Construcción de beirarrúas na AC-163, Rúa do Golfiño", incluída na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único dos concellos) POS+ADICIONAL 1/2018, co código 2018.2001.0769.0, que foi aprobada polo Pleno desta Deputación na sesión realizada o 28 de setembro de 2018 en relación coa Resolución da Presidencia nº 36517 do 29 de outubro de 2018, cun orzamento de contrata de 455.020,52 €, que non representa unha variación no seu orzamento, nin varia o seu obxecto nin a súa finalidade, unicamente supón a corrección de erros técnicos detectados no proxecto orixinal.

2.- En consecuencia, coa presentación deste proxecto modificado aprobado polo órgano municipal competente, que conta coa supervisión favorable dos servizos técnicos provinciais, e coa presentación do informe técnico-xurídico sobre a

dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras, á cuxa obtención quedou condicionada a aprobación desta obra dentro do Plan, considerar definitivamente aprobada esta obra dentro do POS+ADICIONAL 1/2018:

Código	Concello	Denominación	Achega Deputación	Achega Concello	Orzamento Total	Condições
18.2001.0769.0	Oleiros	Construcción de beirarrúas na AC-163, Rúa do Golfiño	239.254,30 €	215.766,22€	455.020,52 €	-Supervisión favorable proxecto corrixido e aprobado -Acreditación da dispoñibilidade dos terreos

3.-O financiamento da achega provincial a esta obra realizarase con cargo á aplicación 0430/1536/76201 do vixente orzamento provincial."

39.-APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DO INVESTIMENTO DENOMINADO “ACONDICIONAMENTO PARCIAL DA CASA CONSISTORIAL”, DO CONCELLO DE OROSO, INCLUÍDO NO PLAN DE AFORRO E INVESTIMENTO (PAI) 2016 CO CÓDIGO 2016.3290.0052.0

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello de Oroso do proxecto modificado do investimento denominado “Acondicionamento parcial da casa consistorial”, incluído no Plan de aforro e investimento (PAI) 2016 co código 2016.3290.0052.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo do Pleno desta deputación na sesión ordinaria do 27 de maio de 2016, polo que se aprobou o Plan de aforro e investimento (PAI) 2016, no que se inclúe este investimento

Tendo en conta que, de acordo co disposto no apartado 2 do citado acordo do 27 de maio de 2016, este investimento aprobouse condicionado á obtención da autorización da Consellería de Cultura e Educación (Camiño Inglés) e mediante a Resolución da Presidencia desta corporación provincial número 2016/23854, do 10 de outubro de 2016, aprobouse definitivamente logo de que o concello xustificara o cumprimento desta condición

Logo de presentar o Concello de Oroso un proxecto modificado deste investimento, previos os informes técnicos e xurídicos favorables e coa conformidade do contratista adxudicatario deste, cun orzamento de contrata superior ao do proxecto inicial

aprobado para dar solución ás situacións imprevistas xurdidas durante a súa execución

Tendo en conta que este investimento foi adxudicado inicialmente polo concello con baixa de licitación que minora o préstamo provincial a este investimento, o que orixina que o concello teña que incrementar a súa achega para o financiamento deste proxecto modificado

Logo de ver as Bases reguladoras do PAI 2016, aprobadas mediante acordo plenario do 30 de decembro de 2015 (BOP número 2 do 5 de xaneiro de 2016), posteriormente modificadas mediante novos acordos plenarios do 28 de outubro de 2016 (BOP número 208 do 3 de novembro de 2016) e do 14 de setembro de 2018 (BOP número 183, do 25 de setembro de 2018)

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

Aprobar o proxecto modificado do investimento do Concello de Oroso denominado “Acondicionamento parcial da casa consistorial”, incluído no Plan de aforro e investimento (PAI) 2016 co código 16.3290.0052.0, que foi aprobado polo Pleno desta deputación na sesión realizada o día 27 de maio de 2016, contando o proxecto modificado coa aprobación do Pleno do concello previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables e coa conformidade do contratista adxudicatario do investimento para dar solución ás situacións imprevistas xurdidas durante a execución do investimento e tendo un orzamento de contrata superior ao do proxecto inicial, que asume integramente o concello, tal e como se indica na seguinte táboa:

Proxecto Modificado “Acondicionamento parcial da casa consistorial “				
Concello de Oroso				
PAI 2016 (2016.3290.0052.0)				
	Axentes	Contrata	Adxudicación	Baixa
PROXECTO INICIAL	Deputación	51.519,52	43.471,95	8.047,57
	Concello	4.378,70	0,00	4.378,70
	Total	55.898,22	43.471,95	12.426,27
PROXECTO MODIFICADO	Deputación	51.519,52	43.471,95	8.047,57
	Concello	8.328,17	3.071,49	5.256,68
	Total	59.847,69	46.543,44	13.304,25
INCREMENTO	Deputación	0,00	0,00	0,00
	Concello	3.949,47	3.071,49	877,98
	Total	3.949,47	3.071,49	877,98

O préstamo provincial asignado a este investimento financiarase con cargo á partida 0430/9433/82120 do vixente orzamento provincial."

40.-APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA DENOMINADA "CUBERTA DA PISCINA MUNICIPAL DE OROSO" DO CONCELLO DE OROSO, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2018 CO CÓDIGO 18.2200.0454.0, E APROBACIÓN DEFINITIVA DESTA OBRA.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2018, aprobadas polo Pleno desta Deputación o día 29 de setembro de 2017 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 188 do 3 de outubro de 2017

Logo de ver o acordo do Pleno da Deputación do 16 de maio de 2018, en relación coa Resolución da Presidencia número 21270 do 14 de xuño de 2018, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018

Logo de ver que no anexo V a este acordo figura a listaxe completa dos investimentos que se inclúen no POS+ 2018 con cargo ao préstamo 2018, no que figura, entre outras, a obra do Concello de Oroso denominada "Cuberta da piscina municipal de Oroso", co código 18.2200.0454.0, coa condición de acreditar a supervisión favorable do proxecto corrixido e aprobado

Logo de presentar o Concello de Oroso un proxecto modificado desta obra, coa finalidade de corrixir erros técnicos e adaptar o proxecto da obra ás condicións e consideracións contidas na autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, sen variación no seu orzamento, xunto cos informes favorables xustificativos da modificación do proxecto, así como a certificación acreditativa da súa aprobación polo órgano municipal competente do concello e contando co informe de supervisión favorable do proxecto emitido polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios da Deputación

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña
ACORDA

1.- Aprobado o proxecto modificado da obra do Concello de Oroso denominada "Cuberta da piscina municipal de Oroso", incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018, co código 18.2200.0454.0, que foi aprobada polo Pleno desta Deputación na sesión realizada o día 16 de maio de 2018, en relación coa Resolución da Presidencia número 21270 do 14 de xuño de 2018, de forma condicionada á supervisión favorable do proxecto corrixido e aprobado, cun orzamento de contrata de 210.475,91€, que non representa unha alteración do seu obxecto, sendo a súa finalidade a de corrixir os erros técnicos apreciados no proxecto orixinal e adaptalo ás condicións impostas na autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da

Xunta de Galicia, e que aínda que non supón variación do seu orzamento total, representa unha modificación superior ao 30% das partidas internas do orzamento de execución material.

2.-Considerar cumprida a condición á que foi sometida esta obra, segundo o apartado 2 do acordo plenario desta deputación do 16 de maio de 2018, polo que se aprobou o POS+2018, consistente en acreditar a supervisión favorable do proxecto corrixido e aprobado, toda vez que o Concello de Oroso presentou a documentación xustificativa do seu cumprimento e en consecuencia, aprobar definitivamente este investimento incluído no POS+ 2018.

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓN CUMPRIDA
Oroso	18.2200.0454.0	Cuberta na piscina municipal de Oroso	210.475,91	0,00	210.475,91	Supervisión favorable do proxecto corrixido e aprobado

3.- A achega provincial a esta obra financiarase con cargo ao crédito consignado na partida 0430/9435/82120 do vixente orzamento provincial.

4.- Notificar este acordo ao Concello de Oroso para os efectos oportunos."

41.-APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA "INSTALACIÓN BAIXA TENSIÓN PAVILLÓN POLIDEPORTIVO ORTIGUEIRA", DO CONCELLO DE ORTIGUEIRA INCLUÍDA NO POS+ADICIONAL 1/2018 (2ª FASE) CO CÓDIGO 2018.2001.0771.0, E APROBACIÓN DEFINITIVA DESTA OBRA.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver que o Pleno desta Deputación na sesión realizada o 28 de setembro de 2018, en relación coa Resolución da Presidencia nº 36517 do 29 de outubro de 2018, aprobou a segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único dos concellos) POS+ADICIONAL 1/2018, no marco das súas Bases reguladoras aprobadas mediante acordo plenario do 29 de setembro de 2017 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia nº 188 do 3 de outubro de 2017

Logo de ver que no apartado 1 do dito acordo plenario de 28 de setembro de 2018 condicionábase a aprobación definitiva dalgunhas obras ou subministracións sinaladas no Anexo III (Relación de investimentos finnacemente sostibles) ao cumprimento das condicións suspensivas singulares que para algunhas delas se indicaban, e que entre estas obras ou subministracións condicionadas figura a obra do Concello de Ortigueira denominada "Instalación baixa tensión pavillón polideportivo Ortigueira", co código 2018.2001.0771.0., e que concretamente esta obra quedou sometida a dous condicións singulares, a de obter a autorización da Consellería de

Cultura e Ordenación Universitaria e máis a de acreditar a supervisión favorable do proxecto da obra corrixido e aprobado

Logo de presentar o Concello de Ortigueira un proxecto modificado desta obra coa finalidade de corrixir os erros técnicos detectados no proxecto inicial, sen variación no seu orzamento, que conta coa supervisión favorable dos servizos técnicos provinciais, así como os informes favorables xustificativos da modificación do proxecto e a certificación acreditativa da súa aprobación polo órgano municipal competente do concello, e a autorización da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA

1.- Aprobar o proxecto modificado da obra do Concello de Ortigueira denominada "Instalación baixa tensión pavillón polideportivo Ortigueira", incluída na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único dos concellos) POS+ADICIONAL 1/2018, co código 2018.2001.0771.0, que foi aprobada polo Pleno desta Deputación na sesión realizada o 28 de setembro de 2018 en relación coa Resolución da Presidencia nº 36517 do 29 de outubro de 2018, cun orzamento de contrata de 32.000,00 €, que non representa unha variación no seu orzamento, nin varia o seu obxecto nin a súa finalidade, unicamente supón a corrección de erros técnicos detectados no proxecto orixinal.

2.- En consecuencia, coa presentación deste proxecto modificado aprobado polo órgano municipal competente, que conta coa supervisión favorable dos servizos técnicos provinciais, e coa presentación da autorización da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, á cuxa obtención quedou condicionada a aprobación desta obra dentro do Plan, considerar definitivamente aprobada esta obra dentro do POS+ADICIONAL 1/2018:

Código	Concello	Denominación	Achega Deputación	Achega Concello	Orzamento Total	Condições
18.2001.0771.0	Ortigueira	Instalación baixa tensión pavillón polideportivo Ortigueira	32.000,00 €	0,00 €	32.000,00 €	-Autorización da Cons.de Cultura e Ordenación Universitaria -Supervisión favorable proxecto corrixido e aprobado

3.- O financiamento da achega provincial a esta obra realizarase con cargo á aplicación 0430/93395/76201 do vixente orzamento provincial."

42.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DO “SAL FESTIVAL SABORES ATLÁNTICOS A CORUÑA”

VOTACIÓN

Votan a favor: 18 deputados (8 do PSOE, 5 do BNG, 3 de Marea Atlántica, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 13 deputados (PP)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, acorda:

"1º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento desta subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2º.- Apréciense no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva. O obxecto da presente subvención e segundo se desprende da memoria presentada pola entidade relativa a “**SAL FESTIVAL SABORES ATLÁNTICOS A CORUÑA**” consiste en executar unha serie de accións únicas que teñen por obxecto dar a coñecer a cidade (especialmente no ámbito gastronómico) e contribúe á promoción dos diversos produtos gastronómicos da provincia. O patrimonio gastronómico é un elemento de comunicación cultural e nel maniféstanse tanto as tradicións propiamente culturais como as idiosincrasias naturais dun lugar. A cociña e a gastronomía implican unha indisoluble relación entre a vida rural e o sector dos servizos vinculados ao turismo. Deste xeito, gastronomía é desenvolvemento local, e tamén desenvolvemento turístico; por tanto considérase necesario a financiamento mediante subvención nominativa, xa que presta un servizo complementario aos de competencia provincial.

3º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e o **CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA**, CIF Q6550029J para o financiamento do “**SAL FESTIVAL SABORES ATLÁNTICOS A CORUÑA** ”

4º.- A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 115.000,00 euros, co que se executa e financia o 34,1763 % da actividade por parte da Deputación da Coruña.

5º.- A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4321/46701 prevista no vixente orzamento provincial.

6º.- Facultar ao sr D. Xosé Regueira Varela, en representación da Deputación da Coruña en virtude da R.P. 15671 de 27/07/2015, modificada pola R.P. 16642 de 30/07/2015 e pola R.P. 29081 de 23/12/2015 para a sinatura do convenio.

ANEXO

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Consorcio de Turismo e Congresos da Coruña para colaborar na financiamento do proxecto “SAL Festival Sabores Atlánticos A Coruña”.

A Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte....., en representación da Deputación da Coruña

Doutra parte, en representación do CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e reunidos en presenza do secretario provincial.

EXPOÑEN

- Que a Deputación provincial da Coruña e o Consorcio de Turismo e Congresos da Coruña consideran de gran interese a celebración do Sal Festival Sabores Atlánticos A Coruña, xa que actúa como escaparate para reforzar o concepto da oferta gastronómica da cidade, reflexo tamén da gastronomía da provincia.
- Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do Consorcio de Turismo e Congresos da Coruña, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes.

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Consorcio de Turismo e Congresos da Coruña, con CIF

Q6550029J, para o financiamento do proxecto “SAL Festival Sabores Atlánticos A Coruña”.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

O Consorcio de Turismo e Congresos da Coruña levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
PUBLICIDADE	34.862,59
ALOXAMENTOS RELADORES	2.552,00
SEGURO CANCELACION	11.588,84
SEGURIDADE	5.449,00
SECRETARIA TECNICA	21.628,75
IDENTIDADE CORPORATIVA	5.033,60
INFRAESTRUTURAS	108.839,50
ARGUMENTARIOS	663
PROGAMACION INFANTIL	6.243,60
XESTION ADEGAS	2.057,00
AMBIENTACION MUSICAL	1.815,00
PERSOAL DE APOIO	11.416,01
PLAN DE SEGURIDADE	1.034,55
PRESENTACION DO FESTIVAL	1.493,80
PRESENTACION DO FESTIVAL NO SALON GOURMET DE MADRID	1.874,50
MATERIAL PROMOCIONAL	5.615,61
WEB, COMUNICACION, VIDEO	16.806,09
INSTALACION ELECTRICA	3.993,00
GRUPOS ELECTROXENOS	5.489,62
RELADORES	24.422,10
SPEAKERS	5.544,81
REXISTRO DA MARCA SAL	469,69
TAXAS	3.629,70
UNIFORMES E BOLSAS	2.704,35
ALIMENTACION ELECTRICA	17.036,50
CONEXION REDE AGUA	10.579,03
CADROS ELECTRICOS	17.438,14
MANTEIS PAPEL	300,08
DESPRAZAMENTOS RELADORES	5.910,00
TOTAL	336.490,46

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 115.000,00 €, o que representa

unha porcentaxe do 34.1763 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 34.1763 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/4321/46701, onde existe crédito corrente suficiente mediante bolsa de vinculación xurídica para o financiamento do proxecto.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Consorcio de Turismo e Congresos da Coruña obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas ao CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, o CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que o CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada ao CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscripta polo representante legal do CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

O CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA estarán rematadas no momento da sinatura do convenio.

2. Unha vez rematadas as actividades, o CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo de DOUS MESES contado a partir da sinatura do convenio e, en calquera caso, UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto tal como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 16 do luns, 22 de xuño de 2015), lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se debeñan desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

O CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ó CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se debeñan desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de

sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116 do luns, 22 de xuño de 2015).

3. Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116 do luns, 22 de xuño de 2015).

4. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONES E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xuño de 2018 ata o 31 de xullo do 2018, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **30 de decembro do 2018**.

2. O CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA deberá ter e presentada a xustificación no prazo máximo de dous meses contados a partir da sinatura do convenio e, en todo caso **antes do día 30 de novembro de 2018**.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da

Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ___ de ___ de ___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O Representante da Deputación da Coruña, _____ O representante do Consorcio de Turismo e Congresos da Coruña"

43.- APROBACIÓN DA INFORMACIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES A QUE SE REFIRE O REAL DECRETO 635/2014, DO 25 DE XULLO, CORRESPONDENTE AO MES DE OUTUBRO DE 2018 E RELACIÓN DETALLADA DE TODAS AS FACTURAS PAGADAS POLA DEPUTACIÓN E POLO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRAINCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA ENTRE O 1 E O 31 DE OUTUBRO DE 2018.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pago a provedores calculado cos criterios do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación Provincial da Coruña e no Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña do mes de outubro de 2018.

2.- Tomar coñecemento, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña e polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña no período comprendido entre o 1 e o 31 de outubro de 2018.

3.- Unha vez remitida a información que proceda ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, acórdase a publicación desta na páxina de internet da Deputación Provincial da Coruña."

44.-APROBACIÓN DO INFORME SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA A 31/10/2018 E PROXECCIÓN A 31/12/2018.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Tomar coñecemento da información sobre a xestión orzamentaria a 31 de outubro de 2018, que formula a Sección I do Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos, adscrito á Intervención provincial.

2.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e de adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

3.- Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financeiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2018 xa que as previsións actuais permiten estimar o cumprimento das normas de aplicación, salvo circunstancias sobrevindas e imprevisibles que excedesen do Fondo de Continxencia dotado para o exercicio.

4.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando cumpra, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente."

45.-APROBACIÓN DA INFORMACIÓN RENDIDA AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS EN CUMPRIMENTO DO ARTIGO 16 DA ORDE HAP/2105/2012 DO 1 DE OUTUBRO. EXECUCIÓN TERCEIRO TRIMESTRE EXERCICIO 2018 NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E NO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA, E DO ESTADO CONSOLIDADO.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º. Tomar coñecemento da información remitida ao Ministerio de Facenda e Administracións públicas en cumprimento do disposto na Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2º. Pon a información a disposición de calquera interesado lexítimo a través da páxina de Internet da Deputación provincial."

46.-TOMA DE COÑECEMENTO DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA NÚMERO 34.871 DO 16/10/2018, DE CESAMENTO DE PERSOAL EVENTUAL.

O Pleno toma coñecemento da seguinte Resolución da Presidencia:

Número 34.871 do 16 de outubro de 2018 sobre cesamento de persoal eventual.

47.-TOMA DE COÑECEMENTO DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA NÚMERO 38.989 DO 13/11/2018, DE NOMEAMENTO DE PERSOAL EVENTUAL.

O Pleno toma coñecemento da seguinte Resolución da Presidencia:

Número 38.989 do 13 de novembro de 2018 sobre nomeamento de persoal eventual.

48.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DAS BASES E CRITERIOS DE DISTRIBUCIÓN DA PRODUTIVIDADE ESTABLECIDOS POLO ACORDO PLENARIO DO 28 DE OUTUBRO DE 2016.

VOTACIÓN

Votan a favor: 27 deputados (13 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (3 de Marea Atlántica e 1 de Compostela Aberta)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP,PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños e a abstención de Marea Atlántica e Compostela Aberta, acorda:

"O artigo 8 do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público - TREBEP- aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, establece as clases de empregados públicos, a saber: funcionarios de carreira, funcionarios interinos, persoal laboral -xa sexa fixo, por tempo indefinido ou temporal- e, finalmente, o persoal eventual.

A regulación de persoal eventual atopámola, fundamentalmente, nos arts. 12 TREBEP e 104 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local (LRBRL), definindo o primeiro precepto citado ao persoal eventual como aquel que, en virtude de nomeamento e con carácter non permanente, só realiza funcións expresamente cualificadas como de confianza ou asesoramento especial, sendo retribuído con cargo aos créditos orzamentarios consignados para este fin.

Así, o artigo 104.1 LBRRL dispón que o número, características e retribucións de persoal eventual será determinado polo Pleno de cada Corporación ao comezo do seu mandato e que estas determinacións só poderán modificarse con motivo da aprobación dos orzamentos anuais.

Neste sentido, non hai que esquecer que é o Real decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o réxime de retribucións dos funcionarios de administración local, o que regula para os funcionarios a determinación do complemento de produtividade e gratificacións, dispoñendo no seu artigo 5 o seguinte:

Complemento de produtividade.

1. O complemento de produtividade está destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desempeña o seu traballo.

2. A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo.

3. En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto a as valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

4. As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

5. Corresponde ao Pleno de cada Corporación determinar no orzamento a cantidade global destinada á asignación de complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2, b), desta norma.

6. Corresponde ao alcalde ou ao presidente da Corporación a distribución da devandita contía entre os diferentes programas ou áreas e a asignación individual do complemento de produtividade con suxeición aos criterios que no seu caso establece o Pleno, sen prexuízo das delegacións que poida conferir conforme ao establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril.

De acordo co exposto anteriormente, o persoal eventual só pode realizar funcións de confianza ou asesoramento especial, que xurisprudencialmente (STS do 17 de marzo de 2005, Sentenza TS de 25 abril de 2008) se caracteriza por ser tarefas de colaboración inmediata con quen ostenta o poder de superior decisión política, nas que predominan as notas de afinidade e proximidade política que é inherente á confianza e que se desenvolven de acordo coas instrucións dos cargos políticos, que son quen ten o poder superior de decisión política.

Ademais os postos reservados ao persoal eventual son excepcionais e o seu nomeamento debe quedar reducido ás funcións que esixen unha estrita relación de confianza política e non debe estenderse á realización de actividades ordinarias de xestión ou de carácter técnico nin o desempeño de postos de traballo estruturais ou permanentes.

O complemento de produtividade ten unha evidente natureza subxectiva cuxa asignación require unha previa avaliación do labor desempeñado cuxa concesión ao persoal eventual non parece procedente dada a configuración singular das súas tarefas exclusivamente cualificadas de confianza ou asesoramento especial.

De conformidade coa antedita normativa e antecedentes expostos acórdase:

1. Modificar as bases que rexen a distribución da produtividade establecidas polo acordo plenario do 28 de outubro de 2016 no sentido de que o persoal eventual non participe no sistema de avaliación do desempeño e cumprimento de obxectivos e non perciba o complemento de produtividade.
2. Que esta modificación na distribución da produtividade produza efecto a partir do 1 xaneiro de 2019."

49.-APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN E O TEXTO DO CONVENIO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E UNICEF-COMITÉ AUTONÓMICO PARA GALICIA, CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA PALIAR OS EFECTOS DO RECENTE SISMO E POSTERIOR TSUNAMI ACAECIDO EN INDONESIA O 28.09.2018.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

- "1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención, principios que se atopan recollidos nos artigos 22,2 da Lei xeral de subvencións, e 65 e 67 do seu regulamento.
2. Non ter en conta, con carácter excepcional, o principio de imputación temporal do gasto, de conformidade co establecido no art.176 do texto refundido da Lei de facendas locais.
3. Aprobar a concesión dunha achega nominativa por importe de **10.000,00 €**, a favor de **"UNICEF-Comité Autonómico para Galicia"**, CIF G84451087, para paliar os efectos do recente sismo e posterior tsunami en Indonesia, cun coeficiente de financiamento do **100 %**.
4. Imputar a achega provincial á partida 0520/23132/481, do vixente orzamento.
5. Aprobar o texto do convenio administrativo que se transcribe e facultar ao presidente da Corporación para a súa formalización e execución.

"CONVENIO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNICEF-COMITÉ AUTONÓMICO PARA GALICIA, PARA PALIAR OS EFECTOS DO SISMO E POSTERIOR TSUNAMI, ACAECIDO EN INDONESIA O 28.09.2018

Na Coruña, de de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, Don Valentín González Formoso, en representación da DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA,

Doutra parte, Dona Myriam Garabito Cociña, con DNI 02895508S, como presidenta do Comité Autonómico para Galicia da UNICEF,

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas, e

MANIFESTAN

O pasado 28 de setembro tivo lugar un potente sismo de magnitude 7,4 na Costa Oeste de Sulawesi (Indonesia) e posterior tsunami que, pola súa proximidade a zoas densamente poboadas, especialmente ás cidades de Palu e Dongala, ocasionou unha grande devastación física e humana, cunhas cifras que superan as 1.000 persoas falecidas e máis de 16.000 desprazadas, entre as que se atopa un importante número de nenos/as.

A Deputación da Coruña, sensible coas políticas de cooperación ao desenvolvemento, sempre amosou a súa disposición a colaborar a través da axuda humanitaria e de emerxencia, nas accións encamiñadas ao envío con carácter urxente e non discriminado do material de socorro necesario, incluída a axuda alimentaria de emerxencia para protexer as vidas humanas e aliviar a situación das poboacións vítimas dunha catástrofe natural, como é o caso.

Esta axuda a poden levar a cabo as administracións públicas directamente ou por medio de organizacións non gobernamentais ou organismos internacionais, polo que inmediatamente despois de ter lugar o fatal desenlace, numerosas entidades, públicas e privadas, puxeron en marcha os seus sistemas de axuda humanitaria, algunhas delas con demostrada experiencia e implantación no citado país, como é o caso da organización internacional UNICEF, no que xestiona proxectos de desenvolvemento en diferentes áreas dende hai anos, sobre todo no que afecta á poboación infantil, e que neste momento están a preparar o envío de subministracións e mobilizando a persoal especializado para reforzar unha resposta de emerxencia.

Polas citadas razóns, o Comité Autonómico para Galicia da UNICEF, nas súas funcións de colaboración coa súa respectiva organización nacional, en orde á recadación de fondos para o financiamento das súas actividades, se dirixe á Deputación Provincial da Coruña para solicitar as axudas que sexan posibles e, se fora o caso, o seu ingreso na conta de emerxencia correspondente, habilitada e destinada ao financiamento da axuda de emerxencia que está a levar a cabo no terreo.

Tendo en conta o anterior, o Pleno Corporativo da Deputación da Coruña, na sesión do pasado 26.10.2018, realizou unha declaración institucional para solidarizarse coas vítimas e comprometeuse a facilitar a tramitación dunha achega para paliar os seus efectos, sobre todo no que afecta á poboación infantil, a través da organización internacional UNICEF.

CLÁUSULAS

I. OBXECTO

A achega a conceder terá por obxecto paliar os efectos do sismo de magnitude 7,4 na Costa Oeste de Sulawesi (Indonesia) e posterior tsunami que, pola súa proximidade a zoas densamente poboadas, especialmente ás cidades de Palu e Dongala, ocasionou unha grande devastación física e humana, mediante o seu ingreso con carácter de anticipo de fondos na conta de emerxencia **ES87 2080 5355 6130 4003 9021**, habilitada pola UNICEF, para o seu emprego no financiamento da subministración de

auga e saneamento, nutrición, saúde, educación e protección, e, en xeral, bens consumibles, con destino a toda a poboación afectada, preferentemente a infantil.

II. ORZAMENTO DE GASTOS

A achega provincial, por un importe de 10.000 €, estará destinada ao financiamento de gastos relativos á subministración de auga e saneamento, nutrición, saúde, educación e protección, e, en xeral, bens consumibles con destino a toda a poboación afectada, preferentemente a infantil, sen que a priori poda determinarse a contía exacta de cada partida nin o cómputo global deste tipo de gastos.

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento dos gastos previstos na cláusula segunda, cunha achega máxima de 10.000,00 €, que será ingresada na conta de emerxencias do proxecto xunto coas doutros posibles financiadores, para o seu emprego na finalidade indicada na cláusula segunda.
2. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/23131/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
3. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificando.
4. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificando, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución do obxecto do convenio corresponderalle á entidade beneficiaria.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorran algunhas das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.
3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se de a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI. A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. A achega provincial seralle aboada á entidade beneficiaria con carácter de anticipo de fondos, mediante o seu ingreso na conta de emerxencia IBAN ES87 2080 5355 6130 4003 9021, previa a presentación pola entidade beneficiaria dun compromiso de destinalos á finalidade para a que foron concedidos e de acreditar que está ao día nas obrigas tributarias e sociais indicadas na cláusula oitava.
2. Unha vez superada a situación de emerxencia, e en todo caso antes do 31.10.2019, o Comité Autonómico para Galicia da UNICEF presentará a seguinte documentación:

- Certificado firmado poladDirectora de Administración e Finanzas de UNICEF-Comité Español, sobre o destino dos fondos concedidos pola Deputación da Coruña.
- Documento xustificativo da transferencia de fondos (Remittance Advice) desde o Comité Español, con indicación expresa do donante, a cantidade e o proxecto ao que se destinan os fondos.
- Certificado de recepción de fondos (Official Receipt), emitido pola central de UNICEF en Nova York, onde se reflicte o tipo de cambio.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula I, deberán estar realizadas entre o 26 de setembro de 2018 e o 31 de outubro de 2019.
2. Unha vez rematadas as actividades, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula VI antes da finalización do prazo de vixencia indicado na cláusula XIII.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos

sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade beneficiaria deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se fora o caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIONS E SANCIONS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116, do 22 de xuño de 2015).

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou na presentación da xustificación estarase ao disposto na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116, do 22 de xuño de 2015).

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos, e abranguerá os devengados desde o día 26 de setembro de 2018, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data, e conservará a súa vixencia ata o día 31 de outubro do 2019.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida presentar a xustificación antes do día 31 de outubro de 2019, poderá solicitar a prórroga do prazo inicial de xustificación cunha antelación dun mes a esta data, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado

e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de decembro de 2019. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención Provincial da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar el convenio variando substancialmente el obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da entidade beneficiaria, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo de data _____ de _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓNS

I.MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DE ALTERNATIVA DOS VECIÑOS DENUNCIANDO A CARENCIA DE INVESTIMENTO DO ESTADO NAS INFRAESTRUTURAS DA COMARCA DA CORUÑA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Son moitos os anos que as coruñesas e coruñeses levamos sufrindo os terribles colapsos nos accesos á cidade galega con máis tráfico de entrada e saída segundo os datos do Ministerio de Fomento, superando amplamente os 200.000 vehículos diarios.

Estes colapsos afectan cada día a milleiros de traballadores e traballadoras na súa chegada ao posto de traballo, a estudantes da área metropolitana que teñen que ir ás clases nos centros educativos da cidade tanto de primaria e secundaria como

universitarios, aos sanitarios e a outros sectores de servizos para a cidadanía. Estamos a falar dun problema cuxo impacto social e económico é enorme e nos leva á seguinte conclusión: non temos accesos dignos para a cidade da Coruña.

Un deses accesos máis afectados polos colapsos é a Ponte da Pasaxe, por onde diariamente circulan máis de 90.000 vehículos, procedentes da N-VI e das estradas de Sada e a costa oleirense. O pasado 13 de novembro viviuse unha nova xornada de caos na entrada á cidade con retencións de máis dunha hora e media, algo que por desgraza parece non ter importancia para o Ministerio de Fomento, que segue sen licitar a ampliación da Ponte da Pasaxe (AC-12).

Nos orzamentos do Estado para este ano están incluídas dúas importantes obras que mellorarían notablemente esta situación. Unha delas é a glorieta e soterramento do tráfico da N-VI á altura de Sol y Mar. Desde o ano 2007 existe un proxecto e dez anos despois –en decembro de 2017–, o Ministerio de Fomento sacou a exposición pública o novo proxecto modificado por valor de 12 millóns de euros co compromiso de contratalo durante o presente ano que estamos a rematar. A día de hoxe non existen noticias da licitación, a pesares de contar esta obra cunha partida de 4 millóns de euros nos citados orzamentos. Igualmente, a día de hoxe, o propio Ministerio asegura que non hai ningún prazo previsto para contratar esta obra.

Tampouco hai noticia de que se vaia licitar a necesaria ampliación da Avenida de Alfonso Molina, por onde pasan 120.000 vehículos cada día, e que conta cunha partida de 3 millóns de euros para o presente ano nos orzamentos. Esta obra favorecería un tráfico máis fluído na principal vía de entrada á cidade, tanto da comarca da Coruña como doutros puntos da xeografía galega e española a través da AP-9.

O certo é que os colapsos que prexudican a diario os intereses de milleiros de persoas semellan non ter relevancia para o Goberno central, pero a cuestión é grave porque afecta á economía da área metropolitana. Que empresas queren asentarse nunha cidade sen unhas infraestruturas axeitadas ás súas necesidades? Ningunha. Coas melloras nos accesos á Coruña non só aseguramos o benestar para as coruñesas e coruñeses, senón que tamén aseguramos un futuro para o progreso económico da nosa comarca, cunha área metropolitana á vangarda pola cal as empresas de todos os sectores estratéxicos queiran apostar. E todo isto vén a través dunha mellora nas infraestruturas de acceso. Dun compromiso político real das diferentes Administracións públicas. Tamén a Deputación ten que tomar parte e denunciar o abandono ao que o Estado condena á comarca de A Coruña

En definitiva, o que están a evidenciar estes retrasos na contratación de tan importantes obras na comarca da Coruña é unha falta de compromiso manifesta por parte do Estado para cos coruñeses e coruñesas. Os habitantes desta próspera comarca temos os mesmos dereitos que as xentes de Valencia, de Cataluña, de Madrid ou de calquera outro punto do Estado español. Levamos moitos anos abandonados por gobernos que están en mans duns e doutros. Por altos cargos públicos máis preocupados por disputas electoralistas que polo benestar de centos de milleiros de persoas que se ven afectadas diariamente polo retraso destas obras cruciais para o noso futuro como comarca. Se queremos que a área metropolitana da

Coruña siga estando á vangarda do progreso en Galicia e en España, temos que esixir ao Estado a contratación inmediata destas obras.

Por todo o exposto solicítase ao Pleno provincial a aprobación dos seguintes

ACORDOS

1. A Deputación da Coruña insta ao Goberno do Estado a cumprir co compromiso de licitar as seguintes obras incluídas nos Orzamentos Xerais do Estado de 2018:
 - *Novo enlace no PK 5 da AC-12 (PK 589,9 ao 590,3 da antiga N-VI en Oleiros, A Coruña. Enlace de Sol y Mar, cun orzamento de 4 millóns de euros para 2018.*
 - *Ampliación de Alfonso Molina AC-11, cun orzamento de 3 millóns de euros para 2018.*
2. A Deputación demandará do Goberno do Estado a consignación no orzamento para o 2019 das partidas correspondentes necesarias para a realización na súa totalidade das obras mencionadas, incluíndo a ampliación da Ponte da Pasaxe, e informado aos concellos afectados de todo o proceso.

Sr. presidente

Hai varias mocións, unha primeira do Grupo provincial de Alternativa dos Veciños, denunciando a carencia de investimento do Estado nas infraestruturas da Comarca da Coruña.

Sr. García Seoane

(Le a exposición de motivos da moción)

Por todo o exposto solicítase a este Pleno provincial o seguinte: Que a Deputación da Coruña inste ao Goberno do Estado a cumprir o compromiso de licitar as seguintes obras incluídas nos orzamentos do Estado no 2018: novo enlace, como dicía, da zona de Sol y Mar, con catro millóns de euros e ampliación de Alfonso Molina cun orzamento de tres millóns de euros tamén para este ano.

Sabemos os que estamos en política que de aquí a fin de ano non o van contratar, polo tanto, non é dicir, é que quedan en resultas, se quedan en resultas e non están contratados, non hai diñeiro para esta obra, así de simple e sinxelo, se non se contratan non hai diñeiro para esta obra no ano que vén, o Goberno queda en resultas para o que queira o Goberno da nación, igual para pagarlle a Valencia os 300 millóns do porto, dese ladroncio tan grande que houbo en Valencia.

O número dous da petición que se fai é que a Deputación demandará do Goberno do Estado a consignación nos orzamentos para 2019 das partidas correspondentes necesarias para a realización na súa totalidade das obras mencionadas, incluíndo a ampliación da Ponte Pasaxe, e informando aos concellos do proceso, e participando cos concellos indubidablemente. Esta é a proposta que se fai ao Pleno da Deputación.

Sr. Díaz Grandío

Moi bo día. Primeiro anunciar o noso voto favorable a esta moción porque entendemos que as demandas que aquí se expoñen son todas xustas, que son necesarias e porque é evidente que durante moitos anos houbo un abandono reiterado na nosa comarca en todos os orzamentos, non só do Estado, que é por onde ven xa o texto desta moción, senón tamén, unha cousa que nos sorprende, tamén pola Xunta de Galicia, e sorpréndenos porque non se faga referencia no texto desta moción. Aínda así anunciamos o noso voto a favor, lamentamos que non se faga ningunha moción aos acordos da Xunta de Galicia, como se este Goberno non tivese ningunha responsabilidade no bloqueo constante, non só a esta cidade, senón a esta comarca e área metropolitana. Un goberno que bloquea e bloqueou, alí onde non ten alcaldía, como recoñeceu hai pouco un exconcelleiro do Grupo do Partido Popular en Ferrol, que marchou avergoñado do seu Partido polo bloqueo constante ao que estaban sometendo a súa cidade desde outras administracións, e desde logo lamentando tamén a actitude dunha conselleira de infraestruturas que minte de xeito reiterado á cidade, dicindo ou advertindo a perda de fondos europeos, como así se demostrou eses fondos europeos para construír a estación intermodal están efectivos e activos ata o 2023 e, desde logo, enganando a toda unha cidade, a toda unha comarca, como cando tramita dun xeito favorable, esa tramitación exprés, esa tramitación urbanística, en cidades onde goberna o Partido Popular, como en Ourense, e alongando o trámite, como vén de anunciar esta semana, para unha cidade da talla da cidade da Coruña.

Desde logo, reiteramos o noso voto favorable a esta moción, e lamentando que non se faga referencia a esta falta e necesidade de infraestruturas, de investimento en infraestruturas desde o Goberno de Galicia. Grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

Bo día, moi brevemente. Nós compartimos o espírito e o contido da moción, tiñamos unha pequena discrepancia en canto a vincular a realización da totalidade das obras con cargo aos orzamentos xerais do Estado 2019 posto que sabemos que se están negociando e que por agora non hai moitos visos de que se poidan presentar, e polo tanto pensabamos que podía ser unha eiva á hora de dar cumprimento aos acordos da moción, pero en todo caso nós imos votar favorablemente.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Bos días, a verdade é que non deixo de sorprenderme escoitando algunha das intervencións neste Pleno. Bos días en todo caso a todos e a verdade é que nós xa adiantamos que imos votar favorablemente esta moción de Alternativa dos Veciños, non teríamos ningún inconveniente en que recollera e parabenizara, como dirían vostedes, as actuacións da Xunta de Galicia, temos que felicitar e poderíamos incluír algo ao respecto das actuacións da Xunta de Galicia en relación coa comarca, posto que a Consellería de Infraestruturas vén de anunciar a licitación da conexión da Vía Ártabra coa AP9, poderíamos tamén incluír nesta moción, obviamente, que desde a Deputación instáramos desde o Ministerio de Fomento e a concesionaria ao non

poñer paus nas rodas do avance desa infraestrutura, que todos estamos de acordo, e eu persoalmente aínda máis, que é absolutamente necesaria, pero en todo caso temos que felicitar á Consellería que fronte a actuacións máis lentas, ou a actuacións de claro bloqueo por parte do Concello da Coruña, licite unha obra aínda que non teña a conformidade da concesionaria.

En todo caso, nós estamos de acordo en todas estas infraestruturas, pero a min gustaríame facer algunha reflexión respecto de Alfonso Molina, porque a verdade que é sorprendente que o señor representante neste debate da Marea de Podemos da Coruña vote a favor e fale de Alfonso Molina, e fale tamén da intermodal, é curioso. Que eu saiba a intermodal de Santiago está avanzando, o alcalde tamén da Marea de Podemos, neste caso de Compostela, está de acordo con ese avance, supoño que se o Sr. Ferreiro non é capaz de que avance a intermodal da Coruña será culpa do Sr. Ferreiro, porque a intermodal de Ourense avanza, alcalde do PP, a intermodal de Santiago avanza, cun alcalde da Marea de Podemos, vostede non son capaces de que avance a intermodal da Coruña, algo terán que dicir vostedes ao respecto.

Pero mire, a ampliación de Alfonso Molina é unha necesidade urxente da cidade, non porque o diga eu, senón porque o entende calquera que entre por esa vía de acceso a esta cidade, e é unha actuación na que existe un compromiso do Goberno de España desde hai moito tempo, pode gustar máis ou menos a forma de executar esa actuación en relación co seu financiamento, pero mire, os composteláns gozamos desde hai practicamente un ano dunha autoestrada que ten nalgún tipo cinco carrís por sentido, os vigueses, e tamén os usuarios da AP9 aproveitan a Ponte de Rande ampliada e dunha mellora de capacidade nesa zona de autoestrada, e os coruñeses non gozan da entrada a Alfonso Molina por culpa da Marea de Podemos da Coruña, é que iso é unha evidencia. O ministro anterior deixou iniciado un procedemento para licitar un proxecto que practicamente era idéntico ao proxecto que estaba preparado para licitar moito antes que o Sr. Iñigo de la Serna entrara no Ministerio de Fomento, pero que foi torpedeado por vostedes porque, vostedes falar falan moito, e dicir que hai que calmar o tráfico, que hai que humanizar, pero mire, nós pensamos que o menos humanitario desta vida é estar unha hora nun atasco na Ponte da Pasaxe ou na Avenida de Alfonso Molina. Polo tanto, vostedes estiveron durante ano, e ano e medio, falando de cuestións etéreas, e ao final había un proxecto, había un compromiso, e agora o que toca é que iso sexa realidade, se non é realidade hoxe por hoxe, é por culpa de vostedes. Moitas grazas e máis nada.

Sr. Requeira Varela

Antes de nada bo día a todos e a todas. Na quenda de intervencións non íamos intervir porque a verdade é que estamos de acordo claramente co que solicita a propia moción, si é certo que botamos de menos que non se fale doutras deixadeces que hai no ámbito da provincia da Coruña, pero que xa o Partido Popular falou de Vigo e falou de Compostela e falou doutros moitos sitios, e falou do ben que o está facendo a Xunta e que todos estamos de acordo en que o Estado pode facer algo máis, pero ben, un tamén ten dereito a poder falar tamén do seu libro, xa que veu, tamén vou falar do meu libro. Entón, cando un vén dunha comarca e dun territorio, a comarca de Bergantiños, o territorio da Costa da Morte, onde eu creo que xa nos teñen declarado independentes, eu digo que nos teñen dado a independencia porque

cada vez que se fala de orzamentos non aparecemos nin nos orzamentos da Xunta, nin nos orzamentos do Estado, polo tanto debemos de ser unha república independente ou algo así polo estilo, sen declarar unilateralmente nada, nin se nos teñan que aplicar o artigo 155. Que non temos nin un quilómetro de ferrocarril, que temos un transporte público case inexistente, por non falar das telecomunicacións, da rede de cabo, da rede enerxética, etc., etc., que tamén poderían entrar perfectamente nesta moción, sen quitarlle ou sen restarlle nin un ápice de importancia ao que aquí se pide.

Eu o que si me gustaría dicir é que evidentemente fai falta máis compromiso das deputadas e deputados galegos que están en Madrid, sexa da cor política que sexan para reivindicar que a este territorio se lle teña en conta, que se fale de Galicia, que se fale da provincia da Coruña, que se fale da Coruña e da área metropolitana da Coruña, pero que tamén se fale do resto do territorio galego porque, evidentemente, nin aquí a Xunta pode presumir de nada, nin o Estado pode presumir de moito porque, aquí falábase de atascos, eu veño dun concello que ten consignado este ano por parte da Xunta de Galicia 45.000 euros, un concello de 32.000 habitantes, ten 45.000 euros consignados, e no conxunto da comarca creo que non pasamos dos 77.000, e no meu concello non temos nin saída sur cara a Compostela, polo tanto, sufrimos o tráfico pesado polo segundo colexio, ao ladiño, polo perímetro do segundo colexio máis grande de Galicia, no que estudan oitocentas nenas e nenas de Carballo e do termo municipal e dalgún concello limítrofe.

Polo tanto, efectivamente queda moito por facer, nós imos apoiar esta moción, porque considero que o que di Gelo é certo, ademais a área metropolitana da Coruña é unha área metropolitana estratéxica para a economía da provincia, e polo tanto evidentemente as súas reivindicacións son claramente fundamentais e prioritarias tamén e, polo tanto, tamén a imos apoiar.

Sr. Díaz Grandío

Un par de aclaracións. Desde logo, con quen se senta a chegar a acordos así o facemos, e desde logo a dinámica de traballo que houbo neste caso co Estado, con Adif para que precisamente a estación intermodal camiñase no bo camiño, así foi. Desde logo, cando alguén non se quere sentar e falar, e mente reiteradamente, aí temos un problema. E vostede díxoo moi claro cando falou da Vedra, agora mesmo, e falou da autoestrada, e cando ridiculiza cuestións como pacificar o tráfico nunha entrada dunha cidade nunha vía na que conviven e conflúen diferentes barrios, e na que viven 30.000 persoas a carón, na que hai centros escolares a carón, na que hai zonas verdes a carón, desde logo reclamar unha avenida e non unha autoestrada, eu creo que debería de ser de lei. E xa non falamos do investimento reiterado, e aquí xa falo e xeneralizo desde as diferentes administracións, tanto a Xunta de Galicia como a Administración do Estado en que permanentemente os únicos investimentos que se dediquen a infraestruturas nunha comarca coma a da Coruña vaian unicamente precisamente a favorecer ou a facilitar a entrada de vehículos a unha cidade xa está tremendamente colmatada, porque referencias ao ferrocarril, ao ferrocarril de proximidade, cero, tanto da Xunta como de Fomento, e referencias ao transporte metropolitano, ou as melloras que podería ter ou poñer en funcionamento a Consellería de infraestruturas na futura licitación do transporte metropolitano, o que referimos é cero a estas cuestións.

Sr. García Seoane

Eu cando presento esta moción non mesturo cousas, falo dunhas obras que son do Estado, polo tanto, non cito á Xunta porque non a teño que citar neste caso, ninguén dubida de min que cando teño que atizar para un lado ou para outro, dou a man aberta para un lado e para o outro. Polo tanto, non é o caso e sería, e se cito aquí á Xunta estaría mentindo, esta é unha obra do Estado, governe quen governe en Madrid, e que veu por fin nos orzamentos e que non se levou adiante. Eu o que non quería era facer un *totum revolutum* como aquí ao final estamos falando de todo menos do que viña a falar eu aquí, estamos falando de todo menos do que vin falar eu aquí, polo tanto, eu viña falar dunhas obras importantes da cidade da Coruña, da cidade, non de Oleiros, da cidade da Coruña, importantísimas, e por iso veño a pedir o apoio aquí para que esas obras se fagan.

Eu sei que a Ponte Pasaxe o ano que vén non se pode facer integramente, pero ten que aparecer o orzamento para facer a Ponte Pasaxe porque a conselleira, que no seu día era ministra de transportes, a que está de presidenta do Parlamento, hai catro anos hai agora dixo que se ía facer a Ponte Pasaxe, colgaron andamios, colgaron cousas, non se fai, ben, pois meteron por fin nos orzamentos cartos, pois que se faga. Eu traía iso aquí para este tema, non me mesturen os outros. Outro día debatemos da Xunta de Galicia, do que queiran. E teño que dicir, en honor da verdade tamén, que por fin vaise facer unha obra importante na comarca da Coruña, que é a Vía Ártabra que tamén foi bombardeada por algún que outro alcalde, polo tanto, iso é o que hai que facer, obras, obras son amores. Iso é o que queren os veciños, máis nada.

Procédese a votar a moción e o Pleno, por unanimidade, aproba seguinte moción:

" MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DE ALTERNATIVA DOS VECIÑOS DENUNCIANDO A CARENCIA DE INVESTIMENTO DO ESTADO NAS INFRAESTRUTURAS DA COMARCA DA CORUÑA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Son moitos os anos que as coruñesas e coruñeses levamos sufrindo os terribles colapsos nos accesos á cidade galega con máis tráfico de entrada e saída segundo os datos do Ministerio de Fomento, superando amplamente os 200.000 vehículos diarios.

Estes colapsos afectan cada día a milleiros de traballadores e traballadoras na súa chegada ao posto de traballo, a estudantes da área metropolitana que teñen que ir ás clases nos centros educativos da cidade tanto de primaria e secundaria como universitarios, aos sanitarios e a outros sectores de servizos para a cidadanía. Estamos a falar dun problema cuxo impacto social e económico é enorme e nos leva á seguinte conclusión: non temos accesos dignos para a cidade da Coruña.

Un deses accesos máis afectados polos colapsos é a Ponte da Pasaxe, por onde diariamente circulan máis de 90.000 vehículos, procedentes da N-VI e das estradas de Sada e a costa oleirense. O pasado 13 de novembro viviuse unha nova xornada de caos na entrada á cidade con retencións de máis dunha hora e media, algo que por

desgraza parece non ter importancia para o Ministerio de Fomento, que segue sen licitar a ampliación da Ponte da Pasaxe (AC-12).

Nos orzamentos do Estado para este ano están incluídas dúas importantes obras que mellorarían notablemente esta situación. Unha delas é a glorieta e soterramento do tráfico da N-VI á altura de Sol y Mar. Desde o ano 2007 existe un proxecto e dez anos despois –en decembro de 2017–, o Ministerio de Fomento sacou a exposición pública o novo proxecto modificado por valor de 12 millóns de euros co compromiso de contratalo durante o presente ano que estamos a rematar. A día de hoxe non existen noticias da licitación, a pesares de contar esta obra cunha partida de 4 millóns de euros nos citados orzamentos. Igualmente, a día de hoxe, o propio Ministerio asegura que non hai ningún prazo previsto para contratar esta obra.

Tampouco hai noticia de que se vaia licitar a necesaria ampliación da Avenida de Alfonso Molina, por onde pasan 120.000 vehículos cada día, e que conta cunha partida de 3 millóns de euros para o presente ano nos orzamentos. Esta obra favorecería un tráfico máis fluído na principal vía de entrada á cidade, tanto da comarca da Coruña como doutros puntos da xeografía galega e española a través da AP-9.

O certo é que os colapsos que prexudican a diario os intereses de milleiros de persoas semellan non ter relevancia para o Goberno central, pero a cuestión é grave porque afecta á economía da área metropolitana. Que empresas queren asentarse nunha cidade sen unhas infraestruturas axeitadas ás súas necesidades? Ningunha. Coas melloras nos accesos á Coruña non só aseguramos o benestar para as coruñesas e coruñeses, senón que tamén aseguramos un futuro para o progreso económico da nosa comarca, cunha área metropolitana á vangarda pola cal as empresas de todos os sectores estratéxicos queiran apostar. E todo isto vén a través dunha mellora nas infraestruturas de acceso. Dun compromiso político real das diferentes Administracións públicas. Tamén a Deputación ten que tomar parte e denunciar o abandono ao que o Estado condena á comarca de A Coruña

En definitiva, o que están a evidenciar estes retrasos na contratación de tan importantes obras na comarca da Coruña é unha falta de compromiso manifesta por parte do Estado para cos coruñeses e coruñesas. Os habitantes desta próspera comarca temos os mesmos dereitos que as xentes de Valencia, de Cataluña, de Madrid ou de calquera outro punto do Estado español. Levamos moitos anos abandonados por gobernos que están en mans duns e doutros. Por altos cargos públicos máis preocupados por disputas electoralistas que polo benestar de centos de milleiros de persoas que se ven afectadas diariamente polo retraso destas obras cruciais para o noso futuro como comarca. Se queremos que a área metropolitana da Coruña siga estando á vangarda do progreso en Galicia e en España, temos que esixir ao Estado a contratación inmediata destas obras.

Por todo o exposto solicítase ao Pleno provincial a aprobación dos seguintes

ACORDOS

1. A Deputación da Coruña insta ao Goberno do Estado a cumprir co compromiso de licitar as seguintes obras incluídas nos Orzamentos Xerais do Estado de 2018:

- *Novo enlace no PK 5 da AC-12 (PK 589,9 ao 590,3 da antiga N-VI en Oleiros, A Coruña. Enlace de Sol y Mar, cun orzamento de 4 millóns de euros para 2018.*
- *Ampliación de Alfonso Molina AC-11, cun orzamento de 3 millóns de euros para 2018.*

2. A Deputación demandará do Goberno do Estado a consignación no orzamento para o 2019 das partidas correspondentes necesarias para a realización na súa totalidade das obras mencionadas, incluíndo a ampliación da Ponte da Pasaxe, e informado aos concellos afectados de todo o proceso."

II.MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR PARA GARANTIR O MANTEMENTO DA ACTIVIDADE NAS CENTRAIS DE MEIRAMA E AS PONTES.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado día 15 de novembro o Goberno de España anunciou o peche de diversas instalacións de xeración de enerxía eléctrica en España entre as que se atopan as de Meirama e As Pontes.

Trátase de dúas instalacións estratéxicas para a economía galega, non soamente no ámbito da xeración da enerxía eléctrica, senón polo seu impacto económico en dúas amplas comarcas, así como en toda a provincia e mesmo en toda Galicia.

O seu peche significaría que Galicia pasará de ser excedente na produción de enerxía eléctrica a converterse nun territorio deficitario.

O cese da actividade afectaría aos empregos directos, así como, de xeito moi negativo, a amplos sectores económicos ligados ás referidas instalacións, como é o transporte, as instalacións portuarias, especialmente de Ferrol e A Coruña e toda unha serie de actividades ligadas ao sector auxiliar e de servizos vinculados ás referidas centrais.

Ante esta situación o grupo provincial Popular, solicita ao Pleno da Deputación a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. Manifestar o seu rexeitamento ao peche das terminais de Meirama e As Pontes.
2. Esixir ás empresas o mantemento da actividade, así como a realización dos investimentos necesarios para permitir a adaptación das instalacións ás novas esixencias da UE.
3. Esixir ao Goberno do Estado a implicación, apoio e compromiso orzamentario necesario para facilitar ás empresas titulares a modernización e actualización das instalacións."

Sr. presidente

Seguinte moción, presentada polo Grupo Provincial Popular para garantir o mantemento da actividade nas centrais de Meirama e As Pontes. Hai unha moción presentada tamén polo Grupo Socialista sobre o mesmo tema, digo por unificar o debate.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

En primeiro lugar, manifestar a nosa protesta respecto da forma de presentación desa moción, que foi presentada comezando xa o Pleno, non sei se iso é procedente ou non é procedente regulamentariamente. É sorprendente que vaíamos a votar a urxencia, que entendo que imos votar a urxencia, cando nós presentamos en tempo e forma esta moción, podería ser debatida na Xunta de voceiros, podería ser emendada, non sei se está xustificada a urxencia. Nós imos votar en contra da urxencia, e logo despois non sei o que acontecerá respecto de se será viabilizada ou debate ou non debate, entendo que imos debater a nosa e logo despois, se procede, debater a presentada polo Grupo Provincial Socialista, se o presidente non dispón outra cuestión.

E despois, entrando no fondo, nos estamos preocupados respecto da situación das centrais térmicas, tanto das Pontes como de Meirama. Nós temos falado co Comité de Empresa digamos da Central de Meirama, e estamos de acordo en que esta é unha cuestión na que debería concitarse a unanimidade política. E a verdade é que, voltando á moción presentada polo Grupo Socialista, a verdade é que creo que xustamente vai nunha liña absolutamente diametralmente oposta á busca dun necesario consenso, porque dá a sensación de que practicamente é unha fotocopia da moción presentada polo Grupo Provincial Popular coa excepción de que introduce a participación da Xunta de Galicia dun xeito digamos colateral, que non vén moito a conto, posto que a Xunta de Galicia non ten competencias directas en materia enerxética, nin en relación coas razóns que, digamos, dalgún xeito determinan a problemática existente nas dúas centrais térmicas.

En todo caso nós, insisto, na mellor das nosas intencións, o que pretendemos é que esta Deputación amose a súa preocupación ao respecto da situación de dúas instalacións estratéxicas na nosa provincia e entendemos que tamén en Galicia. As centrais térmicas das Pontes e de Meirama son instalacións fundamentais para o noso territorio e, polo tanto, non podemos permitir, e nós cremos que non debemos permitir, que a nosa comunidade pase de ser excedentaria en enerxía a ser deficitaria. Non podemos permitir, nin deberíamos permitir, nin permanecer alleos a que poida existir unha desconexión desas instalacións sen ter un sistema enerxético alternativo e, polo tanto, nós cremos que son cuestións que deben de abordarse con prudencia, con reflexión e coa necesaria planificación.

A Xunta de Galicia tivo unha xuntanza co Ministerio de Transición Ecolóxica nesta semana, e o Ministerio afirmou que o Goberno non ten fixada unha data límite para o peche das centrais en función lxicamente de que esas instalacións fagan algún tipo de adaptación á normativa medioambiental europea. Parece ser que por parte de Endesa está asumido ese investimento na central das Pontes que permitiría prolongar a súa vida útil ata o 2045, e non que está garantido nestes momentos é que

a titular da central de Meirama concrete o investimento. Polo tanto, nós o que pretendemos con esta moción é sinxelamente, loxicamente manifestar o rexeitamento ao peche destas dúas centrais, esixirlles ás empresas o mantemento da actividade, realizando os investimentos necesarios para adaptar as emisións aos requirimentos da Unión Europea e esixir ao Goberno do Estado a implicación, o apoio e compromiso orzamentario necesario para facilitarlles ás empresas titulares o mantemento e a actualización das instalacións.

Creemos que son peticións razoables, prudentes, realistas, que tentan introducir tranquilidade, sosego, e que o que pretende é o mantemento dunha actividade que é vital para Galicia, por iso facemos esta moción. Moitas grazas e máis nada.

Sr. García Seoane

Respecto á moción do Partido Popular e á moción que presenta tamén o PSOE, lamentar que temos unhas reunións dos grupos que están nesta Deputación, que se reúne antes dos Plenos, é normal, e que nesa reunión falemos os temas, senón non ten sentido vir aquí, desprazarse ata Coruña para saudarnos, porque para saudarnos non fai falla vir aquí, o tempo de cada un vale o que vale e, polo tanto, aí é onde se deben de tocar os temas, non hai porque estar de acordo cando nos sentamos na mesa, pódese discrepar, houbo veces que se matizaron algunhas intervencións. Claro, vendo unha moción e vendo outra, as dúas defenden o mesmo con matices, eu estou en contra de que se pechen as centrais, e que ademais de súpeto, aínda, que iso é un impacto tremendo para a xente neste caso que creo que os que terían o gran prexuízo son os veciños de Cerceda, ou os que traballan en Cerceda e, polo tanto, estou totalmente contrario a isto, pero eu agradecería nun futuro que cando hai reunións, que nos reunamos e que falemos que para iso, díxeno das Comisións Informativas tamén, as comisións informativas son para falar, págasenos por vir a esas reunións, polo tanto, debemos de falar nelas, debemos de aclarar os temas e debatelos, e logo vir aquí e cada un votar o que queira.

Eu xa agora mesmo teño un conflito tremendo, tería que votar as dúas, claro, é un conflito tremendo porque eu non estou en contra do texto dunha nin da outra. Iso é o que quería aclarar.

Sr. Dios Diz

Grazas, Sr. presidente, bo día a todas e a todos. Nestes últimos tempos estamos a escoitar diferentes versións sobre o que vai acontecer coas centrais térmicas das Pontes e Meirama, vaia por diante o firme compromiso de Compostela Aberta co mantemento dos postos de traballo das persoas que traballan nestas centrais, postos de traballo que son fundamentais para o desenvolvemento económico e social das dúas comarcas. A Unión Europea aprobou unha directiva de obrigado cumprimento para que este tipo de industrias sigan funcionando, semella que a central das Pontes xa está a facer este investimento para a súa adaptación o que lle permitiría seguir coa súa actividade industrial. O que nos preguntamos é que foi do anuncio que Naturgy fixera xunto ao presidente da Xunta, o Sr. Núñez Feijoo, no ano 2015, de que ían investir 100 millóns na súa adaptación e que aínda non comezou. É imprescindible que as administracións públicas non esteamos só para as fotos, senón para traballar en favor do mantemento da actividade industrial do noso

país. Non queremos, non podemos desindustrializarnos, moitas familias dependen do futuro destas dúas centrais, esperemos que esta situación mude o antes posible e tamén Meirama poida seguir funcionando nos vindeiros anos.

Por outra banda, non queremos deixar pasar a ocasión para defender a necesidade de uso de enerxías renovables, polo que esperamos que se deseñe un Plan para que estas centrais se convertan en centros de xeración de enerxías limpas e poidan deste xeito manter os postos de traballo e incluso aumentalos.

E, por último en coincidencia co que comentaba Gelo, lamentar que non exista un acordo institucional sobre este asunto que eu penso que sería moi fácil de acadar, sinceramente. Moitas grazas.

Sr. Díaz Grandío

Bo día de novo. Concordando co comentado agora con Manolo Dios, voceiro de Compostela Aberta, nós engadímoslle unha volta ás dúas mocións entregadas hoxe, desde logo tamén é unha mágoa que se entregara este segundo texto de moción unha vez comezado o Pleno, ou practicamente comezado este Pleno, o cal lamentamos, e desde logo si que lle damos unha volta a estes dous textos porque, digamos que estando a favor do mantemento do emprego e do mantemento da actividade industrial, eu creo que hai unha cuestión de fondo coa que non podemos pechar os ollos, digamos, non por negar unha realidade e non por pechar os ollos e tapar as orellas o problema vai desaparecer, e non quero aludir ás palabras que dixo no seu día o famoso primo de Rajoy, negando o cambio climático, senón que hai unha cuestión que está no aire, eu creo que todos percibimos, tamén o percibe a natureza, e o percibe Galicia, non sei se lembran os señores e señoras deputadas estas cuestións, hai pouco menos dun ano padecemos unha seca en pleno mes de novembro e en pleno de decembro, e hai pouco menos dun ano a nosa comunidade padeceu unha vaga de incendios nos meses de outubro e novembro do ano 2017.

Non sei se hai que lembrar que o quecemento global é basicamente un problema de produción de dióxido de carbono, que precisamente é o que producen as centrais que temos en Galicia, Meirama e As Pontes, non sei se hai que lembrar que poderemos ter traballo pero, desde logo, que se non temos auga que beber o modelo non serve e non funciona, e non sei se hai que lembrar que as compañías eléctricas xogan, fan e desfán no noso país, e xogan e xogaron aínda hoxe coa produción entre centrais para inflar o prezo das subastas de enerxía, o que provoca que xente, a xente, teña que apagar as calefaccións porque non pode pagar unha factura de electricidade que, por certo, medrou un 85% en quince anos.

As compañías eléctricas, entendendo a necesidade que hai de mantemento de traballo, hai que dicirlles basta, que o modelo funcionou no Estado ata o de agora non serve, que son máis graves as consecuencias de manter este modelo enerxético que o que pode ser continuo. Ás compañías hai que dicirlles que ou adaptan as súas centrais ás esixencias ambientais europeas ou que fixen un calendario de investimentos con fondos propios, e non fondos do Estado, como reclama a moción do Partido Popular, ou as centrais que queiman carbón non poden seguir funcionando deste xeito. E aquí, deputadas e deputados, entra a política, está nas nosas mans, na lexislación, a chave do cambio do modelo enerxético, está a chave para converter os

postos de traballo en centrais contaminantes ou que non se adaptan en emprego en enerxías limpas que, por certo, Alemaña produce oito veces máis enerxía fotovoltaica da que produce España.

Que na produción de enerxía descentralizada, que ten índices maiores de xeración de postos de traballo por megavatio maiores que as centrais de carbón e de gas, e que baixar o consumo de enerxía, fomentando as axudas a rehabilitación enerxética do maior consumo de electricidade que ten o Estado, que son as vivendas do país.

Polo tanto, non sei se ao final se vai aceptar ou se vai votar a favor neste Pleno da aceptación da moción presentada polo Partido Socialista pero desde logo cremos que ambas as dúas mocións teñen que enxogar a realidade do cambio climático, presente nas nosas vidas, non se pode obviar a necesidade do cambio do modelo enerxético, e tamén nas centrais que están máis cerca das nosas cidades e das nosas vilas, desde logo fastídanos moito que o Partido Popular xogue deste xeito rastreiro como adoita facer cos postos de traballo despois de obviar durante a súa lexislatura no Goberno calquera política sobre adaptación da produción de enerxía ás directrices da Unión Europea, lamentámolo moito. E, desde logo, para nós a moción do Partido Popular obvia a obriga de que sexan as propias empresas produtoras, as propias empresas enerxéticas, quen soporten o investimento de adaptar estas centrais ás directrices europeas para que poidan seguir funcionando.

Sr. Requeira Varela

Antes que nada vou xa posicionar o voto da nosa forza política diante desta moción e vou xa adiantar que imos apoiala e imos apoiala criticamente, e agora vou tratar de dicir porque a imos apoiar criticamente.

Parécenos moi duro, ou parécenos que non sería de recibo, como ben dixo tamén o portavoz do Partido Popular, que se nos poña diante da tesitura, nun debate sobre este asunto, de votar si ou non friamente diante dun problema político, que non é só un problema político, que estamos falando dunha cantidade moi grande de postos de traballo relacionados directamente coa actividade desas centrais. Estamos moi preocupados e preocupadas, ou fondamente preocupadas e preocupados, polo mantemento deses postos de traballo, agora ben, como dixo o portavoz de Marea Atlántica na súa intervención anterior, tamén estamos fondamente preocupados polo medio ambiente, e a min o que me preocupa máis das dúas mocións, da moción que agora estamos debatendo, pero tamén da que se acaba de presentar por parte do PSOE, é a urxencia dunha reflexión galega sobre o problema enerxético neste país, dunha reflexión desde Galicia e galega, porque miren vostedes, nós estamos sufrindo a peaxe da xeración de enerxía desde hai décadas, sen que houbera unha compensación, en medidas de reindustrialización, en medidas de diversificación das actividades industriais deste país, en medidas de apoio ás melloras das infraestruturas ao apoio rural galego, xamais, nin por parte duns gobernos, nin por parte doutros, para o Estado sempre fomos periferia onde producir enerxía sen pagar nada a cambio. Esa reflexión desde unha óptica claramente galega tamén toca facela agora, tamén tocar facer agora e falar e reflexionar de por que fomos excluídos dos plans da minería anteriores e dos actuais, por que Galicia está ausente neses plans, e por que as forzas políticas estatais, que hoxe presentan aquí as mocións, seguen

ignorando esa realidade. E esa realidade hai que poñela de manifesto tamén agora, por que coñecendo este problema desde hai moitísimo tempo non houbo unha folla de ruta para paliar a xeración deste tipo de enerxía e buscar enerxías alternativas? onde está a folla de ruta dos diferentes gobernos do Estado?

E é moi sorprendente, Sr. Hernández, xa que vostede se sorprende continuamente nesta sala, é moi sorprendente que vostede defenda aquí que a Xunta ten que estar de perfil neste problema, que non é un problema da Xunta, claro que é un problema da Xunta, onde está a política enerxética da Xunta de Galicia?, tena que haber, debería habela, e miren vostedes, evidentemente, eu podo comprar que Galicia non é conca mineira, pero o que non vou comprar é que Galicia estea ausente dos plans da minería porque dependemos da minería e temos minería. E aquí nestas dúas mocións, tanto na que estamos debatendo como na seguinte, faltan puntos nos que o BNG ten moitísimo interese. Primeiro, o que acabo de dicir, que Galicia ten que estar incluída no Plan de carbón, e non se nos pode incluír ou por iniciativa do Estado, ou por silencio absoluto por parte da Xunta, porque ese silencio existiu, e que se teñen que destinar recursos para compensar os graves danos ambientais da xeración de enerxía en Galicia.

E miren vostedes, cando din vostedes que non se poden subvencionar ás actividades privadas e ás empresas para que se adapten á normativa, evidentemente, iso é así, só faltaría, pero si se poden subvencionar os territorios, e así se veu facendo desde hai moitísimos anos, desde hai moitísimas décadas, eu creo que historicamente, para a modernización, a compensación ambiental e o mantemento de postos de traballo, ten que haber compromiso nesas tres cuestións, e ten que haber ese compromiso con Galicia porque hoxe en día aínda non o houbo.

E tamén se debe constituír unha mesa de traballo na que estean os traballadores, as empresas, as administracións públicas, para ver como ten que ser a folla de ruta da transición enerxética en Galicia, evidentemente todo iso falta neste debate, pero como o BNG é unha forza responsable e estamos preocupados polos postos de traballo, evidentemente non imos eludir a nosa responsabilidade e imos votar ese si, pero ese si crítico, porque queda moitísimo traballo que facer, e queda moitísimo traballo que facer desde un punto de vista da reflexión galega do que ten que ser a produción de enerxía neste territorio, non simplemente, veña, xa traemos aquí unha cousa máis, damos carpetazo, votamos e isto acabouse, e ata que nos veña o problema enriba, porque como moi ben dicía o voceiro de Marea Atlántica, o carbón acábase, pode que non se acabe agora, ou dentro de dez anos, pero o carbón acábase, cal é a alternativa enerxética deste país?, onde está a alternativa enerxética do Partido Popular, do PSOE, do Goberno do Estado e da Xunta de Galicia?, ten que haber esa alternativa enerxética. Nós botámola en falta nesta moción, pero insisto, pola nosa parte non vai quedar e imos votar a favor desta iniciativa.

Sr. Fernández Piñeiro

Sobre a cuestión procedemental penso que o secretario xa aclarou que o Regulamento establece que se pode facer así, polo tanto, penso que non hai nada que achacar, pode gustar máis ou menos, vostedes o presentan dunha forma e nós a presentamos doutra, o que me chama a atención, Sr. Hernández, é que fale vostede de que isto hai que facelo por unanimidade de todos os grupos cando na Xunta de

voceiros propúxoselles ao seu grupo precisamente facer unha declaración institucional sobre ese tema e negáronse, si, si, si, propúñase eliminar só dúas palabras da súa moción, que dicían o seguinte: no punto número tres, "Esixir ao Goberno do Estado implicación, apoio e compromiso orzamentario". Simplemente se solicitaba eliminar esas dúas verbas, compromiso orzamentario, pero non por unha cuestión de non pedirlo ao Estado, senón porque a lei e a normativa europea o impide, e vostedes negáronse, e sabe por que se negaron e con que argumento? dicindo que querían debate, e agora vimos ao debate e achacamos aos demais que resulta que isto non se tiña que debater e había que facelo por unanimidade, hai que ser un pouco máis honestos.

En todo caso, e independentemente de como estea presentada esta moción, que eu non sei porque hai que estar sempre dándolle tantas voltas a estas cuestións, entendo que ao final o que importa é o fondo, e o que se persegue coa presentación das mocións, non o mecanismo que se utiliza para presentalas, pero en todo caso son dúas mocións moi parecidas a súa e a nosa, a única diferenza estriba en que, como lle acabo de comentar, o punto tres da súa moción é de imposible cumprimento porque contradí o artigo 107 do Tratado fundacional da Unión Europea en canto ás cuestións de competencia, que impide aos estados dedicar fondos ás empresas para que se adapten á Lei de emisións industriais, pero iso xa o sabe o seu partido, porque cando estaba gobernando intentou negociar isto coa Unión Europea e paralizárono.

Polo tanto, o único que pretendemos é que a moción sexa o máis garantista desde o punto de vista legal, máis nada, que cumpra coas directivas europeas comunitarias que establecen ata onde poden chegar e ata onde non poden chegar os Estados, máis nada, e non lles permite aos estados membros subvencionar a adaptación destas empresas á normativa e á directiva europea de emisións industriais.

É o único que solicitamos e se iso se acepta por parte de todos os grupos desta Corporación, pois votamos ou as dúas mocións, ou facemos unha moción única sen ningún tipo de problema.

Di vostede que neste caso que a diferenza vostede non a centraba entre as dúas mocións niso, senón dicía que a diferenza é que na nosa inclúese a Xunta, e que a Xunta non ten competencias, tampouco as ten a Deputación e estamos debatendo a moción. O que se pide na nosa moción é demandar da Xunta de Galicia e do Goberno do Estado todo o apoio que sexa preciso, máis nada, e por apoio precisamente pode ser o que estamos facendo hoxe aquí, que é apoio, apoiar reivindicacións dos Comités de Empresa desas dúas industrias, e iso pode facelo tamén a Xunta, e polo tanto, repito, que sexa competente ou non, temos o exemplo nese salón de Plenos desta casa que non ten competencias en materia de industria, e estamos prestando apoio, vai por aí, se se fixa vostede en ningún momento falamos de apoio económico, Sr. Hernández, só pedimos apoio da Xunta e do Goberno do Estado, en toda a amplitude do termo. Entón, entendo que dado o pouco transcendente, por así dicilo, ou pouco substancial das modificacións, non teremos ningún problema en apoiar ambas mocións ou refundilas nunha.

Pero en todo caso, que quede claro, houbo unha xunta de voceiros onde se propuxo unha declaración institucional e vostedes dixeron que non, porque querían debatelo.

Vólvolle tender o guante, Sr. Hernández, e solicitar que o fagamos ou ben como declaración institucional, ou ben como unha única moción por todos os grupos, vostedes deciden.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Moi brevemente, aínda que sexa moito máis veterano ca o Sr. Fernández aínda teño memoria. O Sr. Fernández non dixo nada, nada é nada, na Xunta de voceiros. A Sra. Goretti dixo que quería quitar o compromiso orzamentario, o compromiso orzamentario é a forma de comprometérense as administracións, a forma loxicamente terá que ser conforme a dereito, obviamente, Sr. Fernández, obviamente nós cremos que é un tema suficientemente importante como para que as administracións non soamente amosen un compromiso político que está ben, nós estamos aquí facendo política, pero tamén temos que dirixir a parte administrativa e, por suposto, concretar os compromisos orzamentarios.

Mire, o que non se pode é poñer en pé de igualdade a dúas administracións con competencias diferentes, e vostedes poñen en pé de igualdade á Xunta de Galicia e á Administración Central, son diferentes, pero ademais vostedes, supoño que terán tamén se cumpren o que están a dicir compromiso de que exista vontade de consenso, unha moción que pretenden facer da vontade de consenso, procura non facer reproche do que aconteceu, procura buscar solucións cara ao futuro, e vostedes na súa exposición de motivos fan un reproche da Xunta de Galicia co que nós non podemos estar de acordo, nós non facemos ningún reproche. Poderíamos falar do Sr. Zapatero, do PSOE, do PP en Madrid, poderíamos falar de moitas cuestións, nós non falamos de nada diso, facemos un diagnóstico do que acontece en Meirama e As Pontes e facemos unhas propostas, e obviamente con compromisos orzamentarios, porque as administracións poden comprometer orzamentos para coaduxuar nas empresas a viabilidade das súas instalacións, e hai que buscar as ferramentas e as fórmulas legais, obviamente.

E por suposto non estamos de acordo no procedemento. Nós entendemos que unha moción de urxencia é con motivo dalgunha situación sobrevida. A verdade é que é sorprendente que se poida interpretar que é sobrevido, que había unha moción do Partido Popular, e agora é posible emendar a moción do Partido Popular, pero non, presentan unha moción practicamente idéntica. A verdade é que discrepo, con todos os respectos para o criterio do presidente, que dirixe este Pleno, e para o secretario, pero obviamente nós cremos que isto é torcer algo o regulamento.

Polo tanto, nós mantemos o noso texto e pedimos que se vote. Máis nada.

Sr. Fernández Piñeiro

Apoio económico, Sr. Hernández, non é posible, contradí o que di a normativa europea, e vostedes sábeno, o que pasa é que o que está creando agora é unha especie de coartada porque sabe que o que se vai contestar desde o Goberno central é que non se pode facer, e así o Partido Popular dirá, "é que Pedro Sánchez, o Goberno central, etc., que non o quere facer", sen lembrarse que antes do Sr. Pedro Sánchez, que leva aí pouco tempo, estaban vostedes, e que vostedes intentaron o

mesmo e a Unión Europea díxolles que non era posible, Sr. Hernández, porque incumpre o artigo 107 do Tratado fundacional da Unión Europea que establece unha normativa concreta sobre a competencia e os estados membros non poden financiar o proceso de adaptación das empresas á normativa de emisións industriais. Polo tanto vostede sabe, e estámolo trasladando, que non se pode, está pedindo unha cousa que non pode ser, se realmente a vostede lle interesa o futuro desas dúas plantas, cal é o problema?

Di vostede que na nosa moción se poñen reproches, pois non hai problema, eliminamos a exposición de motivos, non hai ningún tipo de problema, cinguímonos aos acordos da moción, xa temos un dos elementos de distorsión, digamos, do posible acordo fóra de xogo, non hai exposición de motivos na moción, centrámonos única e exclusivamente nos acordos, e os acordos son os seguintes: Manifestar o seu rexeitamento ao peche das centrais térmicas das Pontes e Meirama, penso que coincide practicamente co seu; demandar á empresa Naturgy que realice na central térmica de Meirama, Cerceda, porque Endesa nas Pontes xa o está a facer, e teno consignado, os investimentos que sexan precisos para adaptarse aos requisitos da Directiva de emisións industriais e lexislación de desenvolvemento e que permitan a continuidade da explotación desta central como mínimo ata o ano 2045. E terceiro, demandar da Xunta de Galicia e do Goberno do Estado todo o apoio, se quere podemos incluír unha modificación, dentro das súas competencias, que sexa preciso para que as centrais térmicas das Pontes e Cerceda continúen coa súa actividade de xeración eléctrica como mínimo ata o ano 2045, incluíndo as axudas económicas que teñen encaixe dentro do artigo 107 do Tratado fundacional da Unión Europea.

Válelle a vostede esta redacción si ou non?, entra en contradición co que vostede pensa e argumenta na súa moción, si ou non?

Sr. presidente

Quería comentar, primeiro porque o secretario quería intervir e non lle deixei, dígoo porque temos que xustificar nós o porque, non o secretario, o Sr. Hernández miraba para o secretario, e a explicación téñoa que dar eu non o secretario, pero en calquera caso aquí ao mellor eu teño unha hipersensibilidade neste tema por razóns obvias, igual que poida ter Pepe, pero creo que todo o mundo é consciente da importancia que ten este asunto, é dicir, estamos a falar exactamente de postos de traballo, hoxe en día, 730 postos de traballo directos entre as dúas centrais, que son 730 familias, sen contar postos de traballo inducidos, 730 familias. Sen contar que unha central supón o 50% dos tráxicos xerais do Porto de Ferrol, case nada, que xustificou a construción dunha zona de rede Natura, zona ZEPA, e dun porto exterior de Ferrol, e o 16% dos tráxicos ordinarios do Porto da Coruña, que non é pouca cousa. Estamos a falar ademais de dous complexos que supoñen, un o maior complexo eléctrico do Estado, e que entre os dous suman case o 7% de toda a enerxía que produce o Estado e consume o Estado.

A moción do Partido Popular é unha moción que compartimos absolutamente todo o que di, pero hai unha cuestión, Agustín dicía que este tema había que tomalo con tres criterios, creo recordar que era o da prudencia, o realismo e non recordo o primeiro, pero debía ser un aspecto con sentido construtivo, pero non é realista, estábao dicindo agora mesmo Bernardo, solicitar do Estado que estableza axudas

económicas para que as centrais térmicas se adapten e cumpran a normativa en vigor en cada momento.

Todo isto nace dun tratado de funcionamento da Unión Europea que nos artigos do 190 a 193 establece claramente as competencias en materia ambiental en canto a residuos, e Agustín sábeo perfectamente como exconselleiro de medio ambiente, en materia de residuos e en materia de contaminación, tanto da auga como do aire e, polo tanto, nace cunha directiva do ano 96, que regula as emisións de gases industriais en grandes centros de combustión, como é o caso de Cerceda e das Pontes. Iso provocou no ano 96 que tiveran xa que facer un enorme investimento, tanto Cerceda como As Pontes, tanto naquel caso Unión Fenosa como Endesa, para adaptarse a eses valores límite que establecía a Directiva, un investimento que no caso das Pontes recordo que foron 208 millóns de euros, no ano 2008, non hai corenta anos, no ano 2008, e Cerceda uns 100 millóns de euros, se non recorda mal. Iso si que supuxo unha auténtica revolución no ámbito medioambiental, porque efectivamente os dous centros eran grandes centros emisores e contaminantes de CO₂ e de SO₂. Foi unha auténtica revolución porque eses valores baixaron enormemente, de feito a emisión de SO_x de xofre, reduciuse un 98% no caso das dúas centrais, un 98%, queda un 2%. Por ese 2% teñen que acometer uns investimentos agora mesmo, no caso das Pontes de 229 millóns de euros e no caso de Cerceda estímase uns 100 millóns de euros, esa é a realidade. Cando estaban acometendo os investimentos xa estaba en marcha unha nova directiva europea, pero que a primeira empresa en pronunciarse, eu creo que un pouco alegremente, de que ía acometer os investimentos, foi Gas Natural Fenosa, o 30 de xaneiro de 2015, despois dun Consello de Administración celebrado na cidade da cultura, cunha rolda de prensa conxunta con presidente da Xunta de Galicia, onde anunciaba os investimentos necesarios para garantir a continuidade da central térmica de Meirama en Cerceda, ano 2015, con Salvador Gabarró, concretamente, onde ademais Gas Natural Fenosa informaba de que iniciaba xa os trámites para levar a cabo as obras da central, pois son, digamos que trámites a moi longo prazo e, polo tanto, eran perfectamente conscientes de que esta nova directiva do ano 2010, e significa que se no ano 2020, 1 de xaneiro de 2020, non está adaptada a túa instalación para cumprir eses parámetros, de SO_x partículas e NO_x, tes que ir ao peche, e polo tanto podes funcionar 17.500 horas máis e pechar, acabouse a central térmica. Ese foi o anuncio de Gas Natural Fenosa a día 30 de xaneiro, e hoxe en día non hai noticias, nin para ben, nin para mal, o triste e o duro é que non hai noticias para ben, polo tanto, non hai ningunha solicitude perante a Xunta de Galicia nin perante o Ministerio de Industria para iniciar os trámites de autorización administrativa, desde o punto de vista substantivo no Ministerio de Industria, e desde o punto de vista ambiental no propio Ministerio de Medio Ambiente e tamén na Xunta de Galicia.

En todo este prazo, isto é no 2015, hoxe estamos no 2018, houbo moito tempo para facer cousas e eu teño que dicir que o Goberno de Mariano Rajoy, con Álvaro Nadal ao fronte no caso do Ministerio de Industria, fixo cousas. É certo que creo que a Xunta de Galicia neste caso relaxouse bastante, e creo que o Ministerio respecto a Cerceda, loxicamente o problema é de todo o Estado, non se fixou en Cerceda, pero a Xunta de Galicia tiña que ter como mínimo preguntado, tiña que ter polo menos molestado en preguntarlle a Fenosa, a Gas Natural, ou Naturgy, ou como se chame agora mesmo, que ía facer. Anunciouno no ano 2015, estamos no 2018 e agora está empezando a moverse, hai nove meses que a alcaldía de Cerceda e os sindicatos

pediron unha reunión ao Consello de Industria que está concedida para o martes que vén, hai nove meses. Aquí os traballadores de Meirama en nota de prensa avisan de que non teñen ningunha noticia, isto é de xuño de 2018, non tiñan ningunha noticia de que a Xunta fixese algo nese sentido, é máis, nin sequera foron recibidos polo conselleiro de Industria cando hai tres meses que lle solicitaron unha reunión. "No ano 2015 a empresa acordou realizar as obras de transformación necesarias para adaptarse á normativa europea, entón o presidente da Xunta apresurouse a anunciarlo en rolda de prensa acompañado polo propio presidente de Gas Natural" rememorou o presidente dos traballadores que agora pide a Alberto Núñez Feijoo que se acorde disto e obrigue á empresa a cumprir, evidentemente, Núñez Feijoo non pode obrigar á empresa a cumprir, nin moito menos, porque non ten competencias desde o punto de vista enerxético neste tipo de instalacións, noutras si, nestas non, aínda que a nivel medioambiental si en caso de solicitar as autorizacións pertinentes podería facilitar a axilidade na tramitación como de feito nas Pontes fixeron e agradecerei sempre.

Pero hai unha cousa na moción que presenta o Grupo Popular que é a que nos leva digamos a non poder apoiala, porque sería enganarnos a nosoutros mesmos e enganar a todas as poboacións afectadas, cando fala de que se garantan partidas orzamentarias por parte do Estado para que se acometan os investimentos, si, si,... vou lelo para que o interpretemos, se estou equivocado o retiro, non hai ningún problema.

O terceiro punto do acordo di: "Esixir ao Goberno do Estado a implicación, apoio e compromiso orzamentario necesario para facilitar ás empresas a modernización", compromiso orzamentario entendo que é apoio económico. Se o podes aclarar.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

O que di é o que di. Pódese substanciar de múltiples formas, como se substancia o apoio a Citroen. (Intervención sen micrófono activado)

Sr. presidente

Non sei, o que si que quería salientar, non sei se o sabe Agustín, pero o goberno anterior, cando dixen que fixo cousas, intentou que houbera ese compromiso orzamentario para que se adaptaran as instalacións, e ese compromiso motivou que a Dirección Xeral de Competencia negara esa posibilidade, a Comisión Nacional do Mercado de Competencia negara esa posibilidade, porque a normativa europea prohibe expresamente que se subvencione ás empresas para que cumpran normas de obrigado cumprimento, hai algunhas que o entenderon, no caso de Endesa As Pontes, que compite no mesmo mercado que Naturgy, acomete o investimento con 229 millóns de euros dos seus fondos propios, e hai unha empresa que é Naturgy que ata o de agora decide non investir, non sei se aínda está a tempo de facelo, pero non só iso, senón que a propia Dirección Xeral de Competencia, a Unión Europea, a propia Unión Europea, abre un expediente a España a raíz disto, de reintegro de axudas públicas a estas empresas concretamente de 440 millóns de euros, para que devolvan as cantidades achegadas polo Estado pola adaptación destas mesmas centrais no ano 2008 á que eu facía referencia inicialmente. Polo tanto, non se pode,

é dicir, vostede reclamaba realismo ao respecto, non se pode ser realista porque a contestación ao respecto vai ser, por parte da Unión Europea, a que vai ser.

Eu creo que estamos de acordo en manifestar o rexeitamento ao peche na Central de Cerceda e, por suposto, a das Pontes. Tamén estamos de acordo en esixir ás empresas o mantemento da actividade así como a realización dos investimentos necesarios. E o terceiro punto, esixirlle ao Goberno de España a implicación e o apoio necesario para facilitarlles ás empresas titulares a modernización e actualización de instalacións, tamén estamos de acordo, pero non do compromiso orzamentario, porque entendemos que sería enganarnos a nós mesmos e enganar á sociedade.

Eu, insisto, creo que seríamos a única Deputación das afectadas, de León e Teruel, onde tamén goberna o Partido Popular, que non houbera unha declaración institucional ao respecto, seríamos a única, tristemente. E simplemente por unha frase que é o compromiso orzamentario necesario, cando estamos de acordo no 99% dos acordos e da exposición de motivos. Eu entendo que podemos incluso sacar a referencia á Xunta de Galicia, que entendo o que di Agustín, que podemos sacala perfectamente, porque ademais non están no mesmo nivel de responsabilidade neste caso, nin moitísimo menos, a política enerxética neste país diríxela o Ministerio de transición ecolóxica neste momento, non a Xunta de Galicia, pero si que non podemos apoiar o apoio a un compromiso orzamentario, que o Estado axude a pagar a Naturgy o que non lle está pagando a Endesa.

Polo tanto, entendo que non hai intención de unificar as mocións, ou de que nós poidamos simplemente apoiar a vosa, simplemente iso, non tratamos de impoñer a nosa, nin moito menos.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Unha cuestión de orde, aquí hai unha moción presentada polo Partido Popular, non se presentou ningunha emenda, debateuse, o outro debate será cando toque, pode vostede Sr. Fernández, Sr. presidente, falar o que queira, con todo o respecto. Eu o que pido é que se debata a moción presentada polo Partido Popular e se aprobe ou se rexeite.

Sr. presidente

O intento tiña que facelo porque as formas son importantes na vida, na política tamén, pero eu sigo apostando máis polo fondo que polas formas. Imos proceder a votar a moción do Partido Popular.

VOTACIÓN

Votan a favor: 19 deputados (13 do PP, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: 8 deputados (PSOE)

Abstéñense: 4 deputados (3 de Marea Atlántica e 1 de Compostela Aberta)

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, BNG e Alternativa dos Veciños, o voto en contra do PSOE e a abstención de Marea Atlántica e Compostela Aberta, aproba a seguinte moción:

" MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR PARA GARANTIR O MANTEMENTO DA ACTIVIDADE NAS CENTRAIS DE MEIRAMA E AS PONTES.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado día 15 de novembro o Goberno de España anunciou o peche de diversas instalacións de xeración de enerxía eléctrica en España entre as que se atopan as de Meirama e As Pontes.

Trátase de dúas instalacións estratéxicas para a economía galega, non soamente no ámbito da xeración da enerxía eléctrica, senón polo seu impacto económico en dúas amplas comarcas, así como en toda a provincia e mesmo en toda Galicia.

O seu peche significaría que Galicia pasará de ser excedente na produción de enerxía eléctrica a converterse nun territorio deficitario.

O cese da actividade afectaría aos empregos directos, así como, de xeito moi negativo, a amplos sectores económicos ligados ás referidas instalacións, como é o transporte, as instalacións portuarias, especialmente de Ferrol e A Coruña e toda unha serie de actividades ligadas ao sector auxiliar e de servizos vinculados ás referidas centrais.

Ante esta situación o grupo provincial Popular, solicita ao Pleno da Deputación a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. Manifestar o seu rexeitamento ao peche das terminais de Meirama e As Pontes.
2. Esixir ás empresas o mantemento da actividade, así como a realización dos investimentos necesarios para permitir a adaptación das instalacións ás novas esixencias da UE.
3. Esixir ao Goberno do Estado a implicación, apoio e compromiso orzamentario necesario para facilitar ás empresas titulares a modernización e actualización das instalacións."

(Abandona o salón de Plenos o Sr. Pequeño Castro)

III.MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA E O GRUPO PROVINCIAL DO BNG-ASEMBLEAS ABERTAS SOBRE A POLÍTICA DO GOBERNO GALEGO EN RELACIÓN CO FINANCIAMENTO DAS ENTIDADES LOCAIS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os concellos somos a administración máis próxima á cidadanía, estando en contacto directo coa veciñanza, a administración cun menor endebedamento e tamén asumimos competencias impropias, que deberían asumir outras administracións.

Cada concello ten as súas circunstancias e prioridades, e deberíamos contar cun financiamento axeitado, onde se permita aos concellos decidir en que se invisten os fondos, e non depender dun reparto de fondos discrecional. O Plan Único, creado en 2017 polo Goberno da Deputación Provincial da Coruña, unifica os antigos plans de investimentos da Deputación da Coruña (POS, PAS e PAI) e 11 liñas de subvencións nunha única convocatoria anual, permitindo aos concellos non só unha mellor planificación, senón maior axilidade na tramitación, máis autonomía local para decidir en que invisten os fondos provinciais e máis transparencia na asignación de recursos, xa que os fondos do POS se distribuen con base en criterios obxectivos como a poboación, superficie, número de parroquias e esforzo fiscal do concello.

O Plan Único da Deputación Provincial é un plan vivo e dinámico, que medra ao longo do exercicio e que nos tres anos que leva en funcionamento supera en 144 millóns de euros o investimento dos plans do anterior goberno durante 2012, 2013 e 2014.

O programa demostrou ser un instrumento útil para que os concellos afronten as súas necesidades concretas e mellorou e simplificou as relacións entre os concellos e a Deputación Provincial da Coruña.

Este sistema debe ser o camiño tamén para outras administracións públicas, xa que ofrece total transparencia na asignación de fondos e permite total autonomía municipal para decidir en que investir en cada concello.

Os grupos propoñentes queremos reclamar á Xunta de Galicia transparencia no reparto de axudas e, en definitiva, que muden as formas de actuar por un modelo propio do século XXI, onde non procede o escurantismo.

A Xunta de Galicia repartiu “a dedo” e con criterios subxectivos un total de 22,5 millóns de euros en catro plans de infraestruturas e equipamentos durante os últimos dous anos.

Débense cambiar as políticas da Xunta de Galicia e ter que deixar de mendigar axudas. O que propoñemos é que os fondos para os concellos se repartan de xeito obxectivo como se fai dende hai anos na Deputación Provincial da Coruña.

Polo anteriormente exposto, esta Corporación da Deputación da Coruña insta ao Goberno galego a:

1º) Regular, mediante unha lei autonómica consensuada coa Fegamp, o financiamento dos concellos galegos.

2º) Estabelecer as partidas non finalistas dentro do capítulo de transferencias totais da Xunta de Galicia con destino ás entidades locais, así como de determinadas subvencións que os concellos perciben anualmente de xeito recorrente coa conseguinte modificación da porcentaxe de participación, coa finalidade de integralas no Fondo de Cooperación Local.

3º) Crear un fondo específico anual formado polas transferencias non executadas no orzamento de Xunta de Galicia con destino ás entidades locais.

4º) Estabelecer neste exercicio 2018 os criterios que rexan o reparto das subvencións da Comunidade Autónoma a favor das entidades locais, obxectivos e consensuados coa Fegamp, e que garantan a igualdade de acceso para todas elas cunha convocatoria pública á que concorreran todos os concellos en igualdade de oportunidades.

5º) Estabelecer un acordo para que o Canon da Auga se reparta con criterios en igualdade de reparto, onde as entidades locais poidan recibir en investimentos o 50% das recadacións que se leven a cabo en cada concello, abrindo unha convocatoria por concorrencia competitiva.

Sr. Fernández Piñeiro

(le o texto da moción)

Penso que queda claro, tanto na exposición de motivos como nos acordos que estamos ante a contraposición de dous modelos distintos na Administración pública, un máis transparente no que os recursos na súa meirande parte se distribúen con criterios obxectivos, e outro máis político e electoralista, no que os fondos se distribúen con criterios pensando máis na cor política de quen goberna en cada Concello.

Entendemos que non século XXI temos que deixar atrás esas prácticas máis acordas con outras épocas felizmente pasadas, e que os veciños e veciñas de calquera concello da provincia, independentemente do Partido que eles decidan democraticamente que os governe, poidan recibir os fondos que lle corresponden en base, como digo, a uns criterios tan obxectivos como é a poboación, a extensión, dispersión ou presión fiscal. Nada máis, moitas grazas.

Sr. Dios Diz

Moitas grazas, Sr. Presidente, moi brevemente. Hai un ano e medio presentamos cos compañeiros e compañeiras de Marea Atlántica unha moción en defensa da autonomía local, nese momento xa salientábamos que a autonomía municipal debe ser respectada polo resto das institucións e debe ser financiada responsablemente. Non debemos de esquecer que os concellos son as administracións máis próximas á cidadanía e como tal teñen que ter unha capacidade de resposta axeitada ante as necesidades diarias das veciñas e veciños dos nosos concellos. Coincidimos, polo tanto, no presentado na moción en que o Plan Único dos

concellos é unha ferramenta moi útil que fai a distribución orzamentaria sexa máis eficiente e máis eficaz e, sobre todo, máis xusta. Responde ás especificidades de cada concello e permite ter unha partida de subvencións estables, por iso estamos a favor desta moción, porque reclamamos á Xunta do Partido Popular que imite este tipo de ferramenta que evita precisamente as concesións a dedo e permite unha maior transparencia. Moitas grazas.

Sr. Requeira Varela

No anterior Pleno, Pleno de orzamentos, que máis ben parecía un Pleno sobre o Plan único, falamos moito sobre os criterios POS+ e sobre se o plan era un plan útil ou non era un plan útil. Naquel momento eu atrevínme a lanzar unha oferta ao Partido Popular para variar os criterios de reparto, ata agora non tiveron noticia de que ningún concello aceptara a oferta, pero pode haber outros criterios de reparto, ninguén o pon en dúbida, habería que analízalos, xa os houbo na anterior etapa. Pero tamén dicía que o POS+ se algo tiña de bo é que é un Plan que se pode replicar por parte doutras administracións, é un Plan que aínda non nos toca a nós falar de financiamento local é un Plan que avanza tamén nas fórmulas de financiamento local, e avanza tamén na mellora da gobernabilidade dos concellos, porque é un Plan que permite aos concellos optimizar os recursos que van recibir por parte desta administración. Sería óptimo que os concellos tamén tiveran a oportunidade de optimizar os recursos que reciben dunha administración como é a Xunta de Galicia, que nos debía atender a todo o conxunto dos concellos de Galicia e tamén da provincia da Coruña.

Eu antes falaba que desgrazadamente desde o Concello que eu procedo, que é o que máis coñezo, aínda que vou coñecendo xa bastantes, o que máis coñezo é o meu, nos orzamentos da Xunta de Galicia con 32.000 habitantes, tócanos 45.000 euros, aínda non sabemos para que, pero a consignación son 45.000 euros, e aquí todos os concellos, sexan da forza política que sexan, afortunadamente saben que diñeiro van recibir a estas alturas do mes de novembro. Na Xunta de Galicia óptase por outro modelo que tamén son plans, e o Sr. Hernández ten discutido comigo en debates públicos, o último na Radio Galega onde dicía que os investimentos da Xunta obedecen a planificación estrutural das diferentes consellerías, eu comprendo o criterio, o que pasa é que cando unha administración pública encarga un plan de infraestruturas, ou elabora un plan de infraestruturas pasan cousas estrañas, por exemplo, o Plan de infraestruturas rurais 18-19, 2,7 millóns de euros e dos 65 concellos que tiveron subvención, 56 deles eran do Partido Popular. O Plan Urbe, de 63 concellos beneficiados o 93% do Partido Popular, e o Plan de infraestruturas e equipamentos, para 75 concellos, 59 do PP. Efectivamente, poden obedecer a unha planificación, pero o reparto parécenos cando menos pouco equitativo.

(Abandona o salón de Plenos a Sra. García Gómez).

Polo tanto, eu creo que é un plan que se lle pode propoñer a outras administracións, e neste caso eu creo que llo debemos propoñer a outras administracións. Eu creo que ao final, cando ese Plan se empezara a executar por parte doutras administracións, como en Consellerías, organismos e entes públicos dependentes da Xunta, ao final resulta que seguramente a maioría dos concellos, ou case a totalidade dos concellos quedarían máis satisfeitos co reparto global que se tería feito, podémolo probar, esta moción o que pretende é que polo menos se analice

e que se probe, porque eu creo que o que temos aquí está sendo positivo para o global dos concellos, mellorable seguramente, pero algún deputado na intervención do Pleno anterior miña dicía, non todos, ao mellor hai algún que non, eu non digo que non, pero a grande maioría, ou case a totalidade, estarían sobre todo satisfeitos se o comparamos coa realidade actual por parte do reparto de fondos de carácter autonómico.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

A verdade é que non é por repetirme, sigo tremendamente sorprendido, hoxe é un Pleno de sorpresa en sorpresa. É curioso que esta moción a asinen o PSdeG e en certa medida o BNG, que tiveron responsabilidades de goberno na Xunta, supoño que polo menos o PSdeG debería de telas, aínda que asinando este tipo de mocións resulta complicado pensar que poidan acadar esas responsabilidades.

Vou ser algo didáctico, se me permiten, coa mellor das disposicións. O financiamento das administracións locais en España é froito de recursos que xorden da Administración central e tamén da Administración autonómica, pero loxicamente están ligados aos orzamentos xerais do Estado, hai unha participación dos ingresos do Estado en todas as administracións locais e hai fondos condicionados e fondos incondicionados. Os primeiros, os condicionados, van ligados ás planificacións, planificacións que son unha obriga de todas as administracións, aínda levamos camiño do cuarto ano deste mandato, e estamos agardando polo Plan estratéxico de subvencións, tamén estamos agardando por coñecer datos obxectivos ao respecto das razóns dos investimentos en vías provinciais nesta Deputación, non estou falando da Xunta de Galicia, a Xunta de Galicia ten un Plan de estradas, é coñecido, ten un Plan de mantemento, ten un Plan de conservación, é coñecido. Eu a verdade é que cando asisto ás comisións de infraestruturas pregunto aos técnicos e teño que escoitar que son razóns ligadas ao mantemento e ás necesidades, pero se fago, e as teño feito, porque é a miña obriga, a compilación das actuacións en estradas provinciais, resulta sorprendente que casualidade!, a meirande parte das estradas que están con problemas de mantemento, con problemas de sendas, con problemas de seguridade viaria son vías provinciais en concellos do PSdeG e do BNG, eu non cuestiono que iso sexa así, posto que os técnicos afirman que é así, pero a verdade é que gustaríame ver un documento que transparentara esas cuestións.

Volvo repetir, fondos condicionados e fondos incondicionados. Os condicionados van ligados á planificación hidrolóxica, urbanística, de medio rural, de medio natural, a circunstancias concretas tamén, por exemplo, Santiago ten o fondo da capitalidade, supoño que o Sr. Dios votará a favor, entendo, esta moción, non estará de acordo en que a Xunta de Galicia retire a capitalidade porque é un trato discriminatorio para Santiago, supoño que non estará de acordo vostede, concordamos niso.

Polo tanto, o que é importante é saber como distribúe a Xunta de Galicia os fondos incondicionados, e os fondos condicionados, practicamente na súa integridade son o que denominamos como o Fondo de Cooperación Local, e a Comunidade Galega foi pioneira en fixar un modelo de participación das entidades locais nos tributos autonómicos, de xeito que fora estable cunha garantía de mínimos, unha verdadeira participación ligada aos ingresos da Xunta de Galicia, ese é o Fondo

de Cooperación Local da Xunta de Galicia. En definitiva, como consecuencia desa vontade de ligar o Fondo de Cooperación Local aos ingresos da propia facenda autonómica, a Xunta de Galicia, de conformidade coa FEGAMP, ten determinada unha forma equilibrada, equitativa e xeral de distribución dese Fondo de Cooperación Local, pero non soamente a demostración da Xunta de Galicia de compromiso co financiamento das administracións locais foi do xeito que estou a comentar senón que nos anos 2009 ao 2015, tendo en conta que obviamente a diminución de ingresos da Xunta foi un feito real, podería a Xunta de Galicia ter diminuído a achega a través do Fondo de Cooperación Local, pero non fixo iso, incrementou o Fondo de Cooperación Local a pesar de que a Xunta de Galicia diminuíu os ingresos como consecuencia da crise económica. En 2009, para dar datos concretos, a Xunta de Galicia creou o fondo extraordinario dotado cun millón de euros, dirixido a concellos con menos de 5.000 habitantes; no 2010 incorporouse aos orzamentos un fondo extraordinario de apoio aos concellos de máis de 18 millóns de euros, todos eses fondos distribuídos con criterios obxectivos, cun reparto consensuado coa FEGAMP, que eu saiba o actual presidente da FEGAMP, que está de acordo co reparto do Fondo de Cooperación Local, creo que é do Partido Socialista, a verdade é que non sei de que familia, pero é do Partido Socialista. A partir do ano 2011 a Xunta de Galicia estableceu unha nova regulamentación do Fondo na que contempla un mecanismo de garantía coa finalidade de que ningún concello galego vise minorada a súa participación en relación co importe que viña percibindo no ano 2009, e a partir desa data houbo diferentes compromisos orzamentarios adicionais, de tal xeito que no ano 2019 o Fondo de Cooperación local da Xunta de Galicia terá 124,2 millóns de euros, insisto, repartido de forma consensuada en base á Comisión Galega de Cooperación Local.

Polo tanto, creo que o que está claro é que a Xunta de Galicia ten fondos, que aplica as súas planificacións e ten un fondo, que é o Fondo de cooperación local, que distribúe aos concellos con criterios de reparto obxectivo e absolutamente transparente, polo tanto, obviamente, xa adianto que o noso voto da nosa moción vai ser en contra.

Sr. Requeira Varela

Ben, Fondo de Cooperación Local, 313 concellos, 124 millóns de euros, creo, ou 125, subiu a Xunta este ano a asignación de fondos creo que en dez millóns, impresionante. Impresionante cando aquí vimos repartindo cen millóns, ou cerca deles, e os alcaldes do PP fannos motíns na porta e nas escaleiras desta administración, é curiosa a comparación. É curiosa a comparación dunha administración pública que ten 176 millóns de euros, coa Xunta de Galicia que ten miles, é unha cousa moi curiosa que nos compare estas cousas, Sr. Hernández. Vostede que apela ao rigor e a outro tipo de cuestións, a min dáme a sensación de que é incomparable o esforzo desta Administración pública a través do seu plan, co que no está vostede contando.

E despois a realidade orzamentaria é a que é, e non o podemos evitar poñer de manifesto, podémonos poñer colorados, ou pódense vostedes poñer colorados, pero cando estudamos a execución do orzamento da Xunta nos diferentes concellos de Galicia algún concello, en fin, podemos facer balances. Entón claro que temos que reivindicar ese trato transparente porque na transparencia é onde está a nosa

oportunidade, créanme, coa Xunta de Galicia, na transparencia é onde está a nosa oportunidade.

Sr. Fernández Piñeiro

Tirando do argumento que acaba de expoñer o voceiro do BNG, eu xa me esperaba Sr. Hernández que ía ir vostede polo tema do Fondo de Cooperación Local, pero como falaba antes vostede de datos, imos con máis datos.

O orzamento da Xunta de Galicia nove mil douscentos millóns de euros, orzamento da Deputación Provincial da Coruña, cento oitenta e algo. Fondos que destina a Deputación da Coruña para reparto con criterios obxectivos, POS+, no ano 2018, 92 millóns; a Xunta, dun orzamento de 9.200, reparte entre 313 concellos, 124 millóns, e nós repartimos entre 93 concellos, 92 millóns. Penso que os datos son confusos, Sr. Hernández.

En todo caso vostede fala do Fondo de Cooperación Local eludindo do que estamos falando nesta moción, e na moción non se fala do Fondo de Cooperación Local nin se critica o Fondo de Cooperación Local, nin sequera se pon a día de hoxe nesta moción en dúbida os criterios utilizados no Fondo de Cooperación Local. Se precisamente de todas as liñas de subvencións e achegas que a Xunta pon en marcha o Fondo de Cooperación Local é no que menos problemas temos. O problema é, ademais destes 124 millóns que van a través do Fondo de Cooperación Local, como se reparten o resto de fondos, Sr. Hernández, que son bastantes máis dos que hai aquí, esa é a cuestión, e non son con criterios obxectivos.

E despois utilizamos unha fórmula que xa falamos dela no último Pleno que era por orde de chegada, entón imos poñer un exemplo. O día catro de xuño a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, que vostede coñece ben, saca unha convocatoria de subvencións de 4,3 millóns de euros. O prazo para a presentación de solicitudes comeza ao día seguinte, é dicir, ás 0 horas do día 5, é importante destacar que o día 4 era venres e o día 5 era sábado. Resulta que na Resolución da Xunta de Galicia que se publica días máis tarde faise constar o seguinte, este é un documento de Galicia, non o digo eu: "Terceiro: unha vez revisadas as ordenanzas, todas as solicitudes presentadas coa documentación completa, a última solicitude que se puido conceder antes do esgotamento do crédito tivo entrada no Rexistro electrónica da Xunta de Galicia na data do día 5 de maio de 2018 ás cero horas, doce minutos e dezoito segundos". É dicir, un sábado, a madrugada dun venres a un sábado, ás doce da noite, en doce minutos esgótanse 4,3 millóns de euros en axudas. Eu quixera saber, os que estamos aquí todos traballamos en concellos, no meu polo menos os funcionarios non traballan nin os sábado, e moito menos, ás doce da noite. Porque ademais xa non é que puideran ter certo traballo adiantado, é que a convocatoria saíu o día 4, e resulta que en poucas horas temos toda a documentación necesaria para xustificar esta axuda, a min gustaría saber se todos eses concellos do Partido Popular pagaron horas extras ao persoal, porque tiveron que traballar moito, había que ter os proxectos, certificado de Secretaría, ou sexa tiñan que ter como mínimo alí ao secretario, ao interventor, ao tesoureiro, aos técnicos de urbanismo, persoal administrativo, un venres ás doce da noite.

E claro, logo que é o que pasa? que nos encontramos con cousas como o Plan Urbano, todos os concellos menos un do Partido Popular, e como iso podería reproducilo na maioría de convocatorias de subvencións que fai a Xunta de Galicia por orde de chegada, co cal, para alguén que non teña moitas luces, xa non digo para alguén extremadamente intelixente, senón para alguén que teña unhas poucas luces, e sendo nin sequera moi desconfiado, pode pensar que alguén goza dunha información privilexiada fronte aos demais, porque é moita casualidade que un día de madrugada, en doce minutos, se esgoten 4,3 millóns de euros.

E este é un exemplo que poño, Sr. Hernández, dos moitos que podería poñer sobre como reparte a Xunta os seus fondos, e xa non imos falar de incumprimento incluso de convenios, que a min por exemplo no meu Concello pasoume, cambia o goberno e un convenio coa Consellería, por certo tamén de Medio Ambiente, de 400.000 euros para un saneamento na praza do Conde, resulta que presento a documentación e en outubro chamo e dinme "é que non hai diñeiro, xa falaremos". Iso pásanos a moitos, Sr. Hernández.

Entón a pregunta aquí, vostede pode falar do Fondo de Cooperación Local, que está moi ben, pero xa digo, non é do que estamos a falar, do que estamos a falar é de se vostedes comparten que os fondos se repartan con criterios obxectivos si ou non, e só lle pido que me responda a esta pregunta, nada máis. É dicir, a vostede parécelle máis xusto e aos membros do Partido Popular que están aquí sentados, que os fondos se repartan por orde de chegada sen ter en conta se son máis urxentes ou menos urxentes para un concello, se afectan a máis ou menos poboación, se ese concello ten máis ou menos recursos para poder levalos a cabo, se os habitantes dese concello pagan máis ou menos impostos, por exemplo hai concellos que non cobran a rede de abastecemento nin a de saneamento, o imposto, e outros si, pero dá igual, aquí ao primeiro que chegue, colle a carteira e corre. Esa é a cuestión, Sr. Hernández, vostedes comparten que os fondos se repartan con criterios obxectivos, si ou non? Ou parécelles máis xusto que os veciños e veciñas dos concellos poidan ter máis ou menos investimentos, gozar de máis ou menos infraestruturas pola celeridade na que o seu concello presenta unha solicitude de subvención?

E despois, do resto, xa o dixen antes, hai un refrán que dicía, "Ti toca o que queiras que eu bailo o que sexa", e é un pouco o que acabamos de escoitar aquí, falamos de criterio obxectivo no reparto de fondos e nos sae precisamente cunha das poucas, senón a única, na que a Xunta o fai máis ou menos con ese criterio, pero non falamos diso, falamos de todo o demais, 9.200 millóns de presuposto, 124 con Fondo de Cooperación, o meu concello, sen ir máis lonxe, recibimos 240.000 euros ao ano a través dese fondo, e entre o Plan único, que inclúe POS, PAS e PAI máis os plans complementarios ao redor duns 700.000. Nada máis, moitas grazas.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Moi brevemente, a Xunta de Galicia ten 9.000 millóns de euros para sanidade, para educación, algo para infraestruturas, ten decenas de liñas de axudas con diferentes criterios, algúns por orde de chegada, outras en concorrencia competitiva, ten o Fondo de Cooperación Local e ten planificacións feitas, vostedes están no goberno e, volvo a repetir, estamos agardando polas súas planificacións que permitan facer investimentos. Vostedes facían moitas preguntas, eu vou facerlle simplemente

unha pregunta a vostede, creo que é alcalde de Pontedeume, creo que ten vostede un investimento de Augas de Galicia de 4,2 millóns de euros en colaboración co Concello de Cabanas, é unha actuación financiada pola Xunta de Galicia en función do planeamento e do financiamento necesario para sanear as rías galegas, e o financiamento é como consecuencia dun compromiso da Unión Europea, dígoos para ser absolutamente rigoroso, financiará o 75 ou 80% os fondos europeos, vostede recibe 4,2 millóns de euros e o cofinanciamento é achegado pola Xunta de Galicia, o cofinanciamento da Xunta de Galicia é con fondos propios que xorden da recadación do canon de saneamento que vostede pretende cambiar o modelo, ben, pois explique vostede aos seus veciños se vostede estaría de acordo neses 400.000 euros aproximadamente, estou facendo números de memoria, que corresponden a financiamento de fondos propios, que se dedican ao Concello de Pontedeume, que xorden da recadación do canon de saneamento de todos os galegos, se está vostede de acordo ou non está de acordo, en que iso sexa financiado pola Xunta de Galicia. Eu, que pago o canon de saneamento en Santiago, estou de acordo en que o meu canon de saneamento sirva para cofinanciar a súa obra, porque o medio afecta a todo o mundo e, polo tanto, esa é a forma de actuar dunha administración seria, dunha administración que planifica e dunha administración que reparte os criterios, os cartos e os orzamentos con criterios de país, e polo tanto, supoño que vostede está contento con ese financiamento, se tivera que atopar fondos no Concello para cofinanciar a obra, igual pediría outra cousa.

Sr. Fernández Piñeiro

É vostede bastante previsible, de feito comentaba antes do Pleno con alguén que me ía sacar este tema, fíxese.

Primeiro, non son 4,5 millóns, é máis, eran 4,2 máis 1,5, fíxese vostede ata que punto son sincero, 5.700.000. Ese proxecto é un proxecto conxuntamente co meu Concello e outro concello que non vou citar porque parece que teño máis aprecio por el, por iso non o cito, do que poida ter vostede, entón non quero entrar en confrontación, porque á parte teño unha relación excelente, cónstame ademais que iso é tamén pola outra parte. Ese proxecto que vostede fala ten dúas fases, a primeira fase pasa polo meu concello e a segunda polo concello do PP, e sen primeira fase, non hai segunda, Sr. Hernández. Se fora ao revés, xa lle podo dicir, case con total seguridade, non creo que me equivocara moito, ao 99,9%, que non ía cheirar un peso, é máis, tiven que poñer de manifesto que mentres non houbera primeira fase, non había segunda, e ese convenio é segunda fase e sabe por que non había segunda? porque resulta que os dous concellos compartimos unha depuradora que está no meu concello, polo tanto, aínda que a segunda fase, que afectaba a outro concello do Partido Popular, se quixera levar a cabo sen o meu consentimento e aprobación, e o meu, falo do Concello, non o meu persoal, e aprobación do Pleno da Corporación de Pontedeume, non sería posible sacala adiante. Entende agora, Sr. Hernández?, ten moito que ver con aquilo que lle estaba dicindo con anterioridade, porque de feito teño o exemplo doutro convenio de 400.000 euros que só afectaba ao meu Concello, e sabe o que me dixeron?, "ata logo, non hai diñeiro", esa é a realidade da Xunta de Galicia.

Despois fala vostede tamén de que a Xunta de Galicia ten 9.200 millóns de euros pero tamén hai que gastar en sanidade, si, e a Deputación ten 184 e temos que

gastar en igualdade de xénero, en cultura, en deportes, nun montón de cousas, Sr. Hernández, polo tanto, a comparación fágaa como a faga, estamos moi por enriba da Xunta de Galicia en canto ao reparto dos fondos públicos.

Di vostede que o canon da auga, que pagan os veciños, que vostede en Santiago, si, e iso é o mesmo que dicimos na Deputación, e iso é o mesmo que pervertían vostedes co Plan DTC, por exemplo, que era que eu, que son un concello máis grande, por poñer un exemplo, que Irixoa, estou de acordo en que parte dos tributos que paga o meu concello, ou o concello da Coruña, das cidades que sempre se ven minorados, digamos, os investimentos respecto das achegas que fan aos fondos da Deputación, se distribúan entre concellos máis pequenos para garantir que poidan desfrutar de servizos, infraestruturas, etc., etc., como os concellos grandes. Por que non aplicaron ese argumento cando gobernaron aquí e fixeron un Plan precisamente para axudar ás grandes cidades en detrimento dos concellos pequenos e en contradición con iso que me acaba de dicir vostede como veciño de Santiago, que é moi solidario. Pois precisamente a mellor forma de distribuír os fondos, segundo esa solidariedade da que vostede fai gala, como veciño de Santiago, é con criterios obxectivos e evitando que se utilice un criterio político, pola cor política de quen goberna, e sinceramente, dicir o contrario case é rozar o ridículo, Sr. Hernández, porque ao final un pretende defender o indefendible, e dos que estamos aquí, cada un de nós estamos afiliados a un partido político, pero eu entendo que non somos parvos, e hai cuestións do meu partido político que pode facer que eu podo compartir ou que non, e eu hai cuestións que fai o meu partido político que non comparto, e se quere que as enumere aquí non teño ningún inconveniente, vai facer vostede o mesmo? Si que é certo que no seu caso igual debería referirme ao resto de integrantes do Grupo provincial do Partido Popular, porque vostede é certo que foi membro do Goberno da Xunta de Galicia, foi conselleiro de Política Territorial e Medio Ambiente e repartía os fondos desta forma que estamos a denunciar. Entón igual si que a vostede lle custa, pódelle xerar certo problema defender esta postura, pero entendo que aos demais non, porque a fin de contas moitos deles son alcaldes igual ca min.

Entón, vólvolle a preguntar novamente, Sr. Hernández, contestoume vostede coma un galego, con outra pregunta, e eu vólvolle contestar con outra: están vostedes de acordo en que os fondos se repartan entre os concellos con criterios obxectivos, non digo cales, obxectivos?, de feito na moción dise que se consensúen coa FEGAMP, que representa a todos os concellos de Galicia. Entón, están vostedes de acordo en que os fondos se repartan con criterios obxectivos, si ou non?, é tan sinxelo como iso. E, por certo, xa lla fixen antes e non me contestou.

Sr. Requeira Varela

Unha parte do que ía dicir xa o dixo Bernardo. Evidentemente, nós do orzamento que aprobamos no Pleno anterior temos que detraer cantidades importantes para Vías e Obras, para o mantemento orgánico desta administración, curiosamente, fíxese vostede, que nos acusa continuamente para poñernos de perfil, para pagar competencias políticas da administración autonómica que seguen sendo residentes nos orzamentos desta administración: conservatorios de grao medio, escolas, residencias, algún patrimonio que debería tamén pertencer á propia Xunta, todo iso pagámolo detraendo ese diñeiro aos concellos, á parte do gasto corrente

habitual dunha administración pública que se leva un montante importante do orzamento da Deputación provincial.

Pero fíxese vostede, vostede sempre apela a iso que chama planificación de recursos. A Xunta de Galicia vai aprobar, ou está en pleno debate das súas, conta para 2019. Eu atrévome a dicir a que os concellos que non estamos de acordo con esa planificación e que presentamos alegacións ao orzamento, vainos pasar unha apisoadora por enriba dicindo que non temos razón, xa verá vostede as alegacións que presentamos nalgunha comarca, nalgún concello, canto de debate democrático teñen e cantas son atendidas, e coidado, fíxese vostede se están planificadas que levamos reclamando algunha delas quince anos, e seguen sen entrar dentro da planificación da Xunta, curiosamente. Algúns planifican do día para a mañá e son atendidas inmediatamente. Eu insisto, ser transparente está ben, ter un criterio tamén de forza política, eu non o vou discutir, está ben, só faltaría, senón isto funcionaría en automático e non creo que sexa bo, pero que a maior parte dos recursos poidamos coñecer a que están destinados e por que están destinados, e que haxa un reparto, polo menos equilibrado e equitativo, e que coñezamos cales son os criterios, pois iso sería fantástico, e iso é o que ten esta Administración pública que non ten o modelo que vostede defende.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (7 do PSOE, 5 do BNG, 3 de Marea Atlántica, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: 12 deputados (PP)

Abstéñense: 1 deputada (PP - por ausentarse unha vez iniciada a deliberación do asunto e non estar presente no momento da votación, art. 74.1 do Regulamento Orgánico)

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños e o voto en contra do PP, aproba a seguinte moción:

"MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA E O GRUPO PROVINCIAL DO BNG-ASEMBLEAS ABERTAS SOBRE A POLÍTICA DO GOBERNO GALEGO EN RELACIÓN CO FINANCIAMENTO DAS ENTIDADES LOCAIS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os concellos somos a administración máis próxima á cidadanía, estando en contacto directo coa veciñanza, a administración cun menor endebedamento e tamén asumimos competencias impropias, que deberían asumir outras administracións.

Cada concello ten as súas circunstancias e prioridades, e deberíamos contar cun financiamento axeitado, onde se permita aos concellos decidir en que se invisten os fondos, e non depender dun reparto de fondos discrecional. O Plan Único, creado en 2017 polo Goberno da Deputación Provincial da Coruña, unifica os antigos plans de investimentos da Deputación da Coruña (POS, PAS e PAI) e 11 liñas de subvencións nunha única convocatoria anual, permitindo aos concellos non só unha mellor

planificación, senón maior axilidade na tramitación, máis autonomía local para decidir en que invisten os fondos provinciais e máis transparencia na asignación de recursos, xa que os fondos do POS se distribuen con base en criterios obxectivos como a poboación, superficie, número de parroquias e esforzo fiscal do concello.

O Plan Único da Deputación Provincial é un plan vivo e dinámico, que medra ao longo do exercicio e que nos tres anos que leva en funcionamento supera en 144 millóns de euros o investimento dos plans do anterior goberno durante 2012, 2013 e 2014.

O programa demostrou ser un instrumento útil para que os concellos afronten as súas necesidades concretas e mellorou e simplificou as relacións entre os concellos e a Deputación Provincial da Coruña.

Este sistema debe ser o camiño tamén para outras administracións públicas, xa que ofrece total transparencia na asignación de fondos e permite total autonomía municipal para decidir en que investir en cada concello.

Os grupos propoñentes queremos reclamar á Xunta de Galicia transparencia no reparto de axudas e, en definitiva, que muden as formas de actuar por un modelo propio do século XXI, onde non procede o escurantismo.

A Xunta de Galicia repartiu “a dedo” e con criterios subxectivos un total de 22,5 millóns de euros en catro plans de infraestruturas e equipamentos durante os últimos dous anos.

Débense cambiar as políticas da Xunta de Galicia e ter que deixar de mendigar axudas. O que propoñemos é que os fondos para os concellos se repartan de xeito obxectivo como se fai dende hai anos na Deputación Provincial da Coruña.

Polo anteriormente exposto, esta Corporación da Deputación da Coruña insta ao Goberno galego a:

1º) Regular, mediante unha lei autonómica consensuada coa Fegamp, o financiamento dos concellos galegos.

2º) Estabelecer as partidas non finalistas dentro do capítulo de transferencias totais da Xunta de Galicia con destino ás entidades locais, así como de determinadas subvencións que os concellos perciben anualmente de xeito recorrente coa conseguinte modificación da porcentaxe de participación, coa finalidade de integralas no Fondo de Cooperación Local.

3º) Crear un fondo específico anual formado polas transferencias non executadas no orzamento de Xunta de Galicia con destino ás entidades locais.

4º) Estabelecer neste exercicio 2018 os criterios que rexan o reparto das subvencións da Comunidade Autónoma a favor das entidades locais, obxectivos e consensuados coa Fegamp, e que garantan a igualdade de acceso para todas elas cunha convocatoria pública á que concorreran todos os concellos en igualdade de oportunidades.

5º) Estabelecer un acordo para que o Canon da Auga se reparta con criterios en igualdade de reparto, onde as entidades locais poidan recibir en investimentos o 50% das recadacións que se leven a cabo en cada concello, abrindo unha convocatoria por concorrencia competitiva."

IV.MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA EN RELACIÓN COAS CENTRAIS TÉRMICAS DAS PONTES E CERCEDA.

Mediante a Directiva 2010/75/UE sobre emisións industriais (DEI) refúndense a Directiva de prevención e control integrado da contaminación (IPPC) e seis directivas sectoriais nunha única nova directiva sobre emisións industriais que reforzan a aplicación das mellores técnicas dispoñibles (MTD) na Unión, en especial mediante a restrición da diverxencia das MTD a casos concretos e unha maior énfase na xustificación das condicións establecidas nos permisos.

Os elementos clave da Directiva de emisións industriais (DEI) son:

-Concreta máis o concepto de mellores técnicas dispoñibles, así como o papel dos documentos BREF (documentos de referencia europeos sobre as mellores técnicas dispoñibles).

-Fai máis estritos os actuais valores límite de emisións europeos.

-Introduce requisitos mínimos relativos á inspección e revisión das condicións do permiso e os informes de cumprimento.

-Proporciona incentivos para a innovación ecolóxica e apoia a creación de mercados de vangarda.

-Amplía o ámbito de aplicación da Directiva de prevención e control integrado da contaminación (IPPC) para cubrir instalacións adicionais e concrétao máis en relación con determinados sectores.

-Dispón normas relativas á protección do solo e as augas subterráneas...

A DEI establece no seu artigo 32 que os Estados membros poderán elaborar un plan nacional transitorio, aplicable durante o período que vai desde o 1 de xaneiro de 2016 ao 30 de xuño de 2020, que abarque as instalacións de combustión que obteñan o primeiro permiso antes do 27 de novembro de 2002 ou cuxos titulares realizaran unha solicitude completa dun permiso antes desta data.

Pois ben, á vista diso o Consello de Ministros do Goberno de España aprobou o 25 de novembro de 2016 o Plan nacional transitorio (PNT) de España, no que están integradas, entre outras, as centrais térmicas das Pontes e de Meirama.

O PNT recolle as medidas previstas para aplicar en cada unha das instalacións incluídas neste plan para garantir que estas cumpran, como máis tarde o 1 de xullo de 2020, cos “valores límite de emisión” (VLE) contidos no anexo V da Directiva 2010/75/UE.

É preciso sinalar que as medidas que se citan responden á comunicación realizada inicialmente por cada empresa para reducir as emisións das súas instalacións. Con todo, estas medidas poden verse modificadas, substituídas ou eliminadas, en función de diversas circunstancias, como poden ser, entre outras, as seguintes:

-Os resultados do grupo de traballo técnico de elaboración da revisión do documento actual de referencia das “mellores técnicas dispoñibles” (MTD) nas grandes instalacións de combustión.

-Os novos desenvolvementos tecnolóxicos para a redución de emisións contaminantes.

-A evolución dos mercados e dos prezos enerxéticos e tecnolóxicos.

-A evolución dos prezos do CO2 e dos combustibles.

-A fiscalidade enerxética e os sistemas de incentivos económicos...

O proceso que describimos non é, por tanto, novo nin descoñecido para os gobernos e administracións competentes, nin tampouco para as empresas titulares das centrais térmicas das Pontes (ENDESA) e de Meirama (NATURGY, antes Gas Natural-UF). Tan é así que ENDESA xa anunciou e iniciou un investimento de 217 millóns de euros para realizar as adaptacións construtivas e tecnolóxicas precisas para cumprir cos requirimentos da Directiva de emisións industriais, e poder así continuar coa súa actividade de xeración como mínimo ata o ano 2045.

Cuestión diferente é a situación da central de Meirama: na súa visita a Galicia o 17 de marzo de 2015, don Salvador Gabarró, presidente naquel momento de Gas Natural Fenosa, acompañado polo señor Núñez Feijoo, presidente da Xunta de Galicia, afirmou que Gas Natural Fenosa (hoxe NATURGY) reformaría a central de carbón de Meirama “para seguir producindo”, algo que non se cumpriu e respecto do que non coñecemos ningún reproche da Xunta de Galicia.

Por todo iso, o Grupo Provincial Socialista proponlle ao Pleno da Corporación Provincial a adopción dos seguintes

ACORDOS

1º) Manifestar o seu rexeitamento ao peche das centrais térmicas das Pontes e de Meirama .

1º) Demandar da empresa NATURGY que realice na central térmica de Meirama (Cerceda) os investimentos que sexan precisos para adaptarse aos requirimentos da DEI e lexislación de desenvolvemento, e que permitan a continuidade da explotación desta central como mínimo ata o ano 2045.

2º) Demandar da Xunta de Galicia e do Goberno do Estado todo o apoio que sexa preciso para que as centrais térmicas das Pontes e de Cerceda continúen coa súa actividade de xeración eléctrica como mínimo ata o ano 2045, incluíndo as axudas económicas que teñan encaixe no artigo 107 do TFUE

Vótase a urxencia da moción:

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados (7 do PSOE, 5 do BNG, 3 de Marea Atlántica e 1 de Compostela Aberta)

Votan en contra: 12 deputados (PP)

Abstéñense: 1 deputado (Alternativa dos Veciños)

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Eu entendo que o debate está dado aínda que me gustaría saber se o Sr. Fernández vai eliminar ese parágrafo, se é posible. Digo o parágrafo que di: "...Cuestión diferente é a situación da central de Meirama, na súa visita o 17 de marzo de 2015, non coñecemos ningún reproche da Xunta de Galicia", vaise eliminar ese parágrafo.

Sr. Fernández Piñeiro

Se se elimina votan a favor?

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Eu pregunto se o vai eliminar

Sr. Fernández Piñeiro

E eu pregúntolle se a vai votar a favor.

Imos ver, eu fixen unha proposta para que vostede poña o foco na moción e se o impedimento para aprobala nese parágrafo, eliminamos o parágrafo e se vota a favor, se non a vai votar a favor, non elimino o parágrafo, é moi sinxelo, truco ou trato, Sr. Hernández.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Eu fixen unha pregunta

Sr. Fernández Piñeiro

E eu acábolle de responder

Sr. Requeira Varela

Os que somos de twitter sempre reservamos un chío para a segunda oportunidade, entón eu entendo que esta moción se aprobamos a urxencia, ímola debater, porque a min quedáronme cousas no tinteiro evidentemente, imos votar tamén a favor, imos votar a favor e tamén imos emitir o mesmo voto crítico que na anterior oportunidade.

Pero miren vostedes, despois de escoitar o debate entre PP e PSOE un tamén lle gusta ás veces desmarcarse da política do socio de goberno, para que se vexa que somos colegas, participamos no 99% das alternativas que presentamos aquí, pero tamén hai cousas que nos permitimos discrepar, e iso está moi ben porque o noso socio de goberno tamén nos permite esa discrepancia.

Miren vostedes, escoitándoos dá a sensación de que en política estamos para sufrir a realidade, e a cidadanía se nos vota, ou se ten algún sentido a democracia é estar aquí para cambiala, para mudar a realidade e para mudar os marcos se é necesario, dáme a sensación de estar vivindo tamén o debate de Alcoa e outros debates semellantes. Aquí non nos podemos escudar no marco legal cando somos forzas de goberno do Estado, cada un dentro das súas competencias. Entón, evidentemente, hai unha preocupación ambiental que temos que ir empezando a solucionar, e unha preocupación urxente agora mesmo, que é o que realmente fai que nos decidamos para votar si tamén a esta moción e, polo tanto, ese debate queda por dar.

Eu non vou repetir os argumentos da ausencia de Galicia no Plan da minería, etc., etc., vou evitar ir por aí, pero fíxense vostedes, eu tamén non quixen profundar nalgún tema que é interesante que se diga aquí porque ás veces as feridas doen ou sangran. Cando eu falaba de que durante todo este tempo non se fixo nada para ter un modelo enerxético de país, eu recordo que unha persoa, un político, un conselleiro dese bipartito terrible que sufriu este país, foi criminalizado, acusado e levado ante os tribunais por ter un proxecto alternativo e verde á xeración de enerxía, chamábase Fernando Blanco. Acaba de ser absolto polos tribunais un lote de anos despois de terlle esnaquizado a súa vida persoal e política, e a Xunta de Galicia segue pagando a anulación dese plan, que era legal, e que o Partido Popular insistiu unha e outra vez que era ilegal, e iso tamén toca falar cando falemos de enerxía.

Imos votar a favor.

Sr. Presidente

Votamos a moción, a ratificación xa está aprobada, votamos o acordo.

Sr. Fernández Piñeiro

A min sinceramente paréceme pouco serio, é dicir, estamos xogando ao gato e ao rato, a cuestión é a pregunta ao Partido Popular, se retirades ese parágrafo, votan vostedes a favor ou non? É que non hai que darlle tanta volta e tanto escurantismo, que si ou que non, por favor, é un tema suficientemente serio como para votar, e deixarse destas cousas que non achegan absolutamente nada, Sr. Hernández.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Presidente, serio, con todos os respectos, sería se o mércores temos presentado unha moción e hai intención de emendala, emendala de acordo co Regulamento, con todos os respectos para o presidente e para a Mesa, urxente...

Sr. Presidente

Retira en calquera caso o parágrafo, queda retirada a referencia á Xunta de Galicia, hai que especificar o que se retira.

Sr. Secretario

Aproveito para dicir que a declaración de urxencia faina a cámara, non o secretario, maioría absoluta ademais.

Sr. Requeira Varela

Non sei se ao PSOE lle interesa máis o consenso, o voto favorable do PP ou o noso. Eu creo que a Xunta non se pode poñer de perfil neste tema.

Sr. presidente

Queda así o texto presentado e punto. Procedemos á votación.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (7 do PSOE, 5 do BNG, 3 de Marea Atlántica, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 12 deputados (PP)

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, aproba a seguinte moción:

" MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA EN RELACIÓN COAS CENTRAIS TÉRMICAS DAS PONTES E CERCEDA.

Mediante a Directiva 2010/75/UE sobre emisións industriais (DEI) refúndense a Directiva de prevención e control integrado da contaminación (IPPC) e seis directivas sectoriais nunha única nova directiva sobre emisións industriais que reforzan a aplicación das mellores técnicas dispoñibles (MTD) na Unión, en especial mediante a restrición da diverxencia das MTD a casos concretos e unha maior énfase na xustificación das condicións establecidas nos permisos.

Os elementos clave da Directiva de emisións industriais (DEI) son:

-Concreta máis o concepto de mellores técnicas dispoñibles, así como o papel dos documentos BREF (documentos de referencia europeos sobre as mellores técnicas dispoñibles).

-Fai máis estritos os actuais valores límite de emisións europeos.

-Introduce requisitos mínimos relativos á inspección e revisión das condicións do permiso e os informes de cumprimento.

-Proporciona incentivos para a innovación ecolóxica e apoia a creación de mercados de vangarda.

-Amplía o ámbito de aplicación da Directiva de prevención e control integrado da contaminación (IPPC) para cubrir instalacións adicionais e concretao máis en relación con determinados sectores.

-Dispón normas relativas á protección do solo e as augas subterráneas...

A DEI establece no seu artigo 32 que os Estados membros poderán elaborar un plan nacional transitorio, aplicable durante o período que vai desde o 1 de xaneiro de 2016 ao 30 de xuño de 2020, que abarque as instalacións de combustión que obteñan o primeiro permiso antes do 27 de novembro de 2002 ou cuxos titulares realizaran unha solicitude completa dun permiso antes desta data.

Pois ben, á vista diso o Consello de Ministros do Goberno de España aprobou o 25 de novembro de 2016 o Plan nacional transitorio (PNT) de España, no que están integradas, entre outras, as centrais térmicas das Pontes e de Meirama.

O PNT recolle as medidas previstas para aplicar en cada unha das instalacións incluídas neste plan para garantir que estas cumpran, como máis tarde o 1 de xullo de 2020, cos “valores límite de emisión” (VLE) contidos no anexo V da Directiva 2010/75/UE.

É preciso sinalar que as medidas que se citan responden á comunicación realizada inicialmente por cada empresa para reducir as emisións das súas instalacións. Con todo, estas medidas poden verse modificadas, substituídas ou eliminadas, en función de diversas circunstancias, como poden ser, entre outras, as seguintes:

-Os resultados do grupo de traballo técnico de elaboración da revisión do documento actual de referencia das “mellores técnicas dispoñibles” (MTD) nas grandes instalacións de combustión.

-Os novos desenvolvementos tecnolóxicos para a redución de emisións contaminantes.

-A evolución dos mercados e dos prezos enerxéticos e tecnolóxicos.

-A evolución dos prezos do CO₂ e dos combustibles.

-A fiscalidade enerxética e os sistemas de incentivos económicos...

O proceso que describimos non é, por tanto, novo nin descoñecido para os gobernos e administracións competentes, nin tampouco para as empresas titulares das centrais térmicas das Pontes (ENDESA) e de Meirama (NATURGY, antes Gas Natural-UF). Tan é así que ENDESA xa anunciou e iniciou un investimento de 217 millóns de euros para realizar as adaptacións construtivas e tecnolóxicas precisas para cumprir cos requirimentos da Directiva de emisións industriais, e poder así continuar coa súa actividade de xeración como mínimo ata o ano 2045.

Cuestión diferente é a situación da central de Meirama: na súa visita a Galicia o 17 de marzo de 2015, don Salvador Gabarró, presidente naquel momento de Gas Natural Fenosa, acompañado polo señor Núñez Feijoo, presidente da Xunta de Galicia, afirmou que Gas Natural Fenosa (hoxe NATURGY) reformaría a central de carbón de Meirama "para seguir producindo", algo que non se cumpriu e respecto do que non coñecemos ningún reproche da Xunta de Galicia.

Por todo iso, o Grupo Provincial Socialista proponlle ao Pleno da Corporación Provincial a adopción dos seguintes

ACORDOS

1º) Manifestar o seu rexeitamento ao peche das centrais térmicas das Pontes e de Meirama .

1º) Demandar da empresa NATURGY que realice na central térmica de Meirama (Cerceda) os investimentos que sexan precisos para adaptarse aos requirimentos da DEI e lexislación de desenvolvemento, e que permitan a continuidade da explotación desta central como mínimo ata o ano 2045.

2º) Demandar da Xunta de Galicia e do Goberno do Estado todo o apoio que sexa preciso para que as centrais térmicas das Pontes e de Cerceda continúen coa súa actividade de xeración eléctrica como mínimo ata o ano 2045, incluíndo as axudas económicas que teñan encaixe no artigo 107 do TFUE."

ROGOS E PREGUNTAS

Sra. Fraga Sáenz

Preguntábase acerca do estado do convenio de canguraxe que no ano 2018 despois de remitirse e asinarse a documentación recibimos o 7 de novembro un texto da Deputación dicindo que "Logo de examinar o seu proxecto para unha posible solicitude de subvención, informámolo de que o investimento para o que solicitan axuda provincial non pode ser atendida xa que non existe dispoñibilidade orzamentaria para o exercicio 2018". Non temos constancia nin de chamadas, nin de escritos advertindo destas circunstancias, nin ás xefaturas da concellería, nin ao Centro de información ás mulleres, responsable de levar a cabo este programa, un programa que ademais atende, e por iso levamos anos recibindo esa axuda da Deputación, que atende aproximadamente, aproximadamente ata o mes de outubro, temos rexistradas 61 familias de concellos limítrofes ao Concello da Coruña e preto

de cen nenos e nenas, que fan uso dese servizo de canguraxe. Nós por terceiro ano consecutivo desde que estamos aquí vemos que dous proxectos relacionados coa área de igualdade, tanto este de canguraxe, como a rede de acollida, pola que por certo reciben un premio de boas prácticas como Deputación por apoiarnos, pero que nunca acaban de incluír nos orzamentos ordinariamente, e temos que negociar a última hora in extremis como fixemos no último Pleno de aprobación de orzamentos, dez minutos antes, eses convenios que consideramos que son, que ademais sempre loamos, e sempre dicimos que a Deputación, por exemplo no caso da rede de acollida, achega bastantes máis fondos que a propia Xunta de Galicia a quen pertence esa rede de acollida. Entón, si que queríamos saber por que non se inclúen nos orzamentos, como debe ser, e como nos quedamos no ano 2018 sen el.

Aproveitar tamén para falar de que se dixo aquí na aprobación no Pleno de orzamentos, todas esas apostas en políticas de igualdade, consideramos que isto é parte desas políticas que se implementaran, e aí Valentín, vouche dar tamén un toque de atención, sobre todo parafraseando, hoxe que dicías que as formas son importantes na vida e tamén na política, que cando se aproban os orzamentos e se redactan poden ser valentes sen necesidade de facelos con un par de pelotas e neste caso pedimos que haxa ese compromiso coas áreas de igualdade dos concellos, nestes caso co noso, que colabora cos concellos lindeiros e coa Deputación da Coruña nos dous proxectos solicitados.

Sra. Fanco Pouso

Moitas grazas, Sr. Presidente, por darme a oportunidade de contestarlle a dona Rocío, o que non podo contestarlle nas comisións informativas da área de benestar social porque é bastante asidua a falta de asistencia.

Quérolle recordar que María Pita queda posiblemente máis cerca que calquera outro dos 93 concellos, para tomarse a molestia desta pregunta tela feito na propia Comisión, mais non o digo eu, aquí hai compañeiros de Corporación e compañeiras que o saben perfectamente a falta de asistencia ás nosas comisións, será que a relevancia só en momentos puntuais, ao que atende á nosa área, claro, a isto me refiro.

Eu quería dicir algo que vostede ten constancia perfectamente posto que, ou se non a ten, debería de tela, que a canguraxe no ano 2017 ía un convenio na relación de nominativas dese ano, no ano 2018 non foi nin no orzamento inicial, nin o pediron vostede, nin ningún modificativo de crédito tampouco, ou sexa, non o pediron en todo o ano 2018. Consta unha solicitude rexistrada na Deputación da Coruña, no Servizo de Benestar Social, e que entrou o 5 de novembro de 2018, ou sexa, hai exactamente uns días, estamos a día 30. A todo isto, no intermedio houbo outra Comisión informativa tamén, que quede claro, pero a maiores houbo un Pleno, que foi o Pleno de orzamentos, quero pensar que para o 19 pedirán este convenio, que é tan importante precisamente para esas 61 familias.

Tamén me estraña que a día 30 de novembro vostede non saiba que vostede solicitaron o día 5 de novembro e o 7 de novembro tiñan vostedes a contestación no que corresponde a nosa área no seu concello. E como dato do seu absoluto caos, no ano 2017 quérolle recordar, non vou garantir, creo que foi no ano 2017, senón no

2018, na propia Comisión Informativa, cun reparo de Intervención, sentamos na Comisión informativa todos o resto das forzas políticas e tivemos que alzar a man para levantar un reparo precisamente para darlle unha subvención ao Concello da Coruña. Todas as forzas políticas levantamos a man menos vostedes que non estaban presentes na Comisión.

Sabe vostede que para nós é moi importante atender o benestar social das persoas, mais o que si sabe é que cando vostedes solicitaron todo isto, non podía ser atendida porque xa non existían orzamento do ano 2018 dispoñible para poder facer esta concesión. A min gustaríame saber se tanto, que si é certo, tanto lle importa ao Concello da Coruña o benestar social, primeiro, solicitarlle que veñan vostedes ás comisións, solicitarlle que veñan a axudarnos ás demais forzas políticas a levantar os reparos, e meterlle a mesma présa que lle meteron vostedes a algunhas das solicitudes, e falo por exemplo referencia ás bancadas de Riazor, e fíxose un expediente en tempo récord, cun importe en tempo récord, e tamén lle quero recordar ao PP que tampouco creo que lera todas as páxinas, e en tempo récord fixemos todo. Eu só lle pediría a toda esta cámara, ou como queiran vostedes chamarnos, que teñan a ben de vez en cando darlle tamén a benestar social, a igualdade e a educación o lugar que nos merecemos, creo, e iso empeza por dar exemplo para asistir ás comisións informativas, e creo que faltan 30 días para rematar o ano, tempo tiveron que facer esta pregunta as veces que vostede lle fóra preciso e é máis, saben perfectamente que a nosa área sempre colaborou con vostedes para intentar resolver múltiples problemas que tiñan para cobrar incluso as subvencións. Moitas grazas, Sr. Presidente.

Sra. Fraga Sáenz

Non vou entrar nalgunhas das consideracións porque creo que o compromiso debería de partir tamén, pero si en informar que tamén para garantir a asistencia ás veces ás Comisións informativas, é necesario que esas Comisións Informativas algunha vez, e non nunha minoría dos casos, teñan ditames, por exemplo, porque na maioría dos casos non é así, pero ben, garántase o cobro das asistencias de determinadas deputadas e deputados das comisións.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Un rogo, Sr. Presidente, moi brevemente, para que tome nota, se fai o favor, e pode interesarse sobre a execución das obras da estrada provincial Ares-Chanteiro, onde parece ser que existe no Concello de Ares algúns problemas ao respecto dos accesos ás vivendas das propiedades lindeiras, simplemente para que, de existir algún problema, que parece ser que é así, que se resolva loxicamente co cumprimento da normativa correspondente. Moitas grazas.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as catorce horas e corenta e cinco minutos, redáctase a acta e autorízase a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.